

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13**

**SESION ORDINARIA DO 29 DE SETEMBRO DE 2006**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Alonso Vázquez, Xulio  
Arias Moreira, José Carlos  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figueroa Vila, José Manuel  
Garrido González, Alicia  
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge  
Iglesias Carrera, José Manuel  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Porteiro García, María Josefa  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Vieitez Alonso, Henrique

**NON ASISTEN:**

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e corenta e sete minutos do día vintenove de setembro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira (con retraso), Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill (con retraso), Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten o Sr. Guerra Fernández (xustifica a ausencia) e a Sra. Méndez Piñeiro. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (169).-ACTA ANTERIOR (S. ORDINARIA 26.06.06)

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Coello Bufill e Guerra Fernández y a Sra. Méndez Piñeiro).

Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente a sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 26 de xuño de 2006.

2.- (170).-REMISIÓN Á AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO DO INFORME TÉCNICO MUNICIPAL REFERENTE Ó PLAN DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS PORTUARIOS DA ZONA DE SERVIZO DO PORTO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de setembro de 2006 o arquitecto xefe e o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiron o seguinte informe:

**“OBXECTO**

Emítase este Informe sobre os aspectos urbanísticos que atinxen ao *“Plan de utilización de los espacios portuarios de la zona de servicio del Puerto de Vigo”* (PUEP no sucesivo), datado en xullo de 2006, presentado no día 01/09/2006 no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo pola Autoridade Portuaria de Vigo (doc. 60092478), e asinado por D. Luis Lara Rubido (Director do Porto) e D<sup>a</sup> Beatriz Colunga Hidalgo (Xefa de área de Planificación e Infraestructuras). Consta dun único tomo, composto de memoria, planos e tres anexos.

Este informe refírese exclusivamente á incidencia do PUEP en aspectos urbanísticos do termo municipal de Vigo, sen entrar en valoracións de oportunidade. Tampouco profundiza nas cuestións sectoriais sobre as que deberán informar outros servizos municipais (oficinas de *“Medio Ambiente”*, *“Seguridade, Circulación e Transportes”* e *“Vías e Obras”*).

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1º.- O Porto de Vigo carece, no momento actual, de *“Plan de Utilización de Espazos Portuarios”*.

2º.- Mediante Orde Ministerial de 15/04/1992 do entón Ministerio de Obras Públicas aprobouse o "Cuarto Proxecto Reformado da Zona de Servizo do Porto de Vigo", que substitúe aos anteriores de 1989, 1974 e 1968.

3º.- No 16/04/1998 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Ordenación do Porto de Vigo (expte. 4332/411). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP de Pontevedra núm. 103, do 02/06/1998. Mediante senllos acordos plenarios de datas respectivas 21/11/2000 e 06/06/2003 aprobáronse definitivamente dúas modificacións puntuais do mesmo (exptes. 5959/411 e 7953/411, BOP núms. 231, do 01/12/2000 e 127, do 03/07/2003).

O referido Plan Especial foi impugnado por D. José Ramón Rodríguez-Sabugo Fernández e D. Enrique Romasanta Rodríguez, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos respectivos recursos cont.-ad. núms. 2/6032/1998 e 2/6965/1998. En data 30/01/2003 o Tribunal dictou Sentenza no primeiro deles (non firme), estimatoria en parte da Demanda, no senso de declara-la nulidade do disposto no art. 29.2.H do Plan Especial (edificio institucional da Xunta de Galicia na Praza da Estrela). No 30/04/2003 dictouse Sentenza no segundo proceso citado, desestimatoria da Demanda.

A Sentenza anulatoria do Plan Especial do Porto motivouse do seguinte xeito:

*"(...) SEPTIMO: En lo que se refiere al edificio institucional situado en el frente del Muelle del Comercio (artículo 29.2.H. del Plan), destinado a albergar los servicios administrativos de la Xunta de Galicia, es indiscutido que se encuentra en la zona de servicio y pertenece al dominio público portuario, por lo que le afecta directamente lo que establece el artículo 55 de la Ley 27/92. Los términos empleados en sus dos primeros números indican con claridad que el principio general es el de que en las zonas de servicio de los puertos las actividades, instalaciones o construcciones a llevar a cabo tienen que ser acordes con los usos portuarios y con los fines propios de las Autoridades Portuarias, lo que determina que no existan otras excepciones que las legalmente previstas, bien en dicho precepto, bien en el antes examinado artículo 3.6. La interpretación de la Administración demandada y sus coadyuvantes es precisamente la contraria: se puede permitir todo lo que no sea contrario a dichos usos o fines, no los perturbe o perjudique. Y no puede ser compartida porque de lo contrario no tendrían sentido prohibiciones tan generales como las de edificios para residencia o habitación o instalaciones de publicidad, o que los hoteles se autoricen de forma excepcional. Y como no es discutido que el referido edificio institucional trata de atender servicios destinados a la generalidad de los ciudadanos y sin relación específica con la actividad portuaria, su previsión ha de considerarse contraria a derecho, por lo que en este particular sí tiene que ser acogida la pretensión del actor, con la consiguiente estimación parcial de su recurso."*

O demandante e as Administracións demandadas interpuxeron recurso de casación contra dita sentenza perante o Tribunal Supremo (rec. 2507/2003), téndose sinalado para a súa votación e fallo o día 20/09/2006.

4.- En data 09/02/2001 a Autoridade Portuaria de Vigo presentou nesta Administración municipal unha primeira versión do PUEP, datada en xaneiro

de 2001. Nél prevíase, entre outros extremos, a ampliación dos peiraos do Areal, Comercio e Transversal, mediante recheo sobre o mar. No 27/02/2001 os servizos técnicos e xurídicos municipais emitiron Informe ao respecto, do que tomou coñecemento o Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do 01/03/2001, notificándose acto seguido á Autoridade Portuaria de Vigo. No 05/03/2001 emitíuse un novo Informe sobre o PUEP tamén en senso desfavorable, que lle foi remitido á Autoridade Portuaria.

5.- No 07/03/2001 asinouse en Vigo un "Acordo institucional arredor da racionalización dos usos portuarios do porto de Vigo", polo entón Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o Presidente da Autoridade Portuaria e o Alcalde de Vigo. Nél establecéronse os seguintes criterios para a redacción do PUEP:

- 1º *Modificación da zona de servizo do porto de Vigo, con expresa exclusión dos ámbitos de Alcabre-Bouzas e A Lagoa e Riós en Teis, segundo a delimitación contida nos planos elaborados polos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo anexos, o que permitirá executar os proxectos de rexeneración do litoral que se están a xestionar entre o Concello de Vigo e a Dirección Xeral de Costas.*
- 2º *O subámbito de "Casa Mar" deberá figurar co uso previsto especificamente na ordenanza número 9-A do PEP, que é o de Auditorio-Pazo de Congresos, con instalacións complementarias municipais, así como o uso dotacional e hoteleiro (...).*
- 3º *Eliminación total, en texto e planos, da previsión relativa á ampliación do porto deportivo e peirao de cruceiros.*
- 4º *Mantense a previsión recollida no Plan Especial do Porto de Vigo en relación coa ampliación do peirao do Areal, sometida ó previsto no artigo 8 das normas xerais do PEP".*

6.- No 09/03/2001 o Pleno do Concello acordou:

*"Primeiro.- (...) Comunicar á Autoridade Portuaria de Vigo a conformidade deste Concello co Plan de Utilización dos Espacios Portuarios (...) corrixido coa incorporación das determinacións pactadas o día 07.03.01 en acordo suscrito polo Presidente da Autoridade Portuaria, Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Alcalde de Vigo (...). A conformidade do Concello de Vigo co Plan de utilización dos espazos portuarios remitido pola Autoridade Portuaria, está pois condicionada á incorporación exacta e fiel das determinacións pactadas no referido acordo. A tal efecto, incorporadas estas determinacións no texto e planos do Plan de utilización dos espazos portuarios, éste remitirase pola Autoridade Portuaria de Vigo ó Concello para verificación da correcta incorporación das determinacións acordadas.*

*Segundo.- No prazo de tres meses a Autoridade Portuaria cumprirá, por fin, o previsto no PEP entregando o estudo pormenorizado sobre o estado, idoneidade de usos e utilización das concesións, así como dos soares desocupados e infrautilizados no ámbito portuario.*

*Terceiro.- No prazo de tres meses, por fin, cumprirá a Autoridade Portuaria coa obrigatoriedade de entregar dende hai dous anos o estudo da posible conexión ferroviaria coa zona de Bouzas".*

Dito acordo notificóuselle á Autoridade Portuaria de Vigo no día 14/03/2001.

7.- En contra do anterior Acordo, nos días 21/10/2002 e 24/10/2002 a Autoridade Portuaria aprobou o proxecto técnico e o prego de cláusulas para a licitación da obra de ampliación do peirao do Areal (BOE do 24/10/2002).

O Concello de Vigo impugnou ambas resolucións perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso cont.-ad. 1/1186/2002. Mediante Auto do 09/12/2002 (confirmado por outro posterior do 29/01/2003) suspendeuse cautelarmente a execución do proxecto. O proceso atópase aínda pendente de Sentenza.

8.- En data 03/12/2004 reuniuse no Concello de Vigo a "Comisión especial de seguimento das actuacións a realizar no bordo litoral marítimo", con motivo da proposta formulada pola Autoridade Portuaria sobre reordenación e ampliación do recheo de Bouzas. Nesa reunión acordouse constituír unha Comisión técnica mixta para mellor estudo do proxecto, e da tramitación que esixiría a súa aprobación.

No 21/02/2005 constituíuse no Concello de Vigo a mentada Comisión mixta, formada por técnicos da Administración Municipal, Autoridade Portuaria de Vigo, Portos de Galicia e Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Entre outros aspectos, na Comisión examinouse un Informe da Consellería de Medio Ambiente denominado "*Estudo das necesidades futuras de depuración no Concello de Vigo*" no que, tras analizar distintas alternativas, se recomendaba a construción dunha nova depuradora nos terreos portuarios de Bouzas.

No documento de CONCLUSIÓNS da Comisión mixta, de setembro de 2005, redactado polo sr. Xerente de Urbanismo, acadáronse entre outras as seguintes:

"(...) AS DEMANDAS DA CIDADE

**A) INSTALACIÓN DA NOVA DEPURADORA**

*Na sesión da Comisión do Bordo Litoral de 3 de decembro, propúxose por parte dun dos membros da mesma a oportunidade de aproveitar esta actuación para xerar nesta zona outra serie de servizos e infraestruturas, nomeadamente unha nova estación depuradora de augas residuais que na medida do posible debería ir soterrada. Esta proposta concorda co previsto no Plan Xeral que se aprobou inicialmente, a ampliación desta área portuaria a traveso do correspondente recheo, ten que contemplar a construción dunha segunda estación de depuración de augas residuais (EDAR), que complementa e/ou substitúa a actualmente existente no treito final do Lagares.*

*Posteriormente foron presentados polo Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia os estudos previos para a construción da depuradora no recheo de Bouzas situando a mesma nos terreos ocupados polo Consorcio da Zona Franca. A Comisión despois de estudar varias alternativas acordou propoñer a modificación desta localización desprazándoa cara o extremo do crebaondas gañando unha superficie duns 62.000 m<sup>2</sup> en forma de bulbo que sobresaie uns 50 m. da aliñación do peirao. Esta solución presenta varias ventaxas respecto da inicial:*

- *Posibilidade de ter unha accesibilidade independente das superficies portuarias - Maior distancia do núcleo urbano*
- *Formación dunha protección contra a oleaxe e o vento para os buques que operen na nova terminal. Cuestión importante en razón do antes sinalado.*
- *Non interfere na ordenación dos usos na área portuaria.*

Non obstante, esta proposta ha de ser trasladada ós técnicos da Consellería de Medio Ambiente ós efectos de contrastar a súa viabilidade e determinar no seu caso as condicións necesarias para o desenvolvemento desta instalación.

#### **B) INTERVENCIÓN NA ÁREA DE BOUZAS**

A ampliación do peirao de Bouzas para Terminal Principal de contedores, e a conseguinte reordenación dos usos portuarios na mesma, facilita a posibilidade de recuperación para usos cidadán de algunhas superficies portuarias que, xunto con outras actuacións de carácter estrutural no encontro da cidade co porto, que demandan unha serie de accións estruturais na área, como son:

##### **SOTERRAMENTO DO TRAZADO DE AVDA. BEIRAMAR**

O soterramento da Avda. de Beiramar terase que dispor ao longo de todo o seu paso pola fronte de Bouzas, tal e como se determina no plano que se adxunta, de modo que os tráxicos cara o porto ou os de paso cara a ponte deben circular baixo terra e a nivel do chan só poderán circular os tráxicos locais.

##### **RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PARA USOS CIDADANS.**

A reordenación dos usos portuarios e o soterramento da Avda. de Beiramar entre o mercado e a igrexa permiten a recuperación do espazo destinado a estes usos para usos cidadáns, restablecendo por esta beira o contacto da vila de Bouzas co mar, e integrando no espazo público debidamente reurbanizado os edificios do Liceo Marítimo, a Escola de son e imaxe e o Instituto de Investigacións Pesqueiras.

Peonalizar e restrinxir ó uso do tráfico local da superficie é a consecuencia lóxica e necesaria para atenuar-la interferencia co tráfico pesado na Vila de Bouzas.

##### **CONTINUACIÓN DO PASEO DE BOUZAS**

É igualmente necesario que se sega a dar continuidade ao paseo de Bouzas que decorre hoxe pola beira setentrional da praia, para seguir a facelo pola banda oeste da Zona ata chegar á fronte da nova Depuradora, ampliando así a capacidade de disfrute desta dotación por parte da cidadanía, nomeadamente do vecindario de Bouzas.

##### **POSIBILIDADE DE CREACIÓN DUNHA NOVA PRAIA**

A actuación pretendida pola Autoridade Portuaria en Bouzas podería resultar compatible coa creación dunha praia na fronte de ampliación do paseo proposto. Xúlgase que nun primeiro intre esta praia debe ser artificial, isto é, que para a súa formación, de primeiras, ha de ser necesario o aporte de area, pero, dada a forma e localización da actuación, co paso do tempo o amoreamento de áridos puidera ser natural. En calquera caso deberán encargarse os estudos pertinentes de correntes e dinámica de litoral para contrastar a viabilidade da proposta.

#### **C) INTERVENCIÓN NA ÁREA CENTRAL DO BORDO PORTUARIO**

A ampliación da área portuaria de Bouzas e a reordenación conseguinte dos usos portuarios no conxunto do Porto de Vigo permitiría, como xa se ten dito, a recuperación de espazos portuarios para usos cidadáns e a mellora na sempre desexada vinculación dos espazos urbanos coa ría, referíndose entón ó peirao da froita. Por outra banda a execución da prolongación do túnel de Beiramar e o viaduto de conexión coa AP-9 conforman xa un límite

dos espazo funcional do porto. Esta situación, xunto coa oportunidade do traslado das instalacións ferroviarias da estación de clasificación á PLISAN que se está a negociar con RENFE abren unha magnífica oportunidade para a reordenación de toda a fachada urbana do Areal e a consecución dun espazo público que chegue de Isaac Peral ó Berbés.

Sobre esta base determínanse as seguintes actuacións:

#### AMPLIACIÓN DO PEIRAO DE PASAXEIROS.

Na zona portuaria haberá de preverse a ampliación do peirao de pasaxeiros dando resposta a unha das accións estratéxicas da cidade que ven sendo reclamada dende hai tempo, para esta finalidade de atraque de transatlánticos e desenvolvemento das actividades que comporta este tráfico de buques. Pero hai que facer constar que o espigo deberá ter o largo mínimo operativo de xeito que se evite un grande impacto ambiental coa súa ampliación

A dimensión final para a liña de atraque prevista será a suficiente para permiti-lo atraque de tres cruceiros de grandes dimensións, coma os que escalan regularmente en Vigo.

#### AMPLIACIÓN DO PORTO DEPORTIVO

Propónse a ampliación do Porto Deportivo dotándoo de espazo aquelado de varadeiro. Prevese a ampliación dos edificios de servizo necesarios para o funcionamento dun porto deportivo de grandes dimensións.

#### CREACIÓN DUN NOVO PASEO MARÍTIMO.

Hase crear igualmente un novo paseo marítimo en fronte do actual Peirao do Comercio, que dará continuidade ao Paseo de Elduayen extendéndoo, a traveso do parque liñal do Areal ata o nó de Isaac Peral.

Tamén será preciso reorganizar e ampliar a zona deportiva existente sobre a rúa do Areal. A lonxitude resultante do paseo entre o nó de Isaac Peral e a fronte do Berbés sobardará os 2.Km.

#### CREACIÓN DUNHA ÁREA DE INTERMODALIDADE VENCELLADA AO TÚNEL DE BEIRAMAR.

Dentro das pevisións do PXOM contéplase a dotación dunha serie de nodos de intermodalidade de transporte que resultan básicos para potencia-lo transporte público na cidade. Un dos máis sinalados é o que se define neste entorno acollendo o transporte de Ría. Propónse, xa que logo, a creación dunha área de intermodalidade que reúna a Estación de Ría, os aparcamentos de público, e transporte de autobuses urbanos, localizándose alí a terminal de autobuses interurbanos que actualmente se ubica na rúa do Areal.

É preciso perfeccionar a infraestrutura existente mediante a creación dun aparcamento soterrado de servizo do porto deportivo, da estación de ría, que haberá de aportar as prazas de aparcamento necesarias.

Todo elo haberá de resolverse nun proxecto específico que deberá procurar minimiza-lo impacto visual e a mellor integración neste novo espazo cidadán vinculado ó mar. Asemade, as representantes da Autoridade Portuaria plantexan a necesidade de estudar outras ubicacións alternativas para esta área de intermodalidade.

#### REORGANIZACIÓN DA ÁREA FERROVIARIA.

Reorganizarase a área ferroviaria de mercadorías, prevendo o traslado da Estación de clasificación, que se situará na PLISAN. A través dun convenio do Concello de Vigo con RENFE (hoxe co ADIF) que permitirá a materialización dos aproveitamentos urbanísticos que correspondan nunha

*edificación baixa que acolla usos terciarios de ocio e administrativos e que conforme unha fachada urbana para este novo espazo público e oculte o viaduto e as instalación portuarias.*

*Construirase un edificio de servizos ferroviarios que debe centralizar os diversos usos administrativos na fronte de Isaac Peral, eliminando de alí os accesos de vehículos de transporte.*

**CREACIÓN DUN PARQUE LIÑAL NA FRONTE DO AREAL.**

*Multiplícarase o espazo de uso público do Areal coa creación dun parque liñal sobre a zona ferroviaria liberada.*

*Este parque dará continuidade á zona de uso público da Praza de Compostela e rúa de Montero Ríos. (...).*"

9.- No día 19/05/2006 o Pleno municipal acordou aprobar provisionalmente o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (expte. 7266/411). Previamente remitíuselle un exemplar á Autoridade Portuaria de Vigo.

10.- No ano 2006 a Autoridade Portuaria de Vigo iniciou a tramitación de senllos proxectos de obra para a *"ampliación do peirao de trasatlánticos e da dársena deportiva existente nas súas inmediacións"* e para a creación dunha *"terminal de contenedores en Bouzas"*. Este último foi informado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do 03/07/2006 (expte. 4328/306).

No BOE núm. 185, do 04/08/2006 publicouse a convocatoria da Autoridade Portuaria de Vigo dun *"Concurso internacional de ideas para proxecta-la ordenación urbanística e arquitectónica da área central do porto de Vigo"*.

11.- En data 01/09/2006 a Autoridade Portuaria de Vigo presentou no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo un único exemplar do proxecto de PUEP, en soporte papel, datado en xullo de 2006 e asinado por D. Luis Lara Rubido e D<sup>a</sup> Beatriz Colunga Hidalgo. Déuselle traslado dunha copia do mesmo aos grupos municipais e ás oficinas de *"Medio Ambiente"*, *"Seguridade Circulación e Transportes"* e *"Vías e Obras"* para informe.

No día 11/09/2006 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anterior Acordo da Autoridade Portuaria de Vigo do 28/07/2006 de incoación do procedemento de aprobación do PUEP e da apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Plan de Utilización de Espacios Portuarios e Plan Director de Infraestructuras do Porto**

O "Plan de Utilización de Espacios Portuarios" (PUEP) regúlase nos arts. 96 e ss. da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e prestación de servizos nos portos de interese xeral. Ten dous fins esenciais. Por unha banda a delimitación da zona de servizo dos portos de titularidade estatal. Pola outra a ordenación portuaria -non urbanística- da zona de servizo, que incluírá os espazos de terra e de auga necesarios para o desenvolvemento dos usos portuarios, os espazos de reserva para o desenvolvemento da actividade portuaria e os destiñados a outros usos non portuarios. Debe xustificar a *"necesidade ou conveñenza de tales usos, segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de*



*fomento da libre competencia na prestación dos servizos"* (art. 96 Lei 48/2003).

O PUEP é un documento de planificación portuaria e non propiamente un plan urbanístico. Constitúe presuposto previo e imprescindible do posterior "Plan Especial do Porto", que si ostenta natureza urbanística (art. 18 Lei 27/1992, de Portos e S TC 40/1998, do 19 de febreiro, FD 34).

Xunto co PUEP, resulta tamén fundamental e necesario, antes do Plan Especial e dos correspondente proxectos de obras de ampliación do porto, o "Plan Director de Infraestructuras do Porto" (art. 38 da citada Lei 48/2003). Inclúe este último a *"definición das necesidades de desenvolvemento do porto durante un horizonte temporal de, polo menos, 10 anos, a determinación das distintas alternativas de desenvolvemento, a análise de cada unha delas e selección da máis óptima, estudos de impacto ambiental que procedan, previsión de desenvolvemento por fases, valoración e recursos, análise financeira e de rendabilidade, e análise de accesos terrestres"*.

O Porto de Vigo carece aínda de dito "Plan Director de Infraestructuras". En consecuencia, o PUEP que agora se informa resulta insuficiente por si para lexitimar ou amparar as ampliacións e novas infraestructuras portuarias previstas nel, en tanto en canto non se aprobe o referido Plan Director.

## **II. Competencia municipal para a coordinación e articulación dos usos portuarios coas infraestructuras e ordenación urbanística da cidade.**

Formúlase este informe en exercizo das competencias atribuídas á Administración municipal no art. 25 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e art. 80 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sen prexuízo da lexitimación que tamén lle confire a acción pública recoñecida no art. 109 Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (aplicable na materia de portos segundo recoñeceu o Tribunal Supremo na súa Sentenza de 04/04/2005 -rec. 5548/2002, FD 4º-).

O Tribunal Constitucional sinalou na súa Sentenza 40/1998, do 19 de febreiro que *"a competencia sobre portos exténdese á realidade física destes e ás actividades portuarias (STC 77/1984), pero non a cualesquiera outras actividades que poidan desenvolverse no recinto portuario"*. En consecuencia *"a existencia dun porto estatal non supoñe a desaparición doutras competencias sobre o seu espacio físico"*, correspondéndolle ás Administracións autonómica e municipal *"a competencia de ordenación do territorio e urbanismo"*. É dicir, en palabras do TC, *"a actividade consistente na delimitación dos diversos usos a que poida destinarse o solo ou espacio físico territorial"*.

Por outra banda, o art. 3.6 da Lei 27/1992, de Portos, permite que nos espazos portuarios se destinen terreos a usos non estrictamente portuarios. Pero sempre e cando teñan *"carácter complementario da actividade esencial"*, ou no caso dos equipamentos culturais, recreativos e feiriais *"non prexudiquen globalmente ao desenvolvemento das operacións do tráfico portuario"*. O Tribunal Constitucional interpretou dito precepto no FD "32" da citada S. 40/1998 no senso de que *"autoriza a existencia desas actividades e equipamentos no espacio portuario, pero non as impoñe. A posibilidade de que existan ou non, dependerá en definitiva, das*

**determinacións do plan especial do porto, que se tramita e aproba pola administración urbanística competente (...)**". Plan especial do porto, que respecto deses usos non portuarios, deberá gardar coherencia coas determinacións efectuadas ao respecto no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Quere elo dicir, que a implantación efectiva deses usos non estrictamente portuarios na zona de servizo do porto de Vigo precisará da súa previa previsión expresa no Plan Especial do Porto, cuxa aprobación definitiva correspóndelle ao Concello de Vigo.

Por último, resulta incuestionable a competencia das Administracións autonómica e municipal para **articular nos seus instrumentos de ordenación do territorio, ou de ordenación urbanística (especialmente no Plan Xeral), os terreos de borde do porto cos do resto do municipio, así como para afectar determinados espazos portuarios para a execución de infraestructuras esenciais da cidade.** Así o recoñeceu o Tribunal Supremo, entre outras, nas súas sentenzas do 24/12/1990 e 27/09/1988 (RJ 1988\7265, relator: Excmo. Sr. Mariano de Oro-Pulido y López). Nesta última cuestionouse precisamente a posibilidade de afectar no planeamento municipal de Bilbao determinados terreos portuarios ao "*sistema xeral de saneamento/plantas depuradoras*" en contra da vontade da autoridade portuaria. O máximo Tribunal confirmou a competencia da autoridade urbanística para implantar dito sistema xeral nos espazos portuarios.

### **III. Documentación e procedemento de aprobación.**

O procedemento de aprobación do PUEP descríbese no art. 96 Lei 48/2003, na Lei 9/2006, do 28 de abril, de Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e na Directiva comunitaria 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de xuño de 2001.

Nél resulta preceptivo o Informe de tódolos concellos afectados (Vigo, Redondela, Vilaboa, Moaña, Cangas, Salvaterra do Miño e As Neves), ademais dos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia (Administración competente en materia de urbanismo e tráfico de ría), a Dirección General de Costas e a Secretaría General para la Prevención de la Contaminación y el Cambio Climático, ambas integradas no Ministerio de Medio Ambiente.

Sen prexuízo do que se dirá nos seguintes epígrafes deste Informe, incídese en que na documentación do proxecto do PUEP remitido a esta Administración municipal detectáronse as seguintes omisións ou deficiencias formais:

- Non inclúe ningunha referencia ao planeamento urbanístico municipal. O porto non constitúe un espazo independente nin illado do resto da cidade, senón que se relaciona intensamente con ésta. Por tal motivo a distribución dos usos portuarios debe compatibilizarse e articularse coas previsións urbanísticas establecidas nas zonas de contacto, así como coas relativas aos sistemas xerais da cidade, infraestructuras viarias, tráfico e circulación, seguridade, etc. Sorprende en consecuencia a omisión na documentación do PUEP de toda referencia ás determinacións do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993 (PX0U-93) e no proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado provisionalmente no 19/05/2006, remitido no seu día á Autoridade Portuaria

e nos que se efectúan diversas previsións sobre esas zonas de contacto e infraestructuras.

- Tampouco inclúe ningunha referencia sobre os antecedentes do PUEP. En especial sobre as conclusións de setembro de 2005 da Comisión mixta constituída para o estudo da ampliación do peirao de Bouzas, nin sobre os Informes municipais e acordos institucionais do ano 2001, citados na anterior relación de feitos.

- Ningunha mención se efectúa no PUEP sobre outros instrumentos de planificación portuaria preceptivos. En especial o Plan Director de Infraestructuras (de aprobación necesaria antes do inicio das obras de ampliación), e o Plan Estratéxico.

- Non inclúe ningún documento de sostibilidade e impacto ambiental. O Título "III" da citada Lei 9/2006 regula e desenvolve o proceso de avaliación ambiental dos plans e programas promovidos pola Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos. Na p. 87 do PUEP (aptdo 8.1) recoñécese expresamente a obriga de aplicar a referida norma neste procedemento. Elo supoñe, de conformidade co disposto no art. 7.3 da Lei, que o proceso de avaliación ambiental debe efectuarse durante o procedemento de aprobación do PUEP, e dicir, nesta mesma fase. A pesares delo no documento remitido -que debería someterse a consultas por un prazo mínimo de 45 días incluíndo un informe de sostibilidade ambiental (art. 21 Lei 9/2006)- nin indica as actuacións realizadas neste senso, nin menciona a formalización, ou non, dos trámites sinalados nos artigos 17, 18 e 19 da Lei.

- Debería tamén engadirse un anexo ao PUEP sobre o cumprimento do disposto no D. 2414/1961, do 30 de novembro, aprobatorio do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas. En especial sobre os lugares de carga, descarga e almacenamento de mercancías perigosas, así como o preceptuado no art. 4 do referido regulamento, que obriga a localiza-las industrias perigosas a unha distancia mínima de 2.000 m dende o núcleo máis próximo de poboación agrupada.

- Constátase tamén a omisión dun mapa de ruidos, así como da delimitación de servidumes acústicas, tal e como dispoñen os arts. 10 e 18 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruido. Elo a pesares de que se prevén usos potencialmente ruidosos e molestos nas inmediacións de vivendas e zonas residenciais da cidade.

- Resulta conviñente engadir un anexo no PUEP sobre a capacidade da rede de saneamento e depuración de augas residuais do porto para atender os usos previstos no mesmo. Tamén sobre o suministro de auga. Segundo informan os respectivos departamentos municipais, ambos servizos mostran deficiencias importantes no sistema actual do Porto.

- Omítese un estudo de tráfico e circulación, de especial relevancia, considerándose o encravamento de varios dos espazos portuarios sen comunicacións axeitadas por vía terrestre (ad. ex. "A Lagoa"), a necesaria localización da estación de tráfico de ría coordinada co sistema de transporte público urbano e interurbano, así como o incremento da intensidade do uso en varios ámbitos que coas infraestructuras actuais xerarán graves problemas de circulación.

#### **IV. Exame pormenorizado do contido do Plan de Utilización de Espazos Portuarios.**

##### **MEMORIA.**

###### **Cap. 1.- "ALCANCE E CONTIDO".**

Os contidos parten dunha análise, por zonas homoxéneas no porto, das características técnicas das áreas de servizo, da evolución das actividades complementarias, das esixencias externas, políticas de desenvolvemento e necesidades de zonas de reserva, que permitan establecer un "modelo de uso".

Defínense como "usos básicos" aqueles que reflicten a vocación xeral das distintas áreas, e "usos específicos", os pormenorizados. Tamén clasifícanse os usos en "portuarios" e "non portuarios", incluíndose entre os primeiros os comerciais e de intercambio, e nos segundos os equipamentos culturais, recreativos, certámenes e feriais, exposicións e outras actividades comerciais non portuarias.

Finalmente na definición de usos que se efectua no PUEP distínguense os "usos actuais", dos "futuros a curto prazo" e dos "futuros a medio prazo", segundo a programación temporal do propio PUEP.

###### **Cap. 2.- ANTECEDENTES.**

Descríbense os 4 deslindes oficiais do Porto no TM de Vigo, aprobados polas respectivas OM 13.07.68, OM 24.12.74, OM 3.05.89, OM 15.04.92., e a delimitación de zona de augas por OM 23/12/1966. Así mesmo menciónanse as desafectacións levadas a cabo por OM de 29/11/2004 (zonas de Alcabre, La Lagoa e La Guía), 23/07/2004 (Edificio de Casa Mar para Auditorio e Pazo de Congressos), 29/11/2004 (Edificio da Xunta de Galicia), así como o expediente en tramitación do Centro Comercial da Laxe para o Consorcio da Zona Franca (CZF). Tamén se cita a promoción, por parte da Autoridade Portuaria de Vigo (APV), o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFY) e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), dende o ano 2001 da Plataforma Loxística Industrial situada entre os termos municipais de Salvaterra e As Neves. No apartado "2.1.2", denominado "outros documentos de planificación vixente" cítase o Plan Especial de Ordenación do Porto de Vigo actualmente vixente, coas súas modificacións.

Sen embargo omítese toda referencia sobre os Plans Xerais municipais, remitidos tempo atrás á Autoridade Portuaria, como se indicou no FD "III" anterior. Tamén sobre os antecedentes do PUEP. En especial sobre as conclusións de setembro de 2005 da Comisión mixta constituída para o estudo da ampliación do peirao de Bouzas, nin sobre os Informes municipais e acordos institucionais do ano 2001, citados na anterior relación de feitos.

Sobre a compatibilidade do PUEP co Plan Xeral versa este Informe, extremo que se examinará polo miúdo nas liñas seguintes.

###### **Cap. 3.- CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO PORTO DE VIGO.-**

Precísase a situación xeográfica do Porto, na Ría de Vigo, cunha superficie de Auga de 14.000 has (Zona I: 762 has. E Zona II: 13.244 has.) . Pola beira sur limita cos termos municipais de Vigo e Redondela, e polo Norte

con Cangas, Moaña e Vilaboa. No ano 2005 determinouse a adscripción como zona de servizo do porto de Vigo a superficie correspondente á Autoridade Portuaria de Vigo dentro da Plataforma Loxística de Salvaterra-As Neves (2.418.487 m<sup>2</sup>).

Na descrición da zona de servizo actual tivéronse en conta as desafeccións últimas, pero no plano guía nº 1 segue figurando, por error, a zona de Alcabre en cor verde, integrada na zona de servizo, cando realmente foi desafectada.

A análise das infraestruturas existentes no municipio de Vigo efectúase en 7 zonas ou áreas funcionais: Bouzas, Beiramar, Porto Pesqueiro, Zona Central Lúdico Portuaria, Peiraos Comerciais, A Lagoa e Ríos-Teis.

Relaciónanse tamén neste apartado da Memoria as **concesións vixentes** na zona de servizo portuario. **Resulta fundamental que se precise a actividade real á que se adica actualmente cada unha das concesións e o prazo de duración das mesmas**, a fin de poder programar e garantir dun xeito realista a efectiva implantación dos usos portuarios do PUEP dun xeito racional, eficaz e funcional. Neste senso omítese por exemplo a concesión de "Casa Pepe" no peirao de Trasatlánticos, incompatible coas previsións do PUEP, cuxa vixencia foi confirmada recentemente polo Tribunal Supremo na súa Sentenza do 12/07/2006 (casación 2319/2003).

En canto as comunicacións e accesos principais relaciónanse as existentes (estradas, ferroviarias, aéreas e canalizacións), pero sen incluír un estudo técnico dos tráxicos xerados, nin a valoración das redes urbanas colindantes, nin as propostas que en materia de transporte intermodal efectúa o Plan Xeral urbanístico. As propostas que efectúa o PUEP de mellora do acceso dende a A-52 á Plataforma Lóxística de Salvaterra-As Neves, a tubería "Porto-Plataforma Loxística", ou a conexión do acceso sur ferroviario co Porto de Bouzas son exteriores e exceden ao propio ámbito portuario, debendo ser tratados a través de instrumentos de ordenación territorial ou urbanística supramunicipal de competencia autonómica.

#### Cap. 4.- EVOLUCIÓN DO TRÁFICO PORTUARIO.

Na actividade portuaria dos últimos anos constátase unha perda de tráfico de graneles líquidos a partires da construción do oleoducto Coruña-Puxeiros, o estancamento do tráfico de graneles sólidos, o crecemento da mercancía xeral, o descenso de tráxicos locais de mercancías, e o incremento do avituallamento. A pesca fresca descendeu dende o ano 1997 por cuestións entre outras estadísticas, xa que anteriormente contabilizábase conxuntamente coa conxelada ( agora considerada mercancía xeral).

O PUEP efectua unhas previsións de análise de tráxicos co horizonte do ano 2010 (páx. 46) tendo en conta a evolución dos últimos anos. Esa previsión parece moi reducida en relación coas previsións de superficies necesarias que logo o PUEP calcula a curto" e "a medio prazo" ao longo do documento.

#### Cap 5.- NECESIDADES FUTURAS E ACTUACIÓNS PREVISTAS.

O PUEP considera suficiente para os tráxicos marítimos actuais a superficie marítima abrigada e a terrestre coas súas instalacións. Non obstante, e á vista da evolución dos transportes e tecnoloxías, así como as tendencias de

liberalización e mundialización entende necesario incorporar novas superficies, destinadas a almacenaxe, loxística e distribución.

**Neste senso, e malia que se afirme que se consideran “os condicionantes medioambientais” requiridos para manter a sostibilidade da Ría de Vigo (páx. 49, art. 5.1.), o certo é que o Plan de Utilización non contén ningún Estudo de Sostibilidade, nin Estudo estratéxico ambiental, que valore os posibles efectos, impacto ambiental, nin a sostibilidade das propostas que se efectúan.**

Na Actividade Portuaria Comercial, no tocante ao Tráfico Multimodal o PUEP (páx. 50) prevé unha ampliación de 115 x 700 metros (8.050 m<sup>2</sup>) ao Norte da zona portuaria de Bouzas, imprescindible segundo o documento para “*seguir mantendo o liderazgo respecto doutros portos galegos, confirmar a súa representación como peza clave loxística da área metropolitana, aumentando a súa influencia a toda a provincia de Pontevedra e mesmo Sur de Galicia*”.

Como contrapeso a eses efectos da proposta, o PUEP, e sen prexuízo de que debería concretarse e xustificarse no Plan Director de Infraestruturas do Porto, sen embargo, omítese unha mínima valoración dos efectos sobre o medio natural das ampliacións previstas así como doutras alternativas, como un maior traslado de actividades loxísticas á Plataforma de Salvaterra, que poderían facer innecesaria a ampliación sobre o mar.

Na actividade de tráfico de pasaxeiros prevese a ampliación do peirao de pasaxeiros, cunha fronte de 700 metros de lonxitude, e entre 30 e 40 metros de anchura en prolongación do actual peirao de trasatlánticos, e no interior do mesmo, ao seu abrigo unha zona reservada a actividades náutico-deportivas.

Na actividade de “industria-pesqueira” considéranse, en principio, as superficies existentes como suficientes, prevendo, non obstante o PUEP a posibilidade de localizar pequenos pantaláns perpendiculares para conseguir unha maior liña de atraque. A inconcreción sobre o tamaño, número e disposición deses pantaláns fan imposible valorar os efectos dos mesmos.

En xeral sobre as necesidades de ampliación pódese informar que falta a cuantificación obxectiva de necesidades de superficie, a información sobre o estado das concesións actuais e posible optimización das súas superficies, unha valoración de alternativas de localización, e un estudo do control de crecemento sostible e os posibles efectos ambientais e medidas correctoras.

#### Cap. 6.- DELIMITACION DA ZONA DE SERVICIO.

Como criterios para a súa delimitación recoñécese no PUEP a innecesariedade de ampliación de superficie de terra incorporando novos terreos, pero sí a necesidade de finalizar a explanada do dique de Coia, e a ampliación da terminal de transbordadores de Bouzas, xunto coa nova terminal de contedores en Bouzas.

Para a ubicación, reubicación e ampliación de empresas con actividades loxísticas de almacenaxe, distribución, ou procesos industriais ou comerciais relacionados co tráfico portuario incorpórase á zona de

servicio portuario a Plataforma Loxística industrial de Salvaterra-As Neves.

Redúcese a zona de servizo en terreos e tramos de costa innecesarios para o cumprimento dos fins do Porto. Segundo o PUEP (páx. 53) ditas reducións inclúen *“usos urbanos como paseos marítimos y zonas verdes de ocio y esparcimiento”*, con *“escaso interés para el Puerto y no se prevé que e el plazo de duración de esta Plan de Utilización vayan a ser necesarios”*.

Sen embargo, a proposta de redución e desafectación de zonas terrestres do Porto de Vigo sitúanse todas fóra do Termo Municipal de Vigo (tramo de 500 m e 7.300 m<sup>2</sup> en Redondela, tramo de 1.800 m. e 24.710 m<sup>2</sup> en Vilaboa e tramo de 2.630 m. e 63.710 m<sup>2</sup> en Moaña), mentras que no Termo Municipal de Vigo numerosas superficies dentro da zona de servizo portuaria destinadas a usos urbanos, de ocio e esparcemento, comerciais non portuarios, algunhas delas incluso de uso público municipal, se pretenden manter dentro da zona de servizo do Porto. Tampouco se incorporaron as previsións efectuadas nese senso no documento de *“Conclusionés”* da Comisión Mixta constituída para o estudo da reordenación do bordo litoral (antecedente de feito 8).

**Deberá considerarse que o art. 3.6 Lei 27/1992, de portos e o art. 94.1 Lei 48/2003 admiten que no dominio público portuario se implanten usos non estrictamente portuarios, tales como equipamientos culturais, recreativos, feiriais e outras actividades comerciais non portuarias, sempre que non se prexudique o desenvolvemento futuro do porto, nin as operacións de tráfico portuario e se axusten ao establecido no planeamento urbanístico.**

Engade o último precepto citado, que ademais as autoridades portuarias non poderán participar directa nin indirectamente na promoción, explotación ou xestión das instalacións e actividades que se desenvolvan neses espazos, salvo as relativas a equipamentos culturais e exposicións.

**Esa remisión ao planeamento urbanístico e á imposibilidade de promoción de actividades non portuarias, de non ser equipamentos culturais e exposicións, semella pretender impedir que a Autoridade Portuaria suplante ás funcións da Administración urbanística e local. O que deixa de ser Porto pasa a ser cidade. Disto derivase a necesidade de desafectar da zona de servizo do porto eses terreos que se pretenden adicar a usos non portuarios, sen prexuízo de que a Administración estatal manteña a súa titularidade.**

No aptdo. *“6.4.1”* do PUEP, de *“Desafeccións”* non figura, xa que logo, ningunha no termo municipal de Vigo, mantendo unha superficie total de 2.048.854 m<sup>2</sup>. Cando menos debería figurar fóra da zona de servizo o *“Centro Comercial de A Laxe”*, cuxo expediente de desafección se atopa en tramitación.

Ademais resulta tamén razoable e conviñente a desafección da zona de servizo portuario dos terreos de uso municipal en Bouzas (Campo Municipal de fútbol do Rápido de Bouzas, Pavillón Deportivo Municipal, Centro da terceira idade, Escola de Teatro, etc.). A mesma conclusión pódese acadar sobre a zona central, xardíns de Montero Ríos, etc. para incorporar toda esa zona á ordenación urbanística do Plan Xeral de xeito integral, e non como as *“illas”* que suporán a parcela do edificio da Xunta de Galicia e a parcela do Centro Comercial de A Laxe.

Cap. 7.- DEFINICIÓN E ASIGNACIÓN DE USOS.

Os usos clasifícanse en “portuarios” e “non portuarios”, distinguindo o PUEP entre “Básicos” e “Específicos” ou pormenorizados, tendo estes últimos un carácter indicativo non vinculante.

USOS PORTUARIOS	
BÁSICOS	ESPECÍFICOS
COMERCIAL	MERCANCÍA XERAL
	CONTEDORES
	RO-RO
	GRANEIS
	PASAXEIROS
	POLIVALENTE
PESQUEIRO	COMERCIALIZACIÓN
	POLIVALENTE
NÁUTICO-DEPORTIVO	NAUTICO-DEPORTIVO
COMPLEMENTARIO OU AUXILIAR	LOXÍSTICA, ALMACENAXE E DISTRIBUCIÓN
	CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN NAVAL
	INDUSTRIAL E COMERCIAL
RESERVA	TERCIARIO E INSTITUCIONAL
RESERVA	RESERVA
USOS NON PORTUARIOS	
BÁSICOS	ESPECÍFICOS
NON PORTUARIO	DOTACIONAL
	COMERCIAL

A asignación de usos realízase por zonas.

Noa zona terrestre do TM de Vigo distínguense as seguintes zonas e usos.

a) ZONA DE BOUZAS.

Inclúese o proxecto de conversión da escolleira en peirao, así como a ampliación de 80.500 m<sup>2</sup> polo Norte e a creación dunha praia urbana no Oeste, uso este último non portuario e proposta non xustificada no resto do documento nin avaliados os seus efectos ambientais.

Nesta zona mantéñense como zona de servizo portuario moitos terreos de usos actuais non portuarios, senon de natureza urbana (deportivos, astencial, educativo, lecer, paseo etc., que debería ser excluídos da zona de servizo portuario e a continuación desafectados).

b) ZONA DE BEIRAMAR.

Zona Beiramar-Asteleiros: Uso Básico Portuario Complementario

Zona Beiramar-Pantaláns e Frigoríficos: Uso Portuario-Pesqueiro

O PUEP establece a posibilidade de modificar “a medio prazo” o uso básico a un “uso non portuario” en función dun estudo de viabilidade e unha vez producido a reubicación das empresas ou a caducidade das concesións.

Non obstante detectáronse certas incoherencias no PUEP: Na páx. 68, primeira columna, indícase que o uso non portuario afectaría á zona do “



lado del mar "do segundo tramo da Avenida de Beiramar, mentras que na segunda columna o Uso non portuario-dotacional localízase na zona do "lado da terra" do segundo tramo da Avenida de Beiramar. A continuación, na primeira columna da páxina 69 sinalase que esta zona a medio prazo pasaría a uso non portuario-comercial ( e non dotacional como se indicou antes).

**Por outra banda esta proposta, que en certo modo recolle o previsto no proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo en tramitación na "AOD- A -4-04 BEIRAMAR", non aparece reflectida nos planos do PUEP (follas 3 dos planos 3.1. e 4.1.), do mesmo xeito que sí figuran outras zonas incluídas na zona de servizo portuario nas que o PUEP propón un cambio de uso básico a medio prazo, e que expresan os dous usos e unha grafía con dous cores raiadas en diagonal (véxanse por exemplo as follas 1 e 4, superficies de Bouzas, ou superficies do peirao de trasatlánticos ou do Muelle de Comercio).**

c) ZONA PORTO PESQUEIRO

Conxunto de peiraos e lonxas: Uso básico Pesqueiro  
Edificios entre Pazo de Congressos e glorieta de acceso: Uso portuario: complementario - terciario e institucional.  
Peiraos da dársena nº 2: Uso non portuario - comercial en nova zona de espacemento do Berbés.

A proposta do PUEP recolle, aínda que parcialmente, unha proposta que o equipo redactor do Plan Especial do casco Vello de Vigo formulou no documento de Avance e que pretendía a prolongación da Praza do Berbés ata o mar. Non obstante o mantemento da lonxa cuadrada de armadores constituirá un importante obstáculo visual, como a lonxa de baixura, para recuperar un espazo histórico da cidade, como é a Ribeira do Berbés en contacto co mar.

d) ZONA CENTRAL LÚDICO-PORTUARIA.-

Uso básico Portuario-comercial: na franxa de 20 metros do peirao de Trasatlánticos.

Uso básico Portuario Náutico-Deportivo:

Uso básico Portuario - complementario ou auxiliar: Edificio da Autoridade Portuaria e edificios administrativos da Praza da Estrela.

Uso básico Non portuario- comercial o Centro Comercial da Laxe. **( sobre a que o propio PUEP manifesta que se está tramitando a súa desafectación da zona de servizo portuario, e, xa que logo se convertería nunha illa na zona portuaria).**

Uso básico Non Portuario -Dotacional: O resto do ámbito: Xardíns de Montero Ríos, Praza da Estrela e Xardíns do Areal.

Nesta zona a Autoridade Portuaria pretende efectuar unha actuación emblemática incluíndo usos non portuarios no "peirao de trasatlánticos" e nos novos peiraos que o prolongan cara ó Leste.

A concentración de usos non portuarios nesta zona e o seu carácter urbano, ademais das desafeccións illadas dos edificios da Xunta de Galicia e do Centro Comercial aconsella a súa desafección da zona de servizo portuaria.

e) ZONA MUELLES COMERCIAIS.

Uso portuario- comercial: toda a zona.

Uso non portuario: O PUEP, sen especificar prazo, recolle un proxecto de transformar unha superficie de 27.383 m2 que comunica o Muelle de comercio e transversal cos xardíns do Areal, que pasarían a uso non portuario comercial ( 20.290 m2 e dotacional 7.093 m2).

Sobre a utilización de terreos da zona de servizo portuario para usos non portuarios comerciais deberá cumprirse o disposto no art. 94.1 Lei 48/2003 e 3.6 Lei 27/1992, como xa se explicou en liñas anteriores.

f) ZONA DA LAGOA.

Uso portuario-náutico deportivo: O Porto de Punta Lagoa

Uso portuario complementario-auxiliar: O resto da zona: Factorías Vulcano e outras empresas.

Trátase dunha zona deportiva xurdida ao marxe do planeamento urbanístico, carente de ordenación e accesibilidade, sobre a que se construíron varias naves ilegais obxecto de ordes de derruba dictadas polo Concello (pendentes de execución). **No PUEP debería resolverse a accesibilidade deses terreos, ben a traveso da propia zona de servizo portuario, ben coordinándose co sistema viario trazado no novo PXOM-2006. Por outra banda, o uso industrial e comercial xunto ao deportivo podería resultar incompatible.**

g) ZONA DE RIOS-TEIS.

Uso portuario-complementario: Terreos ocupados por empresas alí instaladas.

Uso portuario de reserva: Terreos desde o Leste da depuradora ata a praia de Arealonga.

Uso non portuario: Pequena praia xunto á ETEA e estación depuradora de Teis.

O PUEP non xustifica a necesidade de manter xunto co uso de reserva portuaria os terreos ao Leste da Depuradora, que poderían necesitarse tanto para a ampliación de dita estación como para usos de ocio urbanos, e non parecen terreos aptos para as actividades portuarias. Son terreos nun tramo de costa abrupta, similares a outros que se desafectan nos T.M de Redondela, Vilaboa e Moaña.

• PLANOS.-

No plano "1.0" parece incluírse o tramo de Alcabre dentro da zona de servizo portuario, a pesar de ter sido desafectada tempo atrás.

No plano "2.1" (fª 1) mantense o centro comercial de A Laxe dentro da zona de servizo portuario, en contradicción co procedemento que se está tramitando para a súa desafectación.

No plano "3.1" (fª 1) non se especifica o significado dos trazos diagonais, nin as liñas descontínuas de ampliacións.

No plano "3.1" (fª 3 ) non se especifican os usos a curto e medio prazo na zona de Beiramar (lado terra) que se citan na Memoria.

No plano "3.1" (fª 6) delimitase unha zona en Vulcano sen asignación de uso.

No plano "4.1" (fª 1) omítiuse a rotulación no muelle de reparacións.

No plano "4.1" (fª 3) falta trazado diagonal e uso específico a medio prazo non portuario en Beiramar (lado terra).

No plano "4.1" (fª 4) faltan rotulacións de varios usos.

No plano "4.1" (fª 6) existe unha zona sen uso xunto a Vulcano.

**\* RELACIÓN DO "PUEP" CO VIXENTE "PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VIGO" (PEOPV).**

A delimitación da zona de servizo portuario que se efectúa no PUEP modifica a que figura no PEOPV únicamente no que se refire á exclusión das zonas xa desafectadas por Orde Ministerial en Alcabre, A Lagoa, A Guía, casa Mar e Edificio da Xunta de Galicia.

A asignación de usos que figura no PUEP presenta o seguinte grao de compatibilidade cos usos autorizados e tolerados no PEOPV:

ZONA	PLANO PUEP	DESCRIPCION	USO SEGÚN PUEP (*)	PLANO PEOPV	ORDENANZA PEOPV	USO SEGÚN PEOPV
.BOUZAS	3.1 (1)	Norte Recheo de Bouzas	PORTUARIO COMERCIAL	1(4, 5)	3, 4, 4A	3. EXPLANADA NORTE DE BOUZAS Usos autorizados: Comercial portuario e industria en réxime de perfeccionamento activo. Usos tolerados: Industria loxística e oficinas.  4. e 4.A TERMINAL DE TRANSBORDADORES Uso autorizado: Comercial portuario
	3.1 (1)	Terreos Zona Franca e darsenas 1 e 2	PORTUARIO COMPLEMENTARIO OU AUXILIAR	1(3,6)	2, 6	2.-ZONA FRANCA DE BOUZAS Uso autorizado: industrial en réxime de perfeccionamento activo Uso tolerado: Oficinas e comercial. 6.-DARSENAS 1 E 2 DE BOUZAS E ZONA DE CONTACTO.- Usos autorizados: Avituallamento e reparación de buques e industria loxística. Usos tolerados: Náutico-deportivos, oficinas, comercial, estación de servizo, industria

						frigorífica e alimentaria e outras actividades portuarias.
	3.1 (1)	Darsenas 1 e 2 de Bouzas e locais de armadores	PORTUARIO – PESQUEIRO	1(6,7)	6	6.-DARSENAS 1 E 2 DE BOUZAS E ZONA DE CONTACTO.- Usos autorizados: Avituallamento e reparación de buques e industria loxística. Usos tolerados:Náutico-deportivos, oficinas, comercial, estación de servico, industria frigorífica e alimentaria e outras actividades portuarias.
	3.1 (1)	Marina Sport ( 1,a corto prazo 2, a medio prazo)	1.NAUTICO-DEPORTIVO 2.PORT. COMERCIAL	1(9)	5	5.-EXPLANADA DE COIA Usos autorizados e tolerados.- Autorízase o uso de avituallamento e reparación de buques, e de industria naval. Toléranse usos náutico-deportivos, industria frigorífica e alimentaria, oficinas e industria loxística.
	3.1 (1)	Muelle de reparacións ( 1.,2.)	1.PORT.COMPLEMENTARIO 2.PORT. COMERCIAL	1(6,9)	5	5.-EXPLANADA DE COIA Usos autorizados e tolerados.- Autorízase o uso de avituallamento e reparación de buques, e de industria naval. Toléranse usos náutico-deportivos, industria frigorífica e alimentaria, oficinas e industria loxística.
	3.1 (1)	Instalacións do liceo de Bouzas	NAUTICO DEPORTIVO	1(7)	7	7.AREA DOTACIONAL PÚBLICA DE BOUZAS .Ó leste do vial: Usos autorizados: Náutico-deportivos, dotacionais, institucionais e servicos portuarios, compatibles coa reserva prevista para paso do ferrocarril.
	3.1 (1)	Paseo de Bouzas, campo de Fútbol, Pavillón, Dotacións	NON PORTUARIO	1(2,3,4,6,7)	7	7. AREA DOTACIONAL PÚBLICA DE BOUZAS b/ Ó oeste do vial: usos autorizados: Dotacionais públicos, socioculturais, deportivos, náutico-deportivos e pesqueiro artesanal.
BEIRAMAR	3.1 (2)	BEIRAMAR/ASTELEIROS	PORTUARIO-COMPLEMENTARIO	1( 7,8)	8	8.-INDUSTRIA NAVAL DE BOUZAS.- Usos autorizados: Industria naval Usos tolerados: Industria alimentaria.

	3.1 (3)	BEIRAMAR/ PANTALÁNS (lado mar)	PORTUARIO- PESQUEIRO	1(8,9,10)	9	9.-BEIRAMAR.- Usos autorizados: Industria frigorífica, avituallamento de buques co equipamento actual, oficinas, comercial e industria naval en réxime de taller. Usos tolerados:Dotacionais, industria alimentaria e estacións de servicio.
	3.1 (3)	BEIRAMAR / FRIGORIFICOS (lado terra)	1.PORT.COMPLEMENTARIO 2.NON PORTUARIO	1(8,9,10)	9	9.-BEIRAMAR.- Usos autorizados: Industria frigorífica, avituallamento de buques co equipamento actual, oficinas, comercial e industria naval en réxime de taller. Usos tolerados:Dotacionais, industria alimentaria e estacións de servicio.
PORTO PESQUEIRO	3.1 (3)	PORTO PESQUEIRO (lado terra)	PORTUARIO PESQUEIRO	1(10,11,12)	10	10.-PEIRAO E DARSENAS PESQUEIRAS DO BERBÉS.- Uso principal: Pesqueiro e industria alimentaria.
	3.1 (3)	Edificios lado terra	PORTUARIO COMPLEMENTARIO	1 (10,11)	9	9.-BEIRAMAR.- Usos autorizados: Industria frigorífica, avituallamento de buques co equipamento actual, oficinas, comercial e industria naval en réxime de taller. Usos tolerados:Dotacionais, industria alimentaria e estacións de servicio.
	3.1 (3)	PEIRAO DARSENA 2 BERBES agás lonxa cuadrada	1.PORT. PESQUEIRO 2.NON PORTUARIO	1 (12)	10	10.-PEIRAO E DARSENAS PESQUEIRAS DO BERBÉS.- Uso principal: Pesqueiro e industria alimentaria.
ZONA CENTRAL	3.1 (4)	MUELLE DE TRASATLÁNTICOS ( 20 m.)	PORTUARIO COMERCIAL	1 (12, 13)	11, 13	11.-AMBITO CENTRAL DO PORTO.- "Abrir Vigo ó mar" A. MUELLE DE TRAS-ATLANTICOS: Uso de tráfico de pasaxeiros, oficinas de servicios públicos portuarios e dotacional. 13.-PORTO COMERCIAL.- Usos autorizados: Comercial portuario, outras actividades portuarias, industria loxística. Usos tolerados: Industria en réxime xeral, estación de servicio de prestación exclusiva a usuarios do porto, oficinas e avituallamento de buques.
	3.1 (4)	Real Club NAUTICO e	PORTUARIO NÁUTICO-	1 ( 13, 12, 14)	11	11.-AMBITO CENTRAL DO PORTO.-

		porto deportivo	DEPORTIVO			"Abrir Vigo ó mar" C. DARSENA DE A LAXE: Instalacións náutico-deportivas e Estación de Ría.-
	3.1 . (4)	Edificios da A.P. e administrativos da Praza da Estrela.	PORTUARIO-COMPLEMENTARIO	1 (14)	12	12 .-AMBITO INSTITUCIONAL PORTUARIO: Usos de oficinas, servicios administrativos e institucionais públicos.- <b>Usos autorizados: Oficinas de servicios administrativos e institucionais públicos nas parcelas ocupadas por edificios existentes.</b>
	3.1 . (4)	Xardins de Montero Ríos, Centro Comercial A Laxe	NON PORTUARIO	1(14)	11	11.-AMBITO CENTRAL DO PORTO.- "Abrir Vigo ó mar" B. MUELLE DA LAXE: Uso dotacional, recreativo e comercial de servicio ó público. C. DARSENA DE A LAXE: Instalacións náutico-deportivas e Estación de Ría.- D. PASEO MARITIMO E PORTO DEPORTIVO: Tratamento axardinado e estacionamento subterráneo e comercial.-
	3.1 . (4)	Oeste do MUELLE DE TRASATLAN TICOS	1.PORTUARIO COMERCIAL 2. NON PORTUARIO	1(12)	13 A	13.-PORTO COMERCIAL.- Usos autorizados: Comercial portuario, outras actividades portuarias, industria loxística. Usos tolerados: Industria en réxime xeral, estación de servicio de prestación exclusiva a usuarios do porto, oficinas e avituallamento de buques.
ZONA MUELLES COMERCIAIS	3.1 . (4)	Peirao de Comercio	1. PORTUARIO COMERCIAL 2. NON PORTUARIO	1(15,16)	13	13.-PORTO COMERCIAL.- Usos autorizados: Comercial portuario, outras actividades portuarias, industria loxística. Usos tolerados: Industria en réxime xeral, estación de servicio de prestación exclusiva a usuarios do porto, oficinas e avituallamento de buques.
	3.1 . (5)	Peiraos de Guixar	PORTUARIO COMERCIAL	1 (17,18,19)	13	13.-PORTO COMERCIAL.- Usos autorizados: Comercial portuario, outras actividades portuarias, industria loxística. Usos tolerados: Industria en réxime xeral, estación de servicio de prestación exclu-

						siva a usuarios do porto, oficinas e avituallamento de buques.
ZONA DA LAGOA	3.1 . (6)	Zona de Asteleiros Vulcano	PORTUARIO COMPLEMENTARIO	1 (19)	14	14.-LAGOA-RIOS Usos autorizados:Industria en réxime xeral, dotacional e náutico-deportivo. *Este ámbito regulará a súa ordenación a traveso dos instrumentos de planeamento e de ordenación de solo contiguo determinados no PXOU (PEP Monte da Guía e PERI RIOS).
	3.1 . (6)	Zona de reparaciones de A Lagoa	PORTUARIO COMPLEMENTARIO	1 (20)	14	14.-LAGOA-RIOS Usos autorizados:Industria en réxime xeral, dotacional e náutico-deportivo. *Este ámbito regulará a súa ordenación a traveso dos instrumentos de planeamento e de ordenación de solo contiguo determinados no PXOU (PEP Monte da Guía e PERI RIOS)
	3.1 . (6)	Zona do porto deportivo de A Lagoa	PORTUARIO NAUTICO-DEPORTIVO	1 (20)	14	14.-LAGOA-RIOS Usos autorizados:Industria en réxime xeral, dotacional e náutico-deportivo. *Este ámbito regulará a súa ordenación a traveso dos instrumentos de planeamento e de ordenación de solo contiguo determinados no PXOU (PEP Monte da Guía e PERI RIOS).
ZONA DE RIOS/TEIS	3.1 . (7)	Terreos ocupados por empresas en Ríos	PORTUARIO COMPLEMENTARIO	1(22,23,24)	14	14.-LAGOA-RIOS Usos autorizados:Industria en réxime xeral, dotacional e náutico-deportivo. *Este ámbito regulará a súa ordenación a traveso dos instrumentos de planeamento e de ordenación de solo contiguo determinados no PXOU (PEP Monte da Guía e PERI RIOS).
	3.1 . (7)	Terreos da depuradora	NON PORTUARIO	1 (24)	14	14.-LAGOA-RIOS Usos autorizados:Industria en réxime xeral, dotacional e náutico-deportivo. *Este ámbito regulará a súa ordenación a traveso dos instrumentos de planeamento e de ordenación de solo contiguo determinados no PXOU (PEP Monte da Guía e PERI RIOS).
	3.1	Pequena Praia	NON PORTUARIO	1(22)	14	14.-LAGOA-RIOS

	(7)	xunto á ETEA				Usos autorizados: Industria en réxime xeral, dotacional e náutico-deportivo. *Este ámbito regulará a súa ordenación a través dos instrumentos de planeamento e de ordenación de solo contiguo determinados no PXOU (PEP Monte da Guía e PERI RIOS).
--	-----	--------------	--	--	--	--

(\*) = 1. USO PREVISTO POLO PUEP A CURTO PRAZO / 2. USO PREVISTO POLO PUEP A MEDIO PRAZO

En xeral o PUEP presenta un alto grao de compatibilidade de usos cos autorizables segundo o PEOPV. Non obstante, a aprobación do PUEP levará consigo a necesidade inmediata, además da aprobación do Plan Director de Infraestruturas, a revisión ou modificación do referido Plan Especial urbanístico, pola diferente delimitación do seu ámbito e, principalmente polas propostas a medio prazo que se formulan de cambio de usos.

O feito de que o Plan de Utilización de Espacios Portuarios supedite con carácter xeral a súa execución á caducidade das concesións vixentes na zona de servizo, sen que figuren os prazos da caducidade de cada unha das distintas concesións, significa a omisión dunha verdadeira programación, aportando unha gran incertidume temporal, así como unha posibilidade de funcionamento transitorio no que o PUEP suplantaría indebidamente ao Plan Especial.

**\* RELACIÓN DO PUEP CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO XERAL DE VIGO-**

a) PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA VIXENTE (PXOU-93).

Os arts. 52 e seguintes da Lei 9/2002, de 29 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), preceptúan que os plans xerais de ordenación municipal, como instrumento de ordenación integral, abarcarán un ou varios termos municipais completos e clasificarán o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definindo os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio. Neste senso, o art. 18 Lei 27/1992 de 24 de novembro, de Portos do Estado dispoñe que os plans xerais de ordenación urbanística deberán calificar a zona de servizo dos portos estatais como "sistema xeral portuario". Este sistema xeral portuario desenvolverase a través dun **PLAN ESPECIAL** ou instrumento equivalente

No Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo vixente, aprobado definitivamente en data 29/04/1993 polo Consello da Xunta de Galicia (PXOU-93) recóllese expresamente esta determinación, afirmándose que a zona portuaria deberá ser obxecto de ordenación detallada, a través da redacción de Plans Especiais regulados na lexislación urbanística e co cumprimento da normativa sectorial aplicable. Precisa como uso dominante a ubicación de edificios e instalacións ao servizo da actividade portuaria. Os usos complementarios e intensidades remítense ao plan especial do porto, cuxa superficie se grafía coa ordenanza "4.1".



Nesa ordenanza "4.1" do PXOU-93 fixéronse unha serie de obxectivos urbanísticos de ordenación que vinculan ao Plan Especial do Porto. Entre eles acadar a apertura da cidade ao mar, promovendo un novo foco de actividade que revitalice a cornixa marítima da área central; axustar os servizos portuarios ás necesidades actuais da cidade e asignar novos usos ao solo do citado ámbito; mellorar a ordenación do tráfico e conservar ambientalmente e potenciar as Avenidas e a dársena da Laxe.

**b) NOVO PLAN XERAL APROBADO PROVISIONALMENTE EN MAIO DE 2006.**

O proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado inicialmente no 30/12/2004 e provisionalmente no 19/05/2006 (PXOM-2006) revisa o anterior PXOU-93. Continúa cualificando a zona de servizo portuario como un Sistema Xeral, cuxa ordenación detallada se remite ao "Plan Especial de Ordenación do Porto".

Na Memoria Xustificativa do PXOM-2006 (MX), páx. 265, e nos planos de ordenación e de sistemas xerais figura definida a zona de servizo portuaria como Sistema Xeral.

Na Normativa urbanística (páx. 154), efectúase unha referencia á necesidade do PUEP e se establecen, no art. "5.10.18" (páx. 156) as condicións de desenvolvemento do novo Plan Especial (PEOPV), que no que se refire a cuestións urbanísticas son as seguintes;

- Resolver adecuadamente a conexión da cidade co porto en orde á súa mellor integración e funcionalidade.
- Precisar e detallar a ordenación e regulación de usos evaluando alternativas e ventaxas para a cidade e o Porto.
- O Plan Especial poderá propoñer usos non portuarios sempre que se xustifique a súa innecesariedade para fines portuarios e se garantice, a xuízo municipal, a sá axeitada inserción territorial e urbanística.

As principais propostas urbanísticas que o PXOM efectúa en relación co Porto son as seguintes:

- En relación coa estrutura xeral viaria da cidade e accesos ao Porto:

O PXOM propón a prolongación do tunel de Beiramar, dende o Berbés ata Bouzas, para así conseguir o peche do primeiro cinto litoral.

O PXOM propón o enlace directo mediante tunel en Guixar a Teis e conexión coas Torres de Padín, para mellor conexión Norte coa Autopista do Atlántico.

- En relación coas necesidades urbanas de aparcamento:

O PXOM propón zonas de aparcamentos en Isaac Peral, Areal, Berbés, Rúa Coruña e Bouzas. (MX, páx. 223).

- En relación co sistema xeral de equipamentos culturais

O PXOM propón a creación dun Museo da Emigración, na Estación Marítima (PÁX. 258).

- En relación co sistema xeral da infraestrutura de saneamento e depuración da cidade

O PXOM expón que para potenciar a capacidade de depuración podería ser necesaria a interposición dunha depuradora EDAR na zona portuaria e, aínda que non a localiza con exactitude, xa que estima necesario un estudo polo miúdo) efectúa a suxerencia de localizala na zona portuaria. Así, nas páxs. 276 e ss da Memoria indícase a necesidade a medio prazo de *"contar cunha nova EDAR, cuxa localización máis acaída entende o Plan que pode ser na explanada da Zona Franca de Bouzas, convenientemente disposta dende o punto de vista paisaxístico (con tratamento en edificio pechado e semisoterrado) (...). En calquera caso cabe apuntar que a concreción da localización da nova depuradora no recheo de Bouzas non é outra que a que plantea como conclusión o "Estudo das necesidades futuras de depuración no Concello de Vigo" elaborado pola Administración Hidráulica de Galicia da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia"*.

- En relación co sistema xeral de transporte

O PXOM-2006 establece nos espazos portuarios un uso global de transporte portuario.

No estudo de transporte e intermodalidade o PXOM valora a creación da Plataforma Loxística do Porto Seco de Salvaterra (páx. 265 MX), e estima necesaria a potenciación da instalación de Guixar para transporte intermodal de contedores.

No relativo ao TRANSPORTE PÚBLICO DE RÍA considera o PXOM que debe xogar no futuro un papel máis relevante dentro do transporte metropolitano, xa que é claramente competitivo, debendo potenciarse a súa intermodalidade .

NO PUEP non se trata con rigor o TRANSPORTE DE RÍA. Parece incluírse dentro do "uso básico portuario comercial, específico de pasaxeiros", pero non se trata a súa incidencia nin localiza con precisión. Esta cuestión resulta da maior transcendencia, deberndo coordinarse Plan Xeral, de xeito que se localice potenciando a súa intermodalidade con zonas de aparcamento, transporte de autobuses e tren.

No Plano "3.0" do PXOM-2006 de "Infraestrutura do Transporte" figuran a Estación Marítima e a Estación de ría coa estación intermodal e a Estación de Guixar como Estación de intercambio principal e aparcamento disuasorio.

- En relación coa ordenación detallada de ámbitos de solo urbano non consolidado:

A principal proposta de ordenación do PXOM-2006 que incide no Porto de Vigo é a denominada "A 4-04 BEIRAMAR". Dita actuación figurou no proxecto do novo PXOM dende as fases iniciais de Avance como "ACCIÓN ESTRATÉXICA" que pretendía resolver os espazos de borde Porto-Cidade, e relocalizar actividades e industrias do conxelado que se ubican actualmente en Beiramar, trasladándoas ao Polígono industrial que o PXOM localiza en Matamá -Valadares.

Na Memoria xustificativa da ordenación detallada deste ámbito "A 4-04" recoñécese que esta actuación incide en dous ámbitos distintos, un primeiro de competencia municipal plena, e un segundo no que as determinacións do PXOM son indicativas e implican a necesidade de reformar o Plan Especial do Porto.

As determinacións do documento do PUEP sobre esta zona non impedirían a medio prazo executar a actuación prevista no PXOM. Non obstante debería clarexarse a contradicción no Plan de Utilización que lle asigna nalgún

caso o uso "non portuario dotacional", e noutro caso o uso "non portuario comercial".

Finalmente sinalar que a Autoridade Portuaria de Vigo presentou a alegación nº 43.810 no trámite de información pública aberto trala aprobación inicial do novo PXOM. Nela manifestou a súa oposición á ordenación da "A 4-04 BEIRAMAR", á localización da EDAR na zona de servizo portuario en Bouzas, e á incorporación á ordenación urbanística como zonas verdes dos xardíns do Areal. Esta alegación foi contestada polo equipo redactor co informe que figura na páxina 504 e seguintes da Memoria Xustificativa do PXOM aprobado provisionalmente o 19/05/2006".

En data 20 de setembro de 2006 a xefa da unidade técnica de medio ambiente do Concello emitiu o seguinte Informe sobre o referido Plan de Utilización dos Espacios Portuarios:

"(...)A pesar da referencia expresa do "Plan de utilización dos espazos portuarios da zona de servizo do Porto de Vigo", na súa páxina 87, de realizar a tramitación ambiental do plan, de acordo coa Lei 9/2006, de avaliación dos efectos de determinados plans e programas, no medio ambiente; non se aporta a documentación ambiental necesaria que describa e avalíe os efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivarse da aplicación do plan; e polo tanto, ao non integrarse os aspectos ambientais dende o principio; non se permite ao Concello pronunciarse acerca da sostenibilidade do mesmo.

Como consecuencia de isto, non se identifican os aspectos relevantes da situación actual do medio ambiente, os obxetivos de protección ambiental legalmente vixentes relacionados co plan, os efectos significativos que o desenvolvemento do plan puidese ter no medio ambiente (incluída a poboación e a saúde humana) ou as medidas correctoras e preventivas para contrarrestar os efectos negativos esperados.

Considerando, así mesmo, que ao non incluírse a documentación ambiental no plan, non se integran os aspectos ambientais dende as primeiras fases, hai unha carencia fundamental no proceso de Avaliación ambiental como instrumento de prevención en aplicación do principio de cautela. Xa que, **non hai que esquecer que o plan establece o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos á avaliación de impacto ambiental; como son as ampliacións que supoñan gañar terras ao mar, a construción de diques, malecóns, espigóns e pantaláns para carga e descarga; determinadas instalacións industriais, instalacións de almacenamento de produtos químicos e petroquímicos, instalacións de trasbordo intermodal e terminais intermodais, alimentación artificial de praias, etc.-** A lei 9/2006 plantéxase como un instrumento que permite actuar nas tomas de decisión anteriores á fase do proxecto.- Tampouco hai que olvidar que as ampliacións e obras realizadas no porto, como ben se recolle no plan (pax. 7 a 10), realizáronse antes da existencia de ningún instrumento preventivo, polo que, no seu día, non foron avaliados ambientalmente. Debido a isto, existen numerosas actividades que xeneran impacto ambiental debido os seus vertidos, o ruído ou as emisións, que necesariamente terían que contemplarse dentro dos aspectos relevantes de situación actual do medio ambiente, que a documentación ambiental incluíría".

\* En data 21 de setembro de 2006 a Oficina municipal de actuacións viarias emitiu o seguinte Informe sobre o devandito Plan de Utilización dos Espacios Portuarios:

"(...)Consideraciones

Se consideran objeto de informe aquellas cuestiones que no se corresponden o no son compatibles directamente con otros planes y proyectos promovidos por la administración municipal o supramunicipal, que hayan sido considerados, revisados o participados por esta oficina.

- Infraestructuras de transporte: no parece advertirse ni señalarse en el Plan de Usos provisiones concretadas en el PXOM aprobado provisionalmente por el Concello en pleno, siendo estas infraestructuras de transporte básicas para el desarrollo del borde portuario, y de la ciudad; entre ellas se destacan:

- o Túnel viario de Guixar: además de resolver la accesibilidad a la zona de Teis, al este de Vigo, ha de permitir una mejor accesibilidad entre las distintas zonas portuarias, en concreto al muelle de Guixar, así como a las instalaciones portuarias de Teis. Se trata de una infraestructura que ya había sido incorporada a provisiones establecidas por el propio Puerto de Vigo, incluso en parte promovida o auspiciada por dicho organismo.
- o Ampliación del túnel de Beiramar: la continuación y cierre del denominado Cinturón Litoral es una pieza clave tanto para el puerto como para la ciudad, toda vez que los tráficos portuarios no pueden seguir desenvolviéndose por el corredor de Orillamar, si se quiere recuperar la zona para usos dotacionales y comerciales no portuarios. En este sentido la construcción del primer tramo del cinturón litoral se ha realizado con financiación externa al puerto, y con el sistema de concesión para la obtención de los terrenos, en vez de desafectación. La desafectación parecería más lógica visto el interés y uso público de la obra en cuestión, interés general que no solo repercute sobre el general de la ciudad de Vigo, sino en el específico de accesibilidad al propio Puerto.
- o El problema de borde y uso de las instalaciones ferroviarias de Guixar - Areal: la unificación de estos espacios, fuera del dominio portuario, la mejora de su funcionalidad, y racionalización de usos deben incorporarse como estrategia dentro del Plan de Usos, ya que su potencialidad y funcionalidad dependen de forma directa del uso de las propias instalaciones portuarias. No se deberían admitir en dicha área usos ferroviarios que no estuvieran o bien vinculados a la ciudad (cercanías), o bien vinculados al movimiento de mercancías en el Puerto. Incluso la previsión de la administración gestora ADIF-Dirección General de Ferrocarriles, pasa por la construcción de una estación provisional de cercanías durante la ejecución de las obras ferroviarias de acceso en alta velocidad a Vigo-Urzaiz. La incorporación de este espacio, y los anexos portuarios, como espacio público libre de la ciudad de Vigo debe constituir una oportunidad cierta para la recuperación de la franja portuaria del Areal, así como una estrategia para concentración intermodal del transporte (provisiones de instalar la estación de ría, ffcc y autobuses, parking, de forma anexa al área administrativa de Montero Ríos)
- o La accesibilidad ferroviaria a Bouzas se incorpora como "deseo" en el Plan de Usos sin que para ello se establezca ni zonificación ni ningún tipo de reservas ni indicaciones, a pesar de los sucesivos estudios

realizados por la Autoridad Portuaria al respecto. En este sentido el PXOM incorpora ya en sus previsiones las consensuadas por la Administración General del Estado, Dirección General de Ferrocarriles, para el acceso sur soterrado en Alta Velocidad y conexión con frontera portuguesa (según reuniones de trabajo mantenidas a tal efecto entre ambas administraciones). El Puerto debería concertar una estrategia similar para la consecución de la accesibilidad ferroviaria a Bouzas, incorporando para ello a los servicios técnicos municipales, toda vez que las previsiones que se establezcan al respecto, propiciarán una adaptación "sectorial" del planeamiento municipal, a medio plazo.

- Infraestructuras de servicios urbanos:

o El borde litoral consolidado de la ciudad de Vigo se encuentra bajo dominio portuario. En lo que respecta a los servicios urbanos, el Puerto depende de los servicios que le proporciona la ciudad de Vigo, tanto en abastecimiento como en saneamiento, como en el resto de servicios en manos de compañías operadoras privadas. Sin embargo el Puerto no ha tenido en consideración dentro de su Plan de Usos que además de demandar dicha accesibilidad de servicios debe propiciar a su vez el facilitar a la ciudad de Vigo que esta aporte los mismos, o resuelva los mismos, con un cierto grado de coherencia y factibilidad técnica. El Puerto de Vigo forma parte de la problemática de demanda de servicios de la ciudad de Vigo, y está necesariamente involucrado en la resolución de diferentes problemáticas por su localización estratégica en el litoral de la ciudad. Entre las necesidades más evidentes, se destacan:

▪ La resolución del sistema general de aliviaderos de pluviales y colector de margen de ría (saneamiento) a lo largo del frente portuario y litoral: la previsión de mejora de la red de colectores y las zonas de aliviaderos es de interés público y el uso del espacio preciso para las mismas, se sobreimpone sobre cualquier otro uso portuario. La mejora del sistema de colectores de la ciudad de Vigo, y del vertido en condiciones extremas del sistema de aliviaderos no puede ser impedida por ningún Plan de Usos, ni por ningún programa sectorial, siendo obligado la compatibilización de todos los instrumentos de planificación. La red de colectores de saneamiento y drenaje de la ciudad conforma como es evidente parte del sistema general de servicios urbanos del término municipal, y por ende de su Puerto. A juicio de este informe, el Plan de Usos está condicionado en todo caso, aunque no se exponga específicamente en su memoria, a la resolución completa de este problema. (...)

▪ EDAR-Bouzas: la previsión de una nueva planta depuradora complementaria a la del Lagares se establece en el PXOM aprobado provisionalmente por el Concello en pleno. Dicha previsión se justifica en base a:

• Estudios previos de saneamiento desarrollados por el organismo competente Aguas de Galicia, que plantea la necesidad de dicha planta en el relleno de Bouzas. Hasta la fecha este es el único estudio aportado por el organismo competente en la materia, y en este se recogía claramente la previsión de localización de la EDAR en los rellenos de Bouzas, concretamente en el sector noroeste de la actual terminal, de forma que sirviera como base a la ampliación y consolidación del muelle de atraque norte, y mediante

una instalación completamente cubierta, que permitiera el uso de estacionamiento actual sobre la cubierta, compatible con el actual uso de la explanada portuaria.

- Posteriormente el PXOM, en su documento para aprobación definitiva, recoge dicha iniciativa de Aguas de Galicia, como básica con objeto de tratar el agua procedente de la cuenta de ría, la mayoritaria del Vigo actual consolidado, toda vez que el colector de ría se desvía en Bouzas mediante bombeo a la actual planta hoy saturada del Lagares. La complementariedad de Bouzas tiene que permitir en el futuro la reserva de la EDAR del Lagares para la cuenca del Lagares, quedando por tanto el tratamiento de la cuenca de ría reservada y localizada en Bouzas.
- Por otra parte la resolución de la EDAR no se imponía sobre la actual superficie portuaria, sino que los estudios previos fijan un relleno complementario para su implantación, por lo que los usos terrestres portuarios no pueden verse afectados, dichos usos si cabe se ven potenciados dado que la administración autonómica fijaba el aprovechamiento de la cubierta de la instalación como playa de estacionamiento asociada al Puerto, con un formato similar al desarrollado en otros ámbitos litorales.
- Por tanto tanto la administración municipal como supramunicipal, tienen como previsiones la implantación de una nueva EDAR cubierta en dicha franja portuaria, no colisionando con los intereses portuarios, y planteando de forma lógica y justificada una alternativa de crecimiento que sirve a la ciudad, y por tanto también al Puerto.
- Reseñar que en terrenos portuarios ya existe un uso dotacional reservado para la Depuradora de Teis, perfectamente compatible con el resto de usos portuarios establecidos en las inmediaciones del ámbito.

- Ordenación urbanística del borde portuario:

En cuanto a la ordenación prevista en el Plan de Usos para usos no portuarios y espacios libres, cabe decir que existe una inconcreción evidente por parte del Plan de Usos, ya que responde a una reserva que no viene amparada por ningún programa concreto reconocido, salvo el que figura a modo de esquema en los planos que acompañan el documento. Reseñar, que en la actualidad la Autoridad Portuaria ha convocado un concurso de ideas internacional con un programa básico para la resolución de dicho frente.

En todo caso y sobre todo tratándose de este tipo de usos no portuarios, el Plan de Usos debería estar adaptado a las necesidades básicas de la ciudad, ya que dichos usos están orientados para el ocio general, y los espacios libres generados debieran estar ligados al resto de espacios urbanos de la ciudad.(...)"

En data 21 de setembro de 2006 o xefe da **oficina municipal de Vías e Obras** emitiu o seguinte informe:

**"COMUNICACIONES INTERIORES**

Las comunicaciones por carretera entre las distintas zonas del área portuaria de Vigo se realizan a través de vías con dos diferentes categorías de tráfico.

- Las restringidas exclusivamente a tráfico portuario en la zona de muelles comerciales, Comercio Transversal Arenal y Guixar.
- Las que soportan además del tráfico portuario, el tráfico de vehículos de servicio público y privados de la ciudad.

De entre estas últimas cabe destacar lo inadecuado de los accesos a la zona deportiva de A Lagoa, no citándose en el documento como necesidad de nuevas conexiones ( punto 3.4.4.)

La Avenida de Beiramar enlaza las zonas de Bouzas, Orillamar y Puerto Pesquero y mediante el Túnel de las Avenidas con la zona de Muelles comerciales.

Entre las previsiones de infraestructuras podría contemplarse la prolongación del túnel de las Avenidas a lo largo de Orillamar que potenciaría esta vía de tráfico mixto, teniéndose en cuenta la ubicación del Auditorio en fase constructiva.

En lo relativo a conexiones interiores no se contempla la conexión ferroviaria de la zona de Muelles Comerciales y Puerto Pesquero con las zonas de Orillamar y Bouzas.

#### SERVICIOS MUNICIPALES DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO DE AGUA.

##### Abastecimiento

No se presentan estimaciones de los consumos necesarios para los nuevos usos, que en caso de suponer incrementos significativos sobre los consumos actuales, se requerirán nuevos puntos de conexión desde donde la red municipal esté capacitada para el suministro de los caudales resultantes en los distintos puntos de consumo.

A modo orientativo se indican los consumos realizados por el Puerto de Vigo en 2005.

DIRECCIÓN	CONSUMO M <sup>3</sup>
CL/ Eduardo Cabello	270.038
CL/ Ribeira do Berbés	119.736
CL/ Concepción Arenal	1.575
CL/ La Paz	274.829
TOTAL	<u>666.178</u>

##### Saneamiento

Así como en abastecimiento no se realizan estimaciones de caudales de aguas residuales ni de los parámetros de contaminación, que pudieran requerir de nuevos puntos de conexión a la red municipal y sistemas de depuración previa. Algunas industrias pesqueras al margen de la contaminación propia de la elaboración de sus productos utilizan agua salada en sus procesos industriales.

En cuanto a las aguas pluviales no se contemplan infraestructuras para su evacuación, que necesariamente deberá hacerse a través del puerto, salida natural de toda la cuenca de ría.".

En data 21 de setembro de 2006 a xefa da **oficina municipal de seguridade, tráfico e circulación** emitiu o seguinte informe:

"Examinado el contenido del PLAN DE USOS DE LOS ESPACIOS PORTUARIOS DE LA ZONA DE SERVICIO DEL PUERTO DE VIGO, se aprecia lo siguiente:

- No se incluye un estudio de tráfico que tenga en consideración la afección que para la propia actividad portuaria y su interconexión con los viales de la ciudad, pueda derivarse y plasme los flujos previstos entre los viales de la Autoridad Portuaria y los de otras administraciones que discurren por el término municipal.
- El Plan recoge unos posibles cambios de uso definidos como usos pormenorizados que pueden dar lugar a una importante modificación e incremento de la circulación, tanto en tránsito o con destino u origen en las zonas portuarias, tanto de vehículos ligeros, como pesados u especiales., circunstancia que ha de ser tenida en cuenta a la hora de proceder a la ordenación del tráfico y planificar los accesos, en todo el frente de enlace viario urbano con los viales portuarios, estableciendo los ejes principales que interrelacionen el espacio portuario con la ciudad y su actividad urbano.
- Asimismo, no se aprecia la previsión de zonas destinadas a aparcamiento, ni la estimación cuantitativa de las necesidades de estacionamiento de vehículos industriales ni de turismos que en cada zona de utilización del puerto puedan generarse, como consecuencia del crecimiento previsto de la actividad en zonas portuarias y no portuarias, cambio de usos, creación de un número no determinado de puntos de amarre con nuevas plazas en el puerto deportivo, etc., que puede suponer un efecto llamada del tráfico rodado que acceda a las distintas zonas que configuran el frente al mar de la ciudad de Vigo.
- Tampoco se hace referencia a los túneles previstos en el Plan Especial del Puerto de Vigo, túnel desde la glorieta de Bouzas hasta la glorieta situada en la confluencia de la calle Coruña y Orillamar y túnel situado en Orillamar en las inmediaciones del futuro Auditorio de la Ciudad."

Polo anteriormente exposto, o concelleiro-delegado de Urbanismo, con data 22 de setembro, formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

**Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 28.09.06:**

As viguesas e os vigueses témola fortuna de posuír unha das rías máis fermosas do mundo, e dentro dela contamos cun porto que ten sido, é, e seguirá a se-la parte máis esencial da economía viguesa.

Parece dentro de toda lóxica que os vigueses queiramos ter un porto que nos axude a medrar economicamente sen renunciar a chegarnos ó mar de xeito conveniente. E o porto de Vigo, tal e como está, non axuda como debera a ningún deses dous fins.

-----  
S.Ordinaria 29.09.06



Por qué parecemos condenados a elixir entre “mar si, porto non” ou “porto si, mar non”, segundo a óptica sexa dos cidadáns ou dos sucesivos dirixentes portuarios?

É ben certo que pra poder concorrer ós proxectos esenciais das futuras comunicacións europeas e mundiais que serán as autoestradas do mar, a Vigo, e por iso a Galiza, resúltalles indispensábel que o seu porto medre, pra podermos medrar industrialmente, pero tamén pra que non mingüe a nosa base económica... Con ese obxectivo precisamos podermos realizar unha oferta portuaria potente, pra non quedarmos atrasados respecto doutros portos que son competidores do noso. Pra non quedarnos afastados das grandes comunicacións dun futuro que xa case comeza a ser presente.

Ó mesmo tempo, debemos e podemos facer unha oferta transformadora do noso litoral pra podermos gozar do noso mar.

Velaí as propostas que facemos nós, presentando unha oferta máis potente ca a da Autoridade Portuaria pra que Vigo e a nosa Área Metropolitana, e por iso mesmo Galiza, medren industrial e turisticamente.

E dende logo a nosa proposta é unha revolución que nos deparará un Vigo infinitamente mellor pra gozo e satisfacción das viguesas, dos vigueses e pra quen queira visitarnos, xa que a nosa proposta comporta o obxectivo de que o litoral de Vigo, dende Teis ata Canido, teña un Paseo Marítimo continuado, así como unha sucesión de boas praias, parques públicos e servicios. Os tramos Guixar-Berbés e Bouzas-Canido deberían ser abordados de xeito inmediato, seguido do Berbés-Rúa Coruña. Os que van dende a linde de Redondela con Teis ata Guixar e o de Rúa Coruña-Bouzas faranse en canto as circunstancias o permitan, xa que non se debe causar ningún prexuízo ó tecido industrial existente. Iso non quere dicir que non se pacte algún traslado industrial moi concreto a curto-medio prazo.

Por qué a Autoridade Portuaria é mansa e dócil diante dun Ministerio de Fomento que está a investir barbaridades de cartos no chamado porto Exterior da Coruña, enfronte mesmo dun porto que está case rematado no Ferrol, cando se nos negan a nós investimentos necesarios pra non quedarnos atrás no concerto portuario peninsular, europeo e mundial?

O proxecto de Plan de Usos que ven de presentarnos a Autoridade Portuaria é un proxecto cativo e ruín. É unha moi mala copia dalgunhas das ideas que nós tiñamos presentado anteriormente (e non teñen nin a delicadeza de cita-la fonte orixinal...)

Por outra banda a case totalidade dos informes feitos polos funcionarios municipais parécennos excelentes, e veñen a confirmar liñas de actuación que nós temos proposto anteriormente, algunhas con mocións ó Pleno e outras por diferentes vías.

Só discrepamos no feito de que nós coidamos que o porto ten que medrar dun xeito salientábel, como piden tódolos usuarios do Porto (temos falado con eles), e como entendemos se debe facer pra apostar polas autoestradas do mar. Pero esa é unha aposta de visión política, de análise prospectivo, cousa na que os técnicos non entran. Comprensíbel. Polo demais, insistimos en cualificar de excelentes os devanditos informes.

Consonte co antedito propoñemos:

-----  
S.Ordinaria 29.09.06

1.- Diante da escaseza crecente de solo portuario, a Autoridade Portuaria establecerá un plan, a curto, medio e longo prazo, pra situar fora do porto (de xeito salientábel no Porto Seco de Salvaterra-As Neves), ás empresas que non lles resulte esencial a súa localización a carón do mar.

2.- Pra podermos optimiza-lo funcionamento portuario ampliáranse os peiraos cando sexa conveniente, mais só pra usos estrictamente portuarios e servicios loxísticos do propio porto. Mesmo así o acrecentamento dos peiraos deberá facerse logo de ser aprobado o oportuno estudio de impacto ambiental, sobre pilotes cando sexa posíbel, ou no seu defecto deixando pasos de correntes cara ás zonas que queden nos interiores das construcións, pra que as augas se anoven de xeito natural.

3.- Propoñémo-la construción dun novo porto de 750.000 metros cadrados pra contedores e mercadorías, que podería situarse en punta Chapelisa, por exemplo, onde temos calados de 20 metros, boa situación de abrigo, posibilidades de ampliación no futuro, e unha posición inmejorable en relación coa autopista e co ferrocarril. Nese novo porto (ou no seu defecto na ampliación que se faga en Bouzas, e nese caso á tal ampliación cumpriría facerlle un rompeondas, e non como a presenta a Autoridade Portuaria), deberá reservarse unha superficie duns 40.000 metros cadrados pra usos ferroviarios, xa que de non termos un bo plan ferroviario a PLISAN quedaría gravisimamente prexudicada no seu funcionamento. Por certo que no caso de optarse pola ampliación de Bouzas deberá detallarse a forma de entrada do ferrocarril, cousa que tamén omite a Autoridade Portuaria no seu cativo proxecto.

4.- En todo caso, os incrementos dos peiraos que se precisan (o novo porto antes amentado, e o novo peirao de transatlánticos), fariáanse logo do oportuno estudio de impacto ambiental, e seguindo as recomendacións dos científicos pra súa realización, polo que cumprirá facer proxectos de construción axeitados, con rompeondas, mallas eficaces, face-los traballos nos momentos oportunos, etc., pra impedir de xeito efectivo que os materiais ou as técnicas constructivas prexudiquen á nosa Ría sen par.

Con eses efectos, o Concello e a Autoridade Portuaria establecerán un convenio pra que ambas institucións queden obrigadas a realizaren inspeccións, de xeito permanente, pra vixiar e obrigar a que as empresas constructoras cumpran estas premisas, indispensábeis pra que se poida realizar calquera ampliación portuaria.

5.- Pra que os vigueses se poidan achegar ó mar na parte central da cidade, deberá encargárselle a un ou a varios arquitectos de sona mundial o deseño de proxectos urbanísticos e constructivos con características de vangarda, pra seren realizados de seguido. Os proxectos abranguerían as zonas e realizacións que a continuación se describen:

5.1. Nas zonas do Areal e Guixar, nos terreos ocupados actualmente polo porto e por instalacións ferroviarias, serán restaurada-las praias que alí tivemos no seu día. O mesmo tempo construírse ó longo delas un parque público e mailos servicios que se precisen. Entre a praia e o parque público construírse o Gran Paseo Marítimo do Centro, que terá varios quilómetros, e que continuará polo Parque Marítimo de Vigo (e peirao de transatlánticos), e polo peirao da Estación Marítima actual ata o Berbés.

- 5.2. Construírase un novo Peirao de Transatlánticos que, xunto co actual, poderían acoller a 6 ou 7 grandes buques simultaneamente co que, amais de podermos atender ós cruceiros en tránsito, teríamos posibilidades pra aspirarmos a ser cabeceira e fin de cruceiros turísticos organizados.

Este peirao tería un parque público na súa superficie duns 150.000 metros cadrados (unha característica que o faría único no mundo), sen prexuízo de que sempre cumpra coa súa finalidade primixenia de acoller transatlánticos.

Un parque que podería ter, a título indicativo, amais da principalísima dedicación a zonas verdes (uns 70.000 m<sup>2</sup>), quilómetros de paseos peonís con esculturas relacionadas co mar, un acuario, unha gran fonte monumental (con espectáculo de luz, auga e son), cuns 2.900 metros de paseos pra bicicletas, parques infantís, uns 2.900 metros de paseos pra patinaxe, pistas de skate, canchas polideportivas, canchas de petanca, canchas de chave, canchas de baloncesto, unha piscina olímpica climatizada, un bo número de postos con soportes fixos pra canas de pescar cos seus correspondentes asentos, cafeterías, servicios hixiénicos gratuítos, bancos suficientes pra que os nosos maiores se poidan sentar a carón do mar (entre outras cousas pra poderen contemplar as nosas postas de sol sen igual), etc.

Os novos edificios que se precisen pra servir ós pasaxeiros no novo Peirao, ou pra calquera outro mester, serán totalmente de cristal e de planta baixa, pra non prexudicar o ambiente do parque onde estarán encadrados.

- 5.3. Unha ponte colgante peonil, entre dúas torres, uniría a zona da Estación Marítima con este novo peirao-parque, e tería altura suficiente pra permitir que, por debaixo, poida pasar calquera embarcación deportiva. As torres terían no seu cumio servicios de restaurante e cafetería, que poderían ser xiratorios, xunto con miradoiros públicos, e ámbalas dúas poderían estaren servidas por ascensores exteriores panorámicos.
- 5.4. Urbanizarase soamente pra usos peonís e de carrís bici o peirao onde está situada a actual Estación Marítima, e mais o entorno do Centro Comercial previsto nas súas proximidades. O actual edificio da Estación Marítima sería remodelado de xeito conveniente pra que nel se poidan atender ós pasaxeiros dos transatlánticos que alí atraquen, se instalen os servicios portuarios convenientes, e tamén pra que se poida establecer unha dependencia pra uso do Concello de Vigo. Baixo terra irían as prazas de aparcamento que se estimen necesarias tanto pra servicio do Centro Comercial, como pra os servicios do edificio da Estación Marítima.
- 5.5. Cumpriría traslada-los postos de atraque dos buques que fan o servicio de transporte de pasaxeiros na ría, e a construción dunha nova Estación Marítima de Ría a un lugar axeitado pra que poida conectarse co futuro Metrotrén de Vigo, pra o que se reservaría o oportuno espacio en superficie ata a zona de Isaac Peral, xa que dende alí iría soterrado ata unha nova estación ferroviaria, tamén soterrada, en Urzáiz.

5.6. Na dársena interior da Estación Marítima e do Parque Marítimo de Vigo, construíriase un novo porto deportivo cunha capacidade inicial pra mil atraques, reservando unha porcentaxe das prazas a construír (podería ser arredor dun 20%), pra darlle abrigo e servicio ós moitos barcos de lecer que transitan por diante das nosas costas.

5.7. Realizarase un plan específico de aparcadoiros pra todo o borde do litoral onde se van realiza-los proxectos que se están a detallar.

5.8. Asemade, estudaríanse os días e modos pra facer peonil a zona onde están asentados os almacéns marisqueiros, de feito que alí se poidan facer degustacións deses productos nas datas que se estimen convenientes.

6.- A zona leste da cidade está habitada por decenas de miles de cidadáns que carecen de demasiadas cousas, entre elas unha posibilidade razoábel pra se achegaren ó mar, polo que compre face-la recuperación, pra uso e aproveitamento público, do tramo da costa entre Factorías Vulcano e o porto deportivo alí existente, e entre este e a ETEA. Pra iso propoñémo-la creación dunha nova zona de espaxamento, pra que cumprirá estudar accesos en condicións, así como os aparcadoiros que resulten convenientes:

6.1. Crearíanse as praias indicadas, cun mínimo de 80 metros de fondo de area seca en preamar, dotadas con tódolos servicios precisos.

6.2. Unirá toda esa costa o Paseo Marítimo de Teis que, unha vez se decida no seu día sobre o emprego das instalacións da ETEA, cumprirá alongalo ou non.

6.3. Ó mesmo tempo, como Teis carece dunha zona pública de espaxamento á beira do mar, a nosa proposta contempla alí a instalación dun Parque urbanizado, duns 35.000 m<sup>2</sup>, que disporá de diferentes dotacións pra seren usadas polos nenos, pola mocidade, e mais polos maiores.

6.4. Non se nos escapa que nesa zona hai un certo grao de marisqueo polo que, no novo areal resultante, e logo dos estudos oportunos, cumprirá sementa-los bivalvos que se estimen máis convenientes, de xeito que esa actividade resulte tamén altamente beneficiada.

6.5. Facer un acordo entre Autoridade Portuaria, Zona Franca e Concello que, contemplando de bo xeito as aspiracións dos veciños de Teis, estableza os usos máis convenientes pra os terreos e as instalacións da ETEA.

7.- Que se ceda o uso do solo necesario pra que a Xefatura Provincial de Costas constrúa o Gran Paseo Marítimo das praias do oeste, que irá dende Canido ata Bouzas, comunicando así pra peóns e bicis as 14 praias alí existentes.

8.- Cesión dos terreos precisos pra que se constrúa un peirao a seguir do Museo do Mar e un pequeno rompeondas enfronte, na punta dos terreos que alí ten Zona Franca, de xeito que permitan a rexeneración das praias de Bouzas e Alcabre, ó tempo que posibilitan nese peirao o atraque de barcos relacionados co Museo do Mar.

9.- Caso de que se opte por ampliar los peiraos de Bouzas e rematalos cunha praia, como indica o Plan da Autoridade Portuaria, esta deberá instarse sobre unha plataforma pilotada, xa que en caso de pretender facela de xeito descendente, encheríase de area boa parte da lámina de auga que está enfronte do Museo do Mar, estragando a posibilidade dunha boa rexeneración das praias de Alcabre e Bouzas.

10.- Co obxectivo de unir o barrio do Berbés co mar:

10.1. Que se proceda ó derribo dos tres galpóns nos que se gardan redes de mariñeiros (que serán realoxados noutra zona portuaria).

10.2. Que se lle dea traslado dese solo onde hoxe se atopan as naves a derribar ó Concello de Vigo pra que realice un proxecto de parque público.

11.- Urbanizar unha zona a carón do mar enfronte á rúa Coruña, pra uso dos vigueses desa parte da cidade.

12.- Urbanizar unha zona ó carón do mar, enfronte da parte coñecida como Curva de San Gregorio, co mesmo obxectivo da anterior.

13.- En función dos acordos acadados no seu día por técnicos da Consellería de Medio Ambiente, Autoridade Portuaria e Concello, que se contemple no Plan de Usos a depuradora que está indicada no PXOM en curso. Tanto se se fai completamente soterrada, como se sobresaie un chisco a súa superficie deberá ser construída pra que teña aproveitamento portuario. En calquera caso é unha dotación que, por ser de evidente interese xeral, terá que aceptar a Autoridade Portuaria, como demostra unha suficiente xurisprudencia.

14.- Desafecta-los terreos e instalacións que non son de uso portuario, e en todo caso que deixen de pagar canon, os xardíns de Montero Ríos, o campo de fútbol e mailo polideportivo de Bouzas, o Centro da Terceira Idade, tamén en Bouzas, os terreos da antiga nave de redes, os túneles de Beirmar que comparten Porto e cidade, así como calquera outra instalación que, non cadrando cun uso estrictamente portuario, sexa de interese público, como por outra banda xa se está a facer con algunhas outras instalacións (colectores de marxe de Ría, Edar de Teis, etc.)

15.- Na zona portuaria central preve-lo solo preciso pra unha instalación de Bombeiros que podería ser utilizada polo Porto e polo Concello, polo que se materializaría mediante un convenio entre as dúas institucións.

16.- Que desaparezan dos plans portuarios ideas como as de construír un hotel, que só serviría pra "facer caixa", pero a cambio de seguir a taparnos o mar de xeito innecesario. E xa de paso, "tampouco estaría mal" cumpri-lo artigo 94 da Lei de Réxime Económico e de Prestación de Servicios dos Portos de Interese Xeral.

#### **Notas:**

Pra unha actuación integral no litoral de Vigo as accións anteriores deberían ser acompañadas por outros acordos coa Xefatura Provincial de Costas, como serían:

A.- Construír unha esclusa na ponte de Samil de xeito que permita a rexeneración da Xunqueira do Vao e mailo último tramo do río Lagares, o que posibilitaría usos moitísimo mellores desa zona.

B.- Canaliza-lo leito do río Lagares entre a ponte de Samil e a súa desembocadura no mar.

C.- Asemade, que se fagan tódolos estudos técnicos precisos de xeito que nos permitan establecermos un plan de etapas pra acrecenta-las praias de Vigo, comezando pola construción de novas praias en Teis, así como a rexeneración das de Bouzas, Alcabre, Samil, e as que temos entre Alcabre e Samil. Esta última, e debido a súa saturación, deberá ser ampliada nun 500%, é dicir, que multiplicaremos por cinco o actual areal de xeito que pasaremos dos actuais 20 m. de area seca en preamar a un mínimo de 100 metros.

**Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, por escrito de data 29 de setembro de 2006:**

A modo de limiar:

Primeiro de todo dicir que a presentación desta segunda emenda é unha opción máis secundaria ca o seu nome, porque significa que non se aprobou polo Pleno a emenda que presentamos primeiro e nela contéplase un futuro moi importante para Vigo, polo que nos comprometemos a seguir traballando ata que podamos impoñela democráticamente.

Agora ben, unha cousa é que non se aprobe esa magnífica proposta e outra ben distinta sería que cada un dos grupos municipais nos pechemos nas nosas propias ideas e renunciemos "a unha alternativa positiva", co que quedaría aprobado, aínda que por omisión, o plan cativo e ruín que como Plan de Usos nos propón a Autoridade Portuaria de Vigo.

Por iso propoñemos esta emenda, para "salvar os mobles", porque sen ser o que aspiramos (nin moito menos) ten de bo que axudaría a resolver problemas moi substanciais da nosa cidade, cousa que non faría o mal Plan de Usos da Autoridade Portuaria.

Este documento debe ser un punto de converxencia, xa que foi aceptado no seu día pola Xunta de Voceiros por unanimidade (índa que nós xa dixemos daquela que o considerabamos un documento de mínimos). Por iso esperamos da coherencia de todos que conte de novo co apoio unánime da Corporación.

Xa que logo, transcribimos aquel acordo, coa única corrección dalgún erro mecanográfico:

No documento de CONCLUSIÓNS da Comisión mixta, de setembro de 2005, redactado polo Sr. Xerente de Urbanismo, acadáronse entre outras as seguintes:

"(..)AS DEMANDAS DA CIDADE

A) INSTALACIÓN DA NOVA DEPURADORA

Na sesión da Comisión do Bordo Litoral de 3 de decembro, propúxose por parte dun dos membros da mesma a oportunidade de aproveitar esta actuación

-----  
S.Ordinaria 29.09.06

para xerar nesta zona outra serie de servicios e infraestructuras, nomeadamente unha nova estación depuradora de augas residuais que na medida do posible debería ir soterrada. Esta proposta concorda co previsto no Plan Xeral que se aprobou inicialmente. A ampliación desta area portuaria a través do correspondente recheo, ten que contemplar a construción dunha segunda estación de depuración de augas residuais (EDAR), que complemente e/ou substitúa a actualmente existente no treito final do Lagares.

Posteriormente foron presentados polo Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia os estudos previos para a construción da depuradora no recheo de Bouzas situando a mesma nos terreos ocupados polo Consorcio da Zona Franca. A Comisión despois de estudar varias alternativas acordou propoñer a modificación desta localización desprazándoa cara ó extremo do rompeondas gañando unha superficie duns 62.000 m<sup>2</sup> en forma de bulbo que sobresae uns 50 m. da aliñación do peirao. Esta solución presenta varias vantaxes respecto da inicial:

- Posibilidade de ter unha accesibilidade independente das superficies portuarias.
- Maior distancia do núcleo urbano
- Formación dunha protección contra as ondas e o vento para os buques que operen na nova terminal, cuestión importante en razón do antes sinalado.
- Non interfere na ordenación dos usos na area portuaria.

Non obstante, esta proposta debe ser trasladada ós técnicos da Consellería de Medio Ambiente ós efectos de contrastar a súa viabilidade, e determinar no seu caso as condicións necesarias para o desenvolvemento desta instalación.

#### B) INTERVENCIÓN NA AREA DE BOUZAS

A ampliación do peirao de Bouzas para Terminal Principal de contedores, e a conseguinte reordenación dos usos portuarios na mesma, facilita a posibilidade de recuperación para usos cidadáns dalgunhas superficies portuarias que, xunto con outras actuacións de carácter estrutural no encontro da cidade co porto, demandan unha serie de accións estruturais na área, coma son:

##### SOTERRAMENTO DO TRAZADO DE AVDA. BEIRAMAR

O soterramento da Avda. de Beiramar terase que dispor ao longo de todo o seu paso pola fronte de Bouzas, tal e coma se determina no plano que se adxunta, de modo que os tráfico cara ó porto, ou os de paso cara a ponte deben circular baixo terra, e a nivel do chan só poderán circular os tráfico locais.

##### RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PARA USOS CIDADÁNS

A reordenación dos usos portuarios e o soterramento da Avda. de Beiramar entre o mercado e a igrexa, permiten a recuperación do espazo destinado a estes usos para usos cidadáns, restablecendo por esta beira o contacto da Vila de Bouzas co mar, e integrando no espazo público debidamente reurbanizado os edificios do Liceo Marítimo, da Escola de son e imaxe e do Instituto de Investigacións Pesqueiras.

Facer peonil e restrinxir ó uso do tráfico local desa superficie é a consecuencia lóxica e necesaria para atenua-la interferencia do tráfico pesado na Vila de Bouzas.

#### CONTINUACIÓN DO PASEO DE BOUZAS

É igualmente necesario que se sega a dar continuidade ao paseo de Bouzas, que decorre hoxe pola beira setentrional da praia, para seguir a facelo pola banda oeste da zona, ata chagar á fronte da nova Depuradora, ampliando así a capacidade de aproveitamento desta dotación por parte da cidadanía, nomeadamente dos veciños de Bouzas.

#### POSIBILIDADE DE CREACIÓN DUNHA NOVA PRAIA

A actuación pretendida pola Autoridade Portuaria en Bouzas podería resultar compatible coa creación dunha praia na fronte de ampliación do paseo proposto. Xúlgase que nun primeiro intre esta praia debe ser artificial, isto é, que para a súa formación, de primeiras, ten que ser necesario o aporte de area, pero, dada a forma e localización da actuación, co paso do tempo o amoreamento de áridos puidera ser natural. En calquera caso deberan encargarse os estudos pertinentes de correntes e dinámica de litoral para contrastar a viabilidade da proposta.

#### C) INTERVENCIÓN NA AREA CENTRAL DO BORDO PORTUARIO

A ampliación da área portuaria de Bouzas e a reordenación conseguinte dos usos portuarios no conxunto do Porto de Vigo permitiría, como xa se ten dito, a recuperación de espazos portuarios para usos cidadáns e a mellora na sempre desexada vinculación dos espazos urbanos coa Ría, referíndose entón ó peirao de froita. Por outra banda a execución da prolongación do túnel de Beiramar e o viaducto de conexión coa AP-9, conforman xa un límite dos espazos funcionais do porto. Esta situación, xunto coa oportunidade do traslado das instalacións ferroviarias da estación de clasificación á PLISAN que se está a negociar con RENFE, abren unha magnífica oportunidade para a reordenación de toda a fachada urbana do Areal e a consecución dun espazo publico que chegue de Isaac Peral ó Berbés.

Sobre esta base determínanse as seguintes actuacións:

#### AMPLIACIÓN DO PEIRAO DE PASAXEIROS

Na zona portuaria preverase a ampliación do peirao de pasaxeiros dando resposta a unha das accións estratéxicas da cidade que ven sendo reclamada dende hai tempo. para esta finalidade de atraque de transatlánticos e desenvolvemento das actividades que comporta este tráfico de buques. Pero hai que facer constar que o espigo deberá ter o largo mínimo operativo de xeito que se evite un grande impacto ambiental coa súa ampliación.

A dimensión final para a liña de atraque prevista será a suficiente para permiti-lo atraque de tres cruceiros de grandes dimensións, coma os que escalan regularmente en Vigo.

#### AMPLIACIÓN DO PORTO DEPORTIVO



Proponse a ampliación do Porto Deportivo dotándoo de espazo aquelado de varadoiro. Prevese a ampliación dos edificios de servizo necesarios para o funcionamento dun porto deportivo de grandes dimensións.

#### CREACIÓN DUN NOVO PASEO MARÍTIMO

Crearase igualmente un novo paseo marítimo en fronte do actual Peirao do Comercio, que dará continuidade ao Paseo de Elduayen estendéndoo, a través do parque Liñal do Areal ata o nó de Isaac Peral.

Tamén será preciso reorganizar e ampliar a zona deportiva existente sobre a rúa do Areal. A lonxitude resultante do paseo entre o nó de Isaac Peral e en fronte do Berbés sobrepasará os 2 km.

#### CREACIÓN DUNHA AREA DE INTERMODALIDADE VENCELLADA AO TÚNEL DE BEIRAMAR

Dentro das previsións do PXOM contéplase a dotación dunha serie de nodos de intermodalidade de transporte que resultan básicos para potencia-lo transporte público na cidade. Un dos máis sinalados é o que se define neste entorno acollendo o transporte de Ría. Proponse, xa que logo, a creación dunha área de intermodalidade que reúna a Estación de Ría, aparcadoiros de público, e transporte de autobuses urbanos, localizándose alí a terminal de autobuses interurbanos que actualmente se empra na rúa do Areal.

É preciso perfeccionar a infraestrutura existente mediante a creación dun aparcadoiro soterrado de servizo do porto deportivo, e da estación de ría, que terá que aportar as prazas de aparcamento necesarias.

Todo elo terá que resolverse nun proxecto específico que deberá procurar minimiza-lo impacto visual e a mellor integración deste novo espazo cidadán vinculado ó mar. Asemade, os representantes da Autoridade Portuaria suxiren a necesidade de estudar outras localizacións alternativas para esta área de intermodalidade.

#### REORGANIZACIÓN DA ÁREA FERROVIARIA.

Reorganizarase a área ferroviaria de mercadorías, previndo o traslado da Estación de clasificación, que se situará na PLISAN, a través dun convenio do Concello de Vigo con RENFE (hoxe con ADIF) que permitirá a materialización dos aproveitamentos urbanísticos que correspondan nunha edificación baixa, que acolla usos terciarios de ocio e administrativos e que conforme unha fachada urbana para este novo espazo público e oculte o viaducto e as instalación portuarias.

Construirase un edificio de servizos ferroviarios, que debe centralizar os diversos usos administrativos, na fronte de Isaac Peral, eliminando de alí os accesos de vehículos de transporte.

#### CREACIÓN DUN PARQUE LIÑAL NA FRONTE DO AREAL

Multiplicarase o espazo de uso público do Areal coa creación dun parque liñal sobre a zona ferroviaria liberada.

Este parque dará continuidade á zona de uso público da Praza de Compostela e rúa de Montero Ríos.(...)."

**Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 28.09.06:**

"Téndose presentado neste Concello o pasado día 1 de setembro do 2006 o denominado "Plan de utilización de espazos portuarios de la zona de servicio del Puerto de Vigo" (en adiante PUEP), e téndose publicado no Diario Oficial de Galicia Nº 175 de 11 de setembro de 2006 anuncio relativo ao inicio de tramitación do referido Plan, declarando aberto o periodo de exposición pública, e a calquera efecto, presenta as seguintes alegacións a dito documento:

1.- O documento presentado pola Autoridade Portuaria de Vigo está totalmente escrito en castelán. E cando dicimos totalmente, queremos expresar non só que só exista unha versión nesa lingua e non exista unha versión galega, é que o maltrato que sofre a nosa toponimia, os nomes dos nosos lugares, e polo tanto o aparente desprezo para toda unha normativa legal creada ao longo dos últimos 20 anos, induce a pensar que pola APV "non ten pasado o tempo".

Con independencia de que deba existir, cando menos, unha versión en galego, debe ser totalmente substituída a base documental, en aplicación da lexislación vixente en materia de normalización lingüística, lexislación que tamén debe ser cumprida.

2.- En relación coa conveniencia da redacción do PUEP.

A vixente Lei 48/2003 de 26 de novembro, do réxime económico e prestación de servizos nos portos de interese xeral, establece a obrigatoriedade de redacción por parte de ditos portos de toda unha programación da actividade, ao redor de diversos plans e programas.

Vén ao caso a referencia ao marco global por canto o BNG vén solicitando, dende hai anos, a redacción dos plans básicos que definan a actividade portuaria na nosa cidade con carácter estratéxico, único xeito de posibilitar unha relación constructiva e transparente entre a cidade e o seu porto.

Porque o certo é que a Autoridade Portuaria de Vigo, ao longo dos anos, amosouse moi renuente a dita redacción, preferindo avanzar ao ritmo da improvisación e da suposta "necesidade inaprazábel" para, en sucesivas ocasións, manter unha política de recheos e ocupación de espazos, ao marxe de calquera procedemento e lei. Deste xeito ía esquivando calquera procedemento de control público, evitando a transparencia e ocultando os seus auténticos plans sempre que puido. Este xeito de actuar ten provocando o inevitábel enfado da cidadanía diante do abuso permanente da APV, xunto cun aumento da súa concienciación diante das agresións que sofre a Ría de Vigo, produto do seu recheo continuado.

O certo é que, como consecuencia desa forma de entender a xestión portuaria, chegamos a este momento cun único documento aprobado: o Plan Especial do Porto de Vigo (en adiante PEP), aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en 16/4/98, acordo no que o BNG tivo un papel relevante, máis que é magro resultado logo de 30 anos de sistema democrático.

Cómpre ademais indicar que chegamos a este punto con moito retraso. O vixente PEP indicaba no seu artigo 8 a obrigatoriedade para a APV de

-----  
S.Ordinaria 29.09.06

entregar nun prazo de tres meses, contados dende a data de aprobación, un estudo das superficies ocupadas por distintas concesións e unha proposta de optimización de ditas superficies. Ademais, un ano despois de tal aprobación, a APV tiña que ter entregado o presente PUEP. En suma, con retraso e sen coñecer o estado de ditas concesións.

Vaia pois por diante que valoramos positivamente a presentación pola APV do PUEP, máis cómpre ter en conta as seguintes precisións:

- En meses pasados, a APV inicia a tramitación de senllos proxectos de obra para "Ampliación do peirao de trasatlánticos e da darsena deportiva" e "posta en marcha da terminal de contentores en Bouzas". O inicio da tramitación, previo á presentación do PUEP, dos anteriores proxectos, parece expresar unha vontade inequívoca da APV de "facer aquilo que lle pareza ben" sen tomar en consideración ningunha opinión que non sexa a derivada do seu propio criterio.
- Máis aínda, no BOE N°185 de 4/8/2006 publícase a convocatoria de concurso de ideas para proxectar a ordenación arquitectónica e urbanística da área central. ¿Como redactar un proxecto de "ordenación urbanística" sen un novo Plan Especial do Porto que contemple as variabeis que debe cumprir calqueira ordenación?. O PUEP agora a debate para nada aporta cobertura a dito concurso. ¿Ou quérese situar á cidade de Vigo fronte a feitos consumados?.
- Xunto co PUEP, e denantes de redactar un novo PEP, cómpre que a APV presente o Plan Director de Infraestructuras do Porto, en consonancia co cumprimento da Lei 48/2003 xa citada.
- É necesario ademais acompañar este documento cun estudo pormenorizado das concesións que ocupan a plataforma abeirada á Ría, coa proposta de liñas de optimización de uso das superficies, en cumprimento do artigo 8 do vixente PEP, apoiada na recuperación das superficies cuxo uso actual se considere incompatíbel coa nova ordenación de usos, tal como expresa a Lei 48/2003. O actual documento sinxelamente aporta unha relación e renuncia a calqueira acción recuperadora, apostando polo sinxelo esgotamento de prazos, prazos que en moitos casos superan sobradamente o periodo de vixencia do PUEP proposto. ¿Non hai intención de discutir realmente ningunha concesión? ¿Preténdese máis unha vez burlar o cumprimento do acordo expresado no artigo 8 do vixente PEP?.

### 3.- Ámbito territorial que abranxe o PUEP.

O ámbito que agrupa o PUEP contempla unha superficie de auga de 14.000 Ha e unha superficie de terra de 4.911.768 m<sup>2</sup>, dos que abeirados á Ría son 2.476.857 m<sup>2</sup>, e outros 2.434.911 dentro da Plataforma Loxística e Industrial de Salvaterra e As Neves (en adiante PLISAN). Sen dúbida, a existencia da PLISAN, mercede á colaboración da Consellaría de Vivenda-Instituto Galego de Vivenda e Solo, Consorcio da Zona Franca e a propia Autoridade Portuaria de Vigo, define a novidade esencial do novo porto de Vigo.

Ao longo da Memoria non percibimos axeitadamente destacado este feito, que practicamente multiplica por dúas a superficie histórica do porto de Vigo en superficies de terra e que é o máis importante que lle ten acontecido ao porto de Vigo nas últimas décadas.

A PLISAN representa o esforzo conxunto das administracións e da cidadanía para dotar ao porto de Vigo dunha plataforma loxística interior, comunicada por estrada e ferrocarril, e ideada para permitir un crecemento das actividades portuarias acaído aos próximos anos e tendo en conta a situación de angostamento do noso porto. Velaí que tivo o apoio dende sempre do noso grupo, pois entendiamos e seguimos a entender que o crecemento perpetuo das superficies portuarias sobre a ría non é posíbel, nen é xa aceptábel pola cidadanía.

Sen dúbida, con esta ampliación, que xa tivo o seu impacto territorial e social en Salvaterra e As Neves, deberíanse ter en conta no documento distintas alternativas como o traslado en maior medida de actividades loxísticas á PLISAN. Nembargantes parece non terse en conta, nen valorarse o impacto producido pola realización de tal Plataforma.

En canto á delimitación da zona de servizo, o PUEP recoñece que é innecesaria calqueira ampliación en terra, conclusión congruente coa existencia neste intre da PLISAN. De feito redúcese a zona de servizo en tramos de costa innecesarios para a actividade portuaria por valor dunha superficie cercana aos 100.000 m<sup>2</sup>, superficies todas elas fora do termo municipal de Vigo.

#### 4.- Área de Bouzas.

##### 4.1. Novo recheo e ampliación.

Dende o noso punto de vista este novo recheo sobre a Ría de Vigo está totalmente inxustificado.

- En primeiro lugar, xa no PEP aínda vixente establécense unha serie de cautelas que foron produto da reflexión feita a finais dos anos 90, que conducían a considerar que a política de recheos indiscriminada que levara a cabo a APV en anos anteriores era absolutamente desacertada e tiña un coste ambiental altísimo. Foi por iso que se estableceu denantes de nada en dito documento, que a APV elaboraría un estudo da ocupación do solo portuario que entregaría tres meses despois da aprobación do PEP, estudo no que se proporía a optimización do uso de ditas superficies. Non temos coñecemento de que tal estudo se realizara. Polo demais, non se declara unha acción de recuperación das concesións hoxe vixentes en estado de infrautilización ou que non se adecúen aos futuros usos; todo o máis acéptase o seu remate sen un programa de actuación preciso.

- En segundo lugar, neste intre xa están en marcha as obras de urbanización da PLISAN. Sen dúbida, este esforzo das administracións e da cidadanía para dotar a Vigo e ao seu porto dunha solución loxística é encomiábel, e sempre tivo o noso apoio. O resultado vai ser que a APV vai ver incrementada a súa superficie en 2.476.857 millóns de metros cadrados. Practicamente a APV vai multiplicar por dous a súa superficie, polo tanto seméllanos ausente de xustificación a intención da APV de voltar a considerar os recheos sobre a Ría de Vigo como "inevitabeis".

A APV debe considerar que a sociedade xa ten asumido un enorme esforzo de impacto social, paisaxístico e medio ambiental en Salvaterra e As Neves, precisamente tamén co obxecto de evitar recheos. Un novo impacto sobre a Ría expresaría o evidente: a ausencia dunha estratexia de crecemento sustentábel por parte da APV.

#### 4.2. Reducción da zona adicada a construción naval.

Entre as distintas modificacións nesta área, apreciamos unha redución de superficies adicadas á construción naval, que pasa de 111.512 a 13.383 m<sup>2</sup>. Nembargantes, destacamos a ausencia de reserva de solo para o Centro de Reparacións Naval, que debería ter o seu espazo precisamente nesa área.

Non coidamos que sexa necesario insistir na necesidade de facilitar a boa marcha actual e futura do sector naval da nosa cidade. A alternativa deste Centro colaboraría á seguridade no futuro dun sector que agora vive un bo momento, pero que pode pasar por dificultades, como xa temos aprendido na propia historia da nosa cidade.

#### 4.3. Exclusión da zona de servizo portuario dos terreos que teñen xa natureza urbana de uso deportivo, asistencial ou educativo.

Nesta área localízanse diversas infraestructuras de uso cidadán que non teñen nada que ver coa actividade portuaria e que realmente forman parte da Vila de Bouzas tanto como o adro da igrexa, o paseo marítimo que alí existe ou a propia praia de Bouzas que conseguimos salvar da ameaza de recheo.

Estamos a falar do campo de fútbol, do centro da terceira idade, da que será Escola de Arte Dramático e do polideportivo, polos que ademais o Concello vese na obriga de orzamentar ano a ano o pago de cánones. O mesmo acontece co túnel do Areal ou o da darsena do peirao comercial de Guixar.

Considerando o anterior coidamos preciso que a APV exclúa da zona de servizo portuario estes terreos e inicie a súa desafección.

#### 4.4. Mantemento de uso de mariña no extremo norte.

No extremo norte desta área preténdese manter o uso náutico deportivo que agora mesmo se realiza. Coidamos que non é coherente en absoluto. O Plan a estudo define unha actuación náutico deportiva na zona central xa suficientemente importante.

#### 4.5. Débese contemplar o túnel previsto no vixente PEP dende a redonda de Bouzas ate a confluencia da rúa Coruña coa Avda. de Beiramar.

#### 5.- Área de Beiramar.

5.1. Débese contemplar o túnel, xa aceptado no vixente PEP, de cara a completar a ronda litoral .

#### 6.- Área Central lúdico-portuaria.

6.1. O conxunto resulta dunha excesiva ocupación de lámina de auga, que ocuparía aproximadamente unhas 18,5 Ha.

6.2. Aínda sen tratarse dun plan urbanístico, o conxunto da "edificación potencial" que se describe pola documentación do PUEP e pola publicidade que inunda os medios de comunicación é excesiva e repetitiva.

Precisamente e recentemente, con ocasión do inicio das obras do Centro Comercial de A Laxe, resultado de aquel proxecto denominado "Abrir Vigo al

mar", a cidadanía tivo ocasión de descubrir cal é o resultado de deseños "visionarios": a construción de edificios enriba, efectivamente, do mar. Vigo nesa zona da cidade non precisa de máis hoteles, nen de máis ocupación de espazos. Cómpren, iso si, máis espazos libres, máis acceso ao mar, e non repetir episodios como os do edificio da Xunta de Galiza ou o citado Centro Comercial. Nembargantes a APV insiste en reproducir modelos errados.

6.3. Temos expresado en moitas ocasións a nosa inclinación a que se defina o uso, total ou parcial, de Museo da Emigración para a Estación Marítima.

A súa posta en marcha permitiría completar a rede museística da cidade de Vigo e mesmo serviría de homenaxe a aqueles e aquelas que partiron da súa terra dende a nosa cidade para buscar un futuro en lugares lonxanos. É parte da historia do porto de Vigo e da cidade.

6.4. Non coincidimos coa situación prevista para a Estación de Ría. Inclínámonos por unha ubicación que permita unha definición intermodal que poña en valor como alternativa o transporte de ría.

6.5. O carácter urbano desta zona e a súa propia definición de usos debería traer consigo a exclusión da zona de servizo e a súa desafectación (por exemplo os xardíns de Montero Ríos).

#### 7.- Área de A Lagoa.

No PEP aínda vixente estipulábase que o desenvolvemento da zona náutico-deportiva que agora alí existe ficaba determinada pola aprobación, no seu día, do planeamento secundario, neste caso o Plan Especial de Protección de A Guía. Lamentablemente a actuación unilateral da APV e a pasividade do Goberno Municipal deron na realidade hoxe existente dun porto deportivo ao marxe de planeamento, sen accesibilidade, con varias naves ilegais e que usa como si un vial fora o chamado "cortalumes". No PUEP, debería cando menos, resolverse o problema da accesibilidade, a traveso da propia zona de servizo portuario.

Por outra banda, nos terreos lindantes a calificación de industrial-comercial permite a pervivencia dentro do ámbito de usos que deberían ser obxecto de traslado. De feito, no Plan Especial de A Guía contemplábase a súa calificación para usos de equipamento.

Procede polo tanto:

- Que se contemple a solución da accesibilidade do porto deportivo de A Lagoa por terreos portuarios.
- Que se contemple a extinción dos usos industriais e comerciais que se pretenden manter nos terreos veciños, cos compromisos precisos para o mantemento dos postos de traballo.

#### 8.- Área de Ríos-Teis.

Con sinxeleza diríamos que o PUEP non ordea, nen regulariza, nen comproba o actual uso das concesións: sinxelamente reflicte o que existe e manifesta vontade de que siga existindo. Unha sinxela visita á zona e unha mínima capacidade de observación levarían aos responsabeis da APV a apreciar o contorno abigarrado e difícil no que viven os veciños e veciñas daquel lugar.

En todo caso, coidamos que non ten senso seguir mantendo como uso de reserva portuaria os terreos situados ao leste da Estación Depuradora de Teis, que hoxe poderían ter un uso urbano de atención ao lecer dos cidadáns, así como o tramo de costa que comunica ditos terreos coa praia de Arealonga, no veciño Concello de Redondela. Non entendemos, e os cidadáns de Vigo non entenderían, o distinto trato que reciben no PUEP estas situacións en relación con como se tratan tramos de costa moi semellantes no Concello de Redondela, separados deste non máis de 150 metros."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 26 de setembro de 2006, por maioría, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta de data 22 de setembro citada anteriormente.

*No transcurso do debate se incorporan á sesión os Sres. Arias Moreira e Coello Bufill)*

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Confeso que este tema me ten aburrido como poucos que tratei na miña vida política que xa non é pequena e vou ver se son quen ata de gastar poucas verbas.

Non me gusta o Plan de Usos que presenta a Autoridade Portuaria, penso que a Autoridade Portuaria montou un debate que dalgún xeito estaba pechado, alomenos temporalmente pechado para un certo tempo; cando houbo unha comisión de técnicos do Porto de Vigo, do Concello de Vigo e de Portos de Galicia, da Consellería de Pesca alomenos, non sei se tamén de Medio Ambiente, e todos eses técnicos chegaron a un dictame, ese dictame mirámolo no seu día os voceiros do Concello de Vigo e estabamos de acordo. Todos deixabámonos plumas nese dictame porque todos tiñamos ideas diferentes, distintas matizacións pero todos estabamos dispostos a ceder e facer un grande consenso en Vigo. Ese gran consenso estrágo o actual Presidente da Autoridade Portuaria presentando un Plan que non ten nada que ver con aquel grande consenso. Ese feito político para min está sendo un desastre, está tendo consecuencias desastrosas para Vigo e vai ter máis a medio prazo.

Nós seguimos coidando como eixo fundamental para unha actuación nun Porto de Vigo, que queremos un Porto cunha oferta potente nos aspectos de axuda ó medre industrial, turístico e dende logo no medre hiperbólico do lecer, é dicir, das capacidades e as posibilidades dos vigueses e as viguesas de se achegaren ó mar.

Iso non se contempla no proxecto da Autoridade Portuaria que ademais do que acabo de dicir que é o máis grave de todo, ten erros técnicos salientables, na nosa opinión. Por exemplo fala de que se vai facer un acrecemento en

Bouzas e contra a opinión dos técnicos de Portos de Galicia no seu día, contra os do noso Partido tamén e contra outros, non lle poñen ningún tipo de espigón que poida albeirar ós barcos e que realmente permita descargar os contedores e portacontedores que precisan de moi pouco movemento para poder efectuar a súas operacións de carga e descarga, necesitan certa precisión no traballo dos guindastres; é unha cuestión técnica que tal e como se deseña esa ampliación non sería operativo tecnicamente.

Ademais diso vólvese a incidir en erros e é que esta cidade non para de se escandalizar dos seus erros e volve cometelos. Está todo Vigo escandalizado polo edificio da xunta de Galicia, de que ese edificio tapara o mar nun dos sitios claves da cidade e agora imos construír un hotel. Eu non sei se hai algunha desculpa -para min non- facer un edificio da Xunta de Galicia pero alomenos tería a desculpa de seren un edificio institucional, pero isto nin iso, imos facer un hotel no medio da ría.

Non se desafecta ningún dos terreos que non teñen nada que ver co Porto como é a Residencia da 3ª Idade de Bouzas, o campo de fútbol do Bouzas, é dicir, desaféctanse terreos afectos ó Porto, en todos os demais concellos, pero no de Vigo nada. É unha operación política absolutamente belixarente contra esta Corporación, unha operación política non de partido senón de individuo en carreira política persoal sen lle importar nin o seu partido, nin Vigo. Dígoos como penso, como sinto e como lamento que se nos poña esta historia enriba da mesa.

Nós temos unha proposta que vostedes coñecen e temos unha emenda alternativa a un dictame, porque o dictame unha cousa é dar conformidade a informes técnicos que como tales deixan en segundo plano opinións pero que realmente afectan a aspectos de visión técnica e outra cousa é que non haxa unha proposta política do Concello de Vigo, cousa que ten que haber. Para nós esa proposta técnica non é transformable en proposta política, para o dicir tamén moi claro. Eu que loubei ese informe técnico digo que iso transformado en político é outra historia.

Polo tanto nós non estamos de acordo. Saben que temos un proxecto do litoral realmente revolucionario pero somos conscientes de que esta Corporación non está para esas festas, non está para unha operación dun grande Vigo de futuro, aínda non non sei se estamos para salvar os mobles do Vigo de hoxe.

Conscientes diso presentamos unha emenda segunda que debera ser transaccional para todos e debera ser así porque o que fixemos foi dar pasos cara atrás e mirar, ónde podería haber un punto de consenso. Ese



punto de consenso houboo por parte de todos cando os técnicos de todas as institucións chegan a un acordo e dinnos que pode ser un acordo para todos e nós asumímolos. Insisto en que a todos nos parecía mal por algunha razón pero tamén nos parecía suficientemente ben e conciliadora a proposta como para lle dicir que si.

Eu póñoille hoxe formalmente enriba da mesa que me parecería nefasto que este mal Presidente da Autoridade Portuaria, este home que ven provocar este conflito político en Vigo que estaba empezando a superarse, realmente sexa o vencedor desta operación política e o único que saia aquí é que todos votemos distinto co que lle deixamos as mans absolutamente libres ó tal Sr. Presidente da Autoridade Portuaria, e falo del con infinito desprezo político por tal e como se está a comportar.

A responsabilidade témola todos. Nós estamos dispostos a chegaren a acordos que sexan razoablemente asumibles por todos para Vigo. Fagan os demais parecido esforzo e deamos unha altura de miras de Corporación que defenda obxectivamente os intereses de Vigo e non os intereses electoralistas facendo piruetas políticas varias.

Ó mellor habería que maldicir algo menos a esta Corporación porque ó final estaría algún dalgún xeito á altura das circunstancias. Se non é así, mala cousa para Vigo.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Nós temos que saudar como positivo a iniciativa da Autoridade Portuaria de presentar, aínda que pensamos que a destempo, un Plan de Usos e espazos portuarios, un documento longamente no tempo demandado por parte do grupo municipal do BNG, nesta e noutras Corporacións porque entroutras cousas nos permitiría saber e coñecer cómo se desenvolve, cales son as intencións e os obxectivos do Porto, o seu crecemento, o seus obxectivos estratéxicos e ó mesmo tempo aproveitar esta oportunidade precisamente para dar un debate que é necesario dar en canto a cales son os obxectivos do Porto e os da cidade. Nese sentido parécenos importante esta oportunidade que o grupo municipal do BNG non vai desaproveitar, nin moito menos. Este debate queremos dalo cun sentido constructivo de mirar cara adiante e, como xa repetimos en reiteradas ocasións, as tensións entre o Porto e a cidade non son desta cidade, son de todas as cidades que teñen porto e esa tensión témola que mirar en sentido positivo, en sentido de oportunidade. Iso é o que precisamente queremos facer dende o grupo municipal do BNG.

En primeiro lugar, para nós este documento é tremendamente ambiguo, pero esa ambigüidade está calculada porque malia seren ambiguo apunta a direccións que nós non compartimos e por iso queremos invitar á cidade e ó resto dos grupos municipais á reflexión e en todo caso que se teña en consideración para acadar un bo documento que permita tanto á Autoridade Portuaria como á cidade recoller as súas aspiracións. Ó mesmo tempo seguimos demandando, porque é un documento coxo, o Plan Estratéxico do Porto e o Plan Director de Infraestructuras, para nós dous elementos necesarios e imprescindibles para nos facer unha composición real e total dos intereses do Porto e tentar compaxinalos cos interes da cidade. Esta é unha oportunidade que temos aquí e polo tanto nós estamos por dar o debate. Gustaríanos saber se poden pasar os anos pola propia Autoridade Portuaria e polo seu equipo porque non só non se presenta un documento en galego, que debera ser o normal, senón e sobre todo que non se respecta a toponimia. Sinceramente a nós iso non só non nos gusta senón que solicitamos que se corrixa dunha vez por todas e a ver se é quen do asumir porque outros presidentes así o fixeron e esperemos que este tamén, igual foi un despiste, pero agardemos que desta volta e en función da proposta, que se corrixan todos os topónimos, que se respecten e que o galego sexa tamén unha lingua vehicular do Porto, entroutras razóns porque non sei se o 100% dos usuarios pero a lingua de expresión da súa inmensa maioría é precisamente o galego e non outra.

A maiores disto e xa entrando no propio Plan queremos falar dalgunha cuestión que a nós nos parece importante non desaproveitar esta oportunidade. Remítome ó documento que nos envía o propio Porto de Vigo. Quero chamar a atención de todos os Corporativos que na páxina 2, na segunda columna, fala de algo que para nós é importante e pensamos que hai que o ter moi en conta. Leo literalmente: "En ausencia do Plan Especial de Ordenación do Porto e de conformidade co artigo 19.2 da Lei 27/1992, de Portos do Estado e da Marina Mercante, ser o documento de planeamento portuario". Estase a referir ó Plan de Usos e espazos portuarios e nas intencións do Porto de Vigo di literalmente "ser o documento de planeamento portuario ó que se deben axustar tanto as obras de superestructura e instalacións que realice a Autoridade Portuaria, como as realizadas a través de concesión ou autorizacións administrativas".

Coido que é un aspecto moi importante a ter conta porque nos está a dicir que se non hai un plan especial de ordenación do Porto, e hai partes do Porto que non o teñen, este documento pode ser o documento de ordenación

urbanística polo tanto é máis importante do que a primeira vista parece ser.

Por outra banda a nós o que nos gustaría é que neste documento se recollera non só un mal relatorio de superficies, senón un relatorio exhaustivo e que se completara como debera de ser unha relación de todas as concesións ou autorizacións que existen nestes momentos para saber se todas as actividades que hai dentro do recinto do Porto de Vigo son ou non acordes coa propia Lei e en todo caso se puideran estar situados noutros lugares.

Iso non se fai e polo tanto nese sentido a esta Corporación tamén se lle furtan datos imprescindibles para elaborar unha posición seria.

Por outra banda, que xa non é de agora senón que é dende o 26 de novembro de 2003 en que se elaborou a Lei 48 de Réxime económico e de prestación de servizos do Porto de interese xeral, quero chamar tamén a atención sobre o artigo 92 que define cal é a actividade das Autoridades Portuarias. Dío moi claro e así vimos padecendo esa desfeita no porto dende hai bastante tempo aínda que esta Lei o recolle dun xeito máis claro.

Di que "...A xestión de dominio público portuario estará orientada a promover e incrementar a participación da iniciativa privada no financiamento, construción e explotación das instalacións portuarias e na prestación de servizos". Isto quere dicir literalmente o que di e parécenos tremendamente grave porque así orienta a actividade basicamente mercantil de todos os portos de interese xeral do Estado e este evidentemente non ía deixar de selo, por quen o dirixe hoxe pero por quen o dirixiu no seu momento e polo tanto se ve máis o resultado económico final a fin de ano que tentar compatibilizar os intereses do Porto coa cidade e sobre todo de ter un plan de carácter estratéxico de se marcar obxectivos de crecemento ordeado e sostible ó longo do tempo. Iso non se ten feito ata o de agora evidentemente porque está sustentado por unha Lei.

Pódense cambiar as formas, os xeitos e nós estamos convencidos de que así pode ser.

Xa entrando en materia concreta, sobre o plan de usos que se nos presenta o primeiro que temos que dicir é que nos fallan elementos que deberan vir contemplados dentro do Plan de usos e espazos portuarios para ter unha visión completa do que existe realmente dentro do Porto de Vigo, daquelo que se pode modificar en función desta oportunidade que temos enriba da mesa, de ordealo na medida en que é un territorio discontinuo e sobre todo orientalo a aquelas actividades que é necesario que estean radicadas no

Porto e non outras que sinceiramente non teñen razón de ser dentro do propio territorio.

Diciamos que se apuntaban tendencias, tendencias que dende o BNG non compartimos en absoluto. En primeiro lugar porque para nós un dos aspectos máis importantes e salientables é que se propoñen dúas ampliacións do territorio da Autoridade Portuaria; unha en Bouzas e outra en Salvaterra-As Neves. Na de Salvaterra-As Neves estamos plenamente de acordo, temos participado e dentro das nosas posibilidades temos impulsado porque nos parecía importante, fundamental, que o Porto de Vigo tivese unha zona basicamente de loxística para que, entre outras cousas, cando hai a ruptura da carga e descarga, do trasvase de mercadorías, se poida engadir valor e que o Porto non sexa única e exclusivamente unha zona de paso.

Nese sentido salienta que gracias a esa ampliación da PLISAN, a plataforma loxística de Salvaterra-As Neves, o Porto de Vigo vai multiplicar por dous o territorio que ata o de agora tiña. Nesas necesidades de crecemento do territorio coincidiu o BNG e así apostou firmemente por esa plataforma.

Agora ben, con ese mesmo argumento vóltase outra vez cara atrás e dise que fai falla outra vez unha ampliación concretamente da zona de Bouzas, non de 80.500 metros cadrados, iso non é certo; son 134.500 metros cadrados o que se propoñe de aterrados e de recheos na zona de Bouzas. Remitímonos ós propios datos que nos pasaron no Plan de usos e espazos portuarios.

Polo tanto en primeiro lugar non se pode utilizar o mesmo argumento primeiro para un tema e agora para outro. En absoluto estamos de acordo con eses recheos, eses aterrados na zona de bouzas porque non teñen xustificación de ningún tipo.

Por certo, xa non falo nin técnica nin economicamente, o plan politicamente tampouco o xustifica polo tanto vennos dar unha vez máis a razón ó grupo municipal que precisamente o que hai que facer é primeiro reordenar o territorio e en todo caso ampliar, o que xa se fixo coa plataforma loxística de Salvaterra-As Neves, pero non se necesitan maiores ampliacións e nomeadamente unha actuación que ten unha agresividade importante no medio ambiente como a tivo mesmo socialmente en Salvaterra e As Neves a dotación de dous millóns e medio de metros cadrados.

Polo tanto en absoluto vai recibir o apoio do BNG esta ampliación de 134.500 metros cadrados.

Diciamos que se apuntan tendencias porque o que non podemos compartir en absoluto é esa clara orientación que se desprende do plan de usos de eliminación da construción e reparación do sector naval. Baixo ningún

concepto; dentro das nosas posibilidades e todo o que estea nas nosas mans así o faremos para que iso non teña ese mazazo de desaparición desa superficie importante e fundamental para desenvolver unha actividade que ten múltiples ramificacións coma é a construción e a reparación naval.

Por certo, unha actividade económica que nunca vai desaparecer da ría se poñemos todos os medios para que así se desenvolva porque depende única e exclusivamente de nós. Temos falado aquí outras veces da necesidade de poñer os medios para que outras empresas e actividades que hoxe radican aquí pero mañá poden estar noutro sitio, esperemos que non, pero si é certo que se esta cidade medrou foi gracias ó mar e ás súas actividades.

O que nós non podemos consentir é que se poñan trabas a algo que para nós é fundamental coma é a construción e a reparación naval e nese sentido o Plan de usos non é que lle poña unha pedra no camiño, senón que lle impide camiñar cando reduce de xeito drástico no lugar máis indicado como é Bouzas, de 111.500 metros cadrados que nestes momentos está adicados á reparación e reconstrución naval, pasan a 13.400. Baixo ningún concepto dende o grupo municipal do BNG, e agardo que dende o resto da Corporación, recibirá ese apoio porque senón aproveitamos estes anos de bonanza que ten a construción e a reparación do naval nomeadamente debido á saturación dos asteleiros do sudoeste asiático, posiblemente o teñamos que lamentar dentro de moi pouco, entre outras cousas porque estamos a falar de postos de traballo, dunha economía propia da nosa ría, da nosa cidade, da nosa comarca e porque estamos a falar de moitos empregos, tanto directos coma inducidos.

Tamén estamos a falar do prestixio da nosa cidade. Pregunten a quen utiliza o porto, mesmo quen non o utiliza pero pasa polo corredor exterior, do prestixio da construción e da reparación naval e levaranse auténticas sorpresas. Outros países que teñen maior capacidade para competir con nós economicamente veñen sen embargo a Vigo a reparar, a modificar ou a construír os seus barcos porque teñen plena garantía do resultado final e esta Corporación debe darlle o seu apoio a ese prestixio.

Ó mesmo tempo o que nos parece é que naqueles espazos que o Porto de Vigo define coma Beiramar, deberan definir cal vai ser o seu destino final porque conforme vaian caducando as concesións desas empresas de actividade do frío ou da industria, vanse trasladar e sería moi importante que se lles dedicaran esas superficies. Nós pensamos que á construción ou reparación naval entre outras cousas porque non tería sentido entre asteleiro e

asteleiro meter outra actividade que non estivese relacionada con esta. Non está definido e gustaríanos que si o estivera.

A respecto da ampliación que se propón en Bouzas quérese xustificar porque, entre outras cousas, se quere facer unha segunda terminal de colectores. O que non se pode facer é ter espazos, xa non digo infrautilizados, senón non utilizados como estase a ter no propio recinto de Bouzas cunha superficie de 120.000 metros cadrados aproximadamente. Por certo, algo de razón débese ter cando nós denunciámos este aspecto porque os que temos a teima de ler papeis recollemos na proposta de orzamentos xerais do Estado unha partida plurianual pero que xa comeza no ano 2008, onde se fala de rescate de mútuo acordo para a obtención da zona dunha determinada concesión da que non vou dicir o nome, pero é curioso porque o que estamos a poñer enriba da mesa dá a impresión que xa chegou a oídos de alguén e xa tomou esa iniciativa.

Por certo saudámola de xeito positivo porque non pode ser doutro xeito, que propoñamos un recheo de 134.000 metros e teñamos 120.000 sen utilizar. Neste momento, só con dúas concesións teríamos unha superficie útil por falla de uso, de actividade, de aproximadamente 155.000 metros cadrados. Hai que tomar esa decisión de recuperación.

Nas concesións entre outras condicións se lle puña enriba da mesa a esa concesión unha actividade mínima que esta superficie de Bouzas, coma outra superficie en Redondela, non teñen nestes momentos. Con isto queremos dicir que sinceramente este Plan non serve para o que realmente quixera servir e por iso queremos chamar a atención como tamén nos Orzamentos xerais do Estado hai unha partida que fala de rescate de determinada concesión en Rande. Parécenos interesante, importante e positivo porque precisamente está apuntando na dirección que nós sempre demandamos: estudos de usos das superficies do Porto de Vigo e naquelas que non haxa actividade, recuperación da concesión para utilizala no que realmente deba e traballar dentro do porto.

Por outra banda observamos, como xa se apuntou anteriormente polo voceiro do partido Galeguista, como no resto dos Concellos afectados polo Porto de Vigo se desafectan máis de 100.000 metros cadrados e se destinan ós usos que no seu momento reivindicaron as autoridades locais e no caso concreto do Concello do Vigo non se desafecta nin tan siquiera un só metro cadrado. Por iso temos que chamar a atención e que reflexione o propio Porto de Vigo e a Autoridade Portuaria porque non ten que ser única e exclusivamente un axente recadador, debe ser tamén un axente colaborador coa cidade.

O que non pode ser é que seguamos pagando un montante aproximado de 160.000 euros ó ano por infraestructuras, algunhas das cales son vitais para o propio porto, coma é o túnel do Areal ou a súa prolongación. Por poñer o caso, non podemos estar pagando o que se denomina o túnel da dársena do peirao de Guixar case 3.000 euros, ou non podemos pagar o Instituto de Arte Drámatico como se denomina hoxe, 18.500 euros e falo de importes do ano 2005.

Non ten xustificación, non ten ningún sentido porque están cumprindo un papel social do que nos lucramos todos, tanto Porto coma cidade e tamén a sociedade en xeral pero eses terreos e outros que ten demandado o Concello se deberan de afectar polo ben de todos e non seguir co criterio de recadar e punto.

Non só se desafectan terreos necesarios para a actividade da cidade, senón que hai algo para nós tremendamente incongruente e que non ten xustificación de ningún tipo, como que por unha banda se reduce o que antes comentabamos o espazo dedicado á construción e reparación naval e sen embargo se aumentan un 502% as superficies non portuarias comerciais. Non se xustifica en absoluto pero coido que todo o mundo entenderá qué poden ser adicados cando a lei de réxime económico de portos de interese xeral é tremendamente clara e mesmo hai sentenzas ó respecto do que deben ser actividades non portuarias.

Nestes momentos temos 20.677 metros cadrados adicados a actividades non portuarias comerciais e se se aproba este plan tal coma está concibido, imos pasar a 103.973 metros cadrados. Queremos seguir tendo centros comerciais da Laxe ó longo de todo o fronte marítimo da cidade? Coido que houbo unha resposta unánime a respecto dese centro comercial e non debera ser esa a actividade principal dunha Autoridade Portuaria, dun Porto de Vigo e polo tanto o único que estamos a facer con esta proposta é pechar Vigo ó mar, por iso agardamos que tamén se reconsidere esta situación.

En canto á famosa zona central comercial lúdico-portuaria que estamos bombardeados todos os días, compartindo algúns dos criterios que aí se expresan pola necesidade da actividade estratéxica do porto, coma é a ampliación do peirao de transatlántico, parécenos excesiva a ocupación da lámina de auga nesa zona que no noso cálculo aproximado, que nos podemos trabucar, é de 18 hectáreas e media, estamos a falar de 180.500 metros cadrados. Fáganse a idea dun espigón adentrándose 475 metros cara o interior da ría. Parécenos que debera haber unha reflexión profunda dentro do Porto de Vigo e nós queremos reordenación nesa zona, pero non miramos a

necesidade de ocupar unha lámina de auga tan grande como a que se está a poñer enriba da mesa. Non sabemos se é para xustificar outras cousas pero o que si é certo, baixo o noso punto de vista e non entramos en maiores consideracións, é que é unha ocupación máis que excesiva sobre as necesidades que pode ter o porto no presente e no futuro.

Outro apunte que quixeramos destacar, que é necesario e sobre o que ten responsabilidade o Concello, o Goberno actual, é sobre a pretendida consolidación da zona da Lagoa como zona industrial cando baixo o noso punto de vista precisamente se debera aproveitar para eliminar ese uso nesa zona porque esa actividade se pode desenvolver perfectamente en calquer outro lugar pero non aí e así gañar ese espazo importante para a cidade e para os veciños e veciñas de Teis, lugar longamente reivindicado pero que neste plan de usos consolídase esa actividade.

Qué menos que a propia Autoridade Portuaria prevexa neste plan de usos a conexión ó porto deportivo que por deixación deste Goberno municipal consolidouse aí unha zona náutico-deportiva, tremendamente contestada por parte dos veciños.

No caso concreto de Teis-Ríos non se pode permanecer impasible perante esa convivencia imposible entre os veciños e veciñas que alí viven e a propia cidade. Pensamos que debemos aproveitar esta oportunidade para facer unha reordenación e mellorar a calidade de vida deses veciños que tamen veñen demandando dende hai moitísimo tempo esa circunstancia para que non se perpetúe esa situación.

O que nós lle propoñemos é unha emenda de engádegas que xa coñecen todos os grupos municipais porque lla remitimos que o que pretende é aproveitar esta ocasión que temos na cidade para dar un debate, o máis profundo que queiramos, cos argumentos posibles, pero que poidamos compatibilizar os intereses da cidade e do Porto.

Por último, porque sería nefasto que se repetiran determinados incidentes que tiveron posibles consecuencias mortais, o que nos gustaría é que dentro do propio plan de usos se contemplase o plan de continxencias cousa que non fai.

SR. RUIZ CENICEROS: Chegamos ó Pleno na mesma situación na que nos atopabamos hai unha semana no Consello da Xerencia. Centrándonos no que o Goberno propón de ratificación e remisión á Autoridade Portuaria do refundido dos informes técnicos municipais emitidos en relación co Plan de usos, xa advertimos no Consello da Xerencia que en principio, no que



respecta a cuestións puntuais que comentan, en gran parte eses informes exceden do que correspondería incidir en relación ó que é un plan de usos ou de utilización de espazos portuarios, cousa ademais que propicia que se amplíe o debate a aspectos que esta Corporación terá que debater no seu día cando se traia o plan urbanístico, que é o plan especial, que van ser importantes e non só iso, senón que quen vai ter a decisión é a Corporación. O plan especial si depende da Corporación e non vai haber un plan especial do Porto que non teña a aprobación do Pleno, pero iso non acontece co plan de usos.

Faise incidencia, tanto nos informes como nalgunhas das emendas ata o de agora presentadas, en aspectos como estudo de tráfico, actuacións viarias, túneles e mesmo transporte público da ría, edificacións ou construcións que se poidan levantar no futuro no espazo portuario, cuestión que non está reflectida en absoluto no plan de usos e a máis lle compete, porque se se presentase algún tipo de alegación a ese respecto á Autoridade Portuaria, non o podería facer porque non hai nada que modificar no plan de usos nesa cuestión.

A lexislación establece que o plan de usos o único que fai, e xa é bastante para esta fase previa ó que sería a ordenación urbanística, é delimitar as zonas e determinar qué uso propón para cada unha delas e tamén algo moi importante, que é en realidade é no que non hai acordo entre os grupos, como é qué previsións de ampliación e de crecemento ten respecto da zona de servizo portuario que agora mesmo ten.

Xa con iso chegaría e sobraría para ter aquí un debate porque en principio o que se reflecte é que non hai opinión unánime nin entre os técnicos municipais, nin por suposto entre os grupos.

Centrándonos no que podemos incidir que é no informe ou nas alegacións que remitísemos á Autoridade Portuaria, si hai aspectos dos informes que consideramos acertados e que tamén coinciden con algunhas das emendas que se presentaron polo resto dos grupos. O feito de que no plan de usos se incorporase un estudo das concesións vixentes para ter un coñecemento de cales son os espazos que se están a aproveitar, cales son os que se poderían aproveitar por terceiros en réxime de concesións no futuro e cales nos que hai unha previsión de que se poidan liberar, si é conveniente e estaríamos de acordo que se incluíse no plan de usos.

Si é certo que ó mellor as previsións desas desafeccións teñen que se axustar non só ás que se están a tramitar agora mesmo, senón tamén ás que o propio plan de usos propón como usos non portuarios e sería conveniente que

xa previse que se desafectarán. Consideramos que isto sería unha suxestión acertada para remitir á Autoridade Portuaria.

Por suposto tamén todo o que respecta á incorporación dun estudo de sostibilidade ambiental de todo o plan de usos, das actuacións concretas que propón e sobre todo das ampliacións e dende logo que o plan de usos supere o procedemento agora mesmo tan de actualidade que é a avaliación ambiental estratéxica que impón a nova Lei 9/2006. Aspectos que terá que superar porque iso xa é unha cuestión legal que en principio está asumida pero que nese sentido é importante que a Corporación incida e que advirta que ten especial interese en ter coñecemento do estudo de sostibilidade ambiental que se teña que incorporar a ese plan de usos.

Xa hai cuestións que se mencionan e que xa advertimos que non é soamente que sexan curiosas e chamativas, senón que mesmo cremos que poden provocar un conflito ou poden meter nun problema á propia Corporación. Que a día de hoxe, pasados uns meses de aprobado o Plan Xeral, se esixa oficialmente á Autoridade Portuaria que incorpore un mapa de ruidos poque así o esixe a Lei de ruidos e os mesmos técnicos teñan informado no Plan Xeral que o mapa de ruidos non era necesario e que votasemos un Plan Xeral sen ese mapa de ruidos coma mínimo crea un conflito serio. Temos que seren responsables e asumir o que estamos a pedir por esixencia legal, porque non dicimos que cremos conveniente que se incorpore ese mapa de ruidos. Expresamente din os técnicos o que ven no dictame: A Lei de ruidos esixe que se incorpore ó plan de usos un mapa de ruidos; e no Plan Xeral consta por escrito dos técnicos e esta Corporación votouno e por riba se tiñan presentado por este grupo emendas a ese respecto, decidiuse expresamente non incorporar ó Plan Xeral ese mapa.

Xa non imos ir máis aló das consecuencias que iso poida ter, pero soamente iso é chamativo e atisba que podemos estar agora mesmo nun problema que en realidade a quen máis afecta é o Plan Xeral porque en todo caso estamos poñendo en evidencia é que agora mesmo se aceptan esas suxerencias, eses informes dos técnicos xerais, é que no Plan Xeral nese aspecto medioambiental está mal, non por conveniencia ou dende o punto de vista da oportunidade, senón mal dende o punto de vista legal.

Como xa sinalamos e non se corrixiu, e é importante porque é unha das cuestións máis debatidas, é o que afecta á conexión ferroviaria coa zona portuaria. Só nos informes se verten tres opinións; dunha banda se incorporan as conclusións da comisión técnica que pide que no plan de usos se remodele toda a estrutura ferroviaria e se proceda a conexión coa

PLISAN. Máis adiante, aínda que non está debuxado porque nos planos non están nin viais, nin edificios futuros ou existentes, nin rede ferroviaria futura ou existente, o único que se fai é debuxar cores e cada cor é un uso, pero os técnicos municipais confirman que no texto do Plan de usos hai unha proposta firme de que se conecte polo sur a zona portuaria de Bouzas coa PLISAN.

Os mesmos técnicos municipais son os primeiros que din que iso é unha determinación urbanística que non corresponde a un plan de usos, é dicir, que se contradí co que di nunhas páxinas anteriores.

Máis adiante, conforme ó informe que incorporou o servizo municipal de Vías e Obras, sinálase que o Plan de usos non incorpora a conexión ferroviaria entre Bouzas e Areal por beiramar. Non só pide que se incorpore unha conexión ferroviaria senón que ademais solicita que se incorpore un trazado que a día de hoxe está totalmente descartado e é incompatible porque non ten nada que ver coa que supoño que máis ou menos todos temos en mente que é a conexión directa de Bouzas coa PLISAN e non a conexión con beiramar, que coidamos que a día de hoxe en principio ningún grupo a ten no seu pensamento.

Iso é o que en principio se está a propoñer que lle enviemos á Autoridade Portuaria e máis a Portos do Estado e ó Ministerio de Fomento. Maxinen o que van responder a unhas peticións tan contradictorias nun aspecto tan importante.

Na cuestión das ampliacións que, sen prexuízo de que todas as determinacións do plan de usos son importantes, dende logo que é a máis polémica porque foi un dos debates máis acuciantes nos últimos anos, en principio coidamos que o Plan de usos recolle a solicitude ou a proposta de ampliación, de ocupación de lámina de auga, máis moderada de todas as que a día de hoxe se propuxeron tanto polas Autoridades Portuarias como polas Corporacións. É moitísimo menor que a que se aprobou neste Pleno respecto do plan especial actualmente vixente do 98 e é moitísimo menor que as que foron propoñendo todas as Autoridades Portuarias e mesmo a que nun momento dado propuxo a alcaldesa na comisión do Bordo do Litoral.

Os técnicos municipais critican esa ampliación menor contundentemente e mesmo afirman que non está xustificada. Tanto na valoración que fan da ampliación de Bouzas, como na valoración conxunta de todas as ampliacións incluída a do peirao de transatlánticos, veñen dicir que non son necesarias, que o de Bouzas se podería trasladar á PLISAN e que en principio non reúne os requisitos medioambientais.

A opinión que remitiría o Concello de Vigo é que non está de acordo con todas as ampliacións que agora mesmo propón o Plan de usos, porque dicir que non está xustificada, ou que medioambientalmente non reúne os requisitos, ou que a actividade de tráfico de contedores que se propón ampliar se podería trasladar perfectamente á PLISAN, dende logo non é unha mensaxe positiva respecto da ampliación que propón o plan de usos.

Pero ó mesmo tempo eses mesmos informes que critican a ampliación para uso de actividade portuaria e por riba o fan por aspectos medioambientais, expresamente propoñen que se leve a cabo un recheo, dende logo que non sobre pilotes senón que un recheo puro e duro, para situar a nova depuradora en Bouzas, recheo de 60.000 metros cadrados, sen que a día de hoxe teñamos coñecemento nin no Plan Xeral, nin no plan de usos porque non a contempla, nin nos informes municipais, que exista o máis mínimo estudo de impacto ambiental ou estudo de valoración ambiental do que suporía ese recheo e unha instalación e equipamento dese tipo na entrada da ría.

Que se esixa á ampliación para usos portuarios un estudo de impacto ambiental, que se diga que non está xustificada e ó mesmo tempo se diga que si que é necesario incluír un recheo para instalar a depuradora que carece totalmente de calquera tipo de valoración medioambiental, é unha contradicción que nin siquera debera estar incorporada ós informes e que se fose asumida pola Corporación levaría a unha esquizofrenia que non resulta explicable e que tampoco sabemos en qué sentido podería ser respostada nin pola Autoridade Portuaria, nin por Portos do Estado, nin polo Ministerio de Fomento.

Por iso a realidade é que quizais o problema é que non se fixeron ben as cousas no sentido de que tampouco se tivo coñecemento de para qué serven os informes técnicos en realidade e ó mellor este é o fallo do Goberno, sobre todo nun asunto deste tipo que o que se vai mandar é un informe municipal que ven ser unhas alegacións.

Os informes técnicos serven para asesorar, servirían para que dende o punto de vista de temas que esta Corporación non controla, que os distintos departamentos municipais fosen dando a súa opinión e a partir dela, primeiro cada grupo e logo a Corporación no seu conxunto, configurase a súa propia opinión dun xeito político.

O que se trae aquí é un refundido de informes que se contradín e ademais que non coinciden con ningunha das opinións que cada grupo ten respecto ó plan de usos. En principio ningún grupo, co que aquí se manifestou ou co que anunciou o Goberno no Consello da Xerencia, podería asumir integramente

os informes dos técnicos municipais pero non en temas puntuais ou legais, senón que en temas máis importantes como por exemplo o da ampliación ou o da conexión ferroviaria a Bouzas. Ningún dos grupos podería dicir que acepta integramente os informes e iso é o que se somete a votación.

Tanto é así que nos atopamos no Pleno con seis opinións distintas, poñamos que son dous dos técnicos municipais porque o Servizo municipal de Vías e Obras non coincide coa Xerencia de Urbanismo, e logo os catros grupos políticos que non teñen a mesma opinión. Esa é a situación na que nos atopamos que soamente leva, á parte dun calello sen saída, a unha conclusión que é o que estamos amosando no día de hoxe á opinión pública e sobre todo á Autoridade Portuaria: a Corporación non sabe que hacer nin sabe que propoñer no plan de usos. É posible que cada grupo e cada departamento ou oficina do Concello o teñan máis ou menos claro, pero en conxunto o Concello de Vigo non sabe qué propoñer ó plan de usos.

Iso tiña que ter sido corrixido, advertiuse no Concello da Xerencia, era previsible porque cada grupo tiña a súa propia opinión, xa se advertía cando se facilitaron os informes e esa é a situación na que nos atopamos que a efectos de responsabilidade consideramos que ten que recaer en quen ten que ter a iniciativa neste asunto que é o Goberno municipal obviamente; é quen fai a proposta, quen en principio trae a documentación ou os informes que pretende que se remitan á Autoridade Portuaria e que en todo caso debía haber tentado chegar a unha proposta conxunta.

Obviamente e nesa situación nós non podemos dar a nosa conformidade á proposta que se trae a Pleno, a uns informes que non coinciden coa nosa opinión respecto do plan de usos. Sen prexuízo de que hai aspectos nos que si coincidimos, hai outros moi importantes que non podemos dicir que esa sexa a nosa opinión nin lle dar o noso asentimento, estaríamos cometendo unha contradicción evidente na que non é necesario caer.

En principio esa é a situación na que nos atopamos e que leva a que non lle poidamos dar a nosa conformidade ós informes nin podemos dar o noso apoio ó que se transmite á Autoridade portuaria como alegación do Concello de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Neste expediente varias partes que hai que poñer enriba da mesa para o debate. A primeira é a presentación do plan de usos como está; a segunda facer algo de historia dos antecedentes da relación cidade-Porto; e por último cal é o posicionamento de cada un dos grupos políticos. Vou empezar pola primeira porque a considero moi importante á hora de tomar decisións.

Cando chega este plan de usos ó Concello de Vigo o Goberno reúne dun xeito urxente á Xunta de Voceiros, entrega nun prazo razoable de tempo este documento para estudo de todos os grupos políticos e montamos un método de traballo; xuntámonos un xoves, propuxemos reunirmonos en dez días para que cada un dos grupos políticos presenten as súas propostas, voltámonos xuntar e ese día os grupos aínda non tiñamos as nosas propostas porque era un documento que había que estudar en profundidade e adoptamos un acordo entre os catro grupos políticos que foi que os técnicos nos fixeran uns informes, presentar un borrador de informes o día anterior á xuntanza do xoves que correspondía e un compromiso firme, porque sabiamos que nos estabamos xogando moitísimo neste tema, de absoluta discreción, de que eses informes serían un borrador de traballo para que os grupos nos puidésemos pronunciar.

Reunín ós técnicos e díxenlles que nos presentasen o seu informe técnico pero que ese informe sería a base da proposta consensuada cos grupos políticos para remitir ó Porto. Os técnicos en principio aceptaron, dixeron que ían facer a súa proposta técnica pero que non a asinarían porque se lles pedimos un borrador para que os políticos poidamos corrixilo, non consideraban razoable esta postura pero en aras de buscar un acordo e colaborar cos grupos así o fixeron.

Eu persoalmente, a través dalgún colaborador, remitín a todos os grupos políticos os borradores de todos os informes sen asinar tal como se acordara cos técnicos. Pois resulta que a sorpresa de todos foi que o xoves, no momento da xuntanza, aparecen nalgún medio de comunicación os informes dos técnicos. Alguén dun dos catro grupos pasou ese informe rachando o acordo importantísimo que tiñamos adoptado.

O que aconteceu foi que automaticamente os técnicos, cando miraron reflectidos os seus informes nos medios de comunicación asináronos, evidentemente. Se lles pedimos que colaboren cos grupos para facer ese borrador e aparece nos medios de comunicacións e se fan públicos os informes evidentemente teñen que os ratificar e asinalos e así o fixeron.

Prodúcese esa xuntanza do xoves e hai un malestar entre todos os grupos e xa ninguén quere traballar sobre ese borrador. Chamamos ós técnicos e ratifican o seu informe; teríano feito igual pero estarían dispostos a colaborar ou matizar certas cuestións pero non o fan. Polo tanto non se pode levar a cabo esa idea de consenso que o Goberno propón. Coido que o Goberno neste primeiro aspecto cumpríu escrupulosamente co seu compromiso adoptado cos tres grupos políticos restantes.

A conclusión que quitamos a todo isto é que había algún grupo político que non lle interesaba o acordo nin o consenso e premeditadamente o racha dun xeito unilateral. Non sei cal foi o grupo que remitiu eses informes ós medios de comunicación pero dende logo que o Partido Popular e o Goberno da cidade de Vigo non o fixo porque o único que tiña os informes era eu polo tanto sei perfectamente que non se remitiron a ningún lado.

Así chegamos a esta situación que resulta que agora se critica porque alguén intencionada e premeditadamente racha coa posibilidade de buscar un acordo. Esa é unha cuestión formal pero importante nesta cidade porque así se escribe a súa historia na maior parte dos temas, xa non son cuestións de fondo, son cuestións formais en que hai grupos que non lles interesa que se poida chegar a acordos, buscar consensos, buscar posturas ou puntos de encontro nun tema tan complexo como é a relación cidade-Porto e como pode ser o plan de utilización dos espazos portuarios.

Teñen vostedes que comprender que teña que facer esta manifestación do que aconteceu porque evidentemente conforma un pouco cales van ser as posibilidades de acordo. Pero non nos podemos quedar só nas formas, temos que entrar no fondo do tema porque estamos a falar dun dos proxectos máis importantes para a cidade e sobre todo nunha cidade coma Vigo onde a relación entre o Porto e o Concello, a propia cidade, sempre tivo situacións de confrontación, de polémicas e o Partido Popular e o Goberno da cidade de Vigo non queren seguir con este tipo de situación.

Por iso, cando se chegou á Alcaldía no ano 2003, un das primeiras cuestións que a alcaldesa marcou como directrices do equipo de Goberno foi restablecer as relacións cidade-Porto. Todos vostedes sabían que sufriramos nos anos anteriores unha situación bastante conflictiva coa ampliación dos recheos, concretamente do Areal, a proba do plan especial do Porto coido que no ano 97, por iso cando o presidente anterior da Autoridade Portuaria propón ese recheo saben todos vostedes que dende a Corporación hai un enfrontamento claro, un posicionamento da Corporación e preséntase un recurso contra ese proxecto, recurso que a día de hoxe aínda non tivo sentenza, e cada grupo expresou a súa opinión.

O Partido Popular, á marxe de estar de acordo ou non con aquel recheo puntual, sempre colaborou para que o porto de Vigo puidese seguir medrando, a pesar de que sabíamos que iso podía ter un custo político. Sempre nesta Corporación fixemos un discurso a favor do desenvolvemento e de ser quen de colaborar dende o propio Concello para que o porto de Vigo levase a cabo os seus proxectos.

Como dicía chegado á Alcaldía o Partido Popular, a propia alcadesa de acordo coa Zona Franca, o primeiro que fai e encargar unha análise do bordo litoral do termo municipal de Vigo onde se fixo un repaso de todo o litoral da cidade, non só na súa relación co Porto, senón daqueles espazos que son competencia municipal, os que son de portos e os que son do Goberno central, proxecto que se presentou a toda a Corporación e a toda a sociedade viguesa e por suposto tamén ó Porto de Vigo que presidía naquel intre o Sr. Pedrosa.

A partir daí constitúese unha comisión técnica formada por persoas do Porto, do Concello e tamén de Portos de Galicia. Empézanse a ter xuntanzas tendo como análise este estudo que presentou a Sra. Alcaldesa. Tamén o presidente da Autoridade Portuaria recolle esta iniciativa e supoño que lembrarán que a mediados ou finais do ano 2004 o Sr. Pedrosa presenta perante a sociedade viguesa e ante todos os estamentos e institucións desta cidade un proxecto de recuperación e das posibilidades que tiña o Porto. Déunos a todos ampla información, recolleuse en todos os medios de comunicación e coido que é algo menos ambicioso, dende este grupo político consideramos que é máis realista pero moi parecido ó que presenta agora mesmo o actual presidente da Autoridade Portuaria.

Aparecían as torres do peirao de transatlánticos, a ampliación do porto deportivo, a ampliación do recheo de Bouzas, etc. Nunca o dixemos pero parece que o presidente da Autoridade Portuaria actual quere arrogarse agora unhas cuestións que veñen xa do ano 2004. Teño o DVD na casa e aínda onte o mirei e, sen algunhas cuestións, é o mesmo proxecto.

Mesmo se nos remontamos máis atrás, algún compañeiro que estivo nesta Corporación xa tiña presentado algo parecido, como foi o Sr. Arca. Coido que os dereitos de autor terán que ser compartidos ou alomenos que cada quen sexa honesto nas súas exposicións e dicir a verdade porque parece que o que se presenta agora ven de hai catro ou cinco meses. Non, ven dende o ano 2004.

Esa comisión técnica formada por membros da Autoridade Portuaria e tamén do Concello, reúnese cada dous ou tres meses e empeza facer propostas. Gustariame dicirlles quen formaba parte desa comisión que considero que é importante para lembrar, porque ás veces vemos sinaturas dalgúns técnicos nun documento e logo aparecen noutros con propostas distintas, e confundímonos. Nesa comisión asinaban nun documento D<sup>a</sup> Beatriz Colunga Fidalgo, xefa de Infraestructuras que coido que segue, e D<sup>a</sup> Maria del Mar Chao López, xefa de Explotación da Autoridade Portuaria, D. Ramón Talín



Vidal, director de Operacións de Portos de Galicia, D. Francisco Javier Rivas Barros, Xerente de Urbanismo, D. Daniel Pino Vicente, que era coordinador xeral do Equipo Redactor do Plan Xeral de Vigo, e don Francisco Cominges que é o letrado asesor da Xerencia de Urbanismo. Estaban reflectidos os estamentos que anteriormente eu citei.

Esta comisión técnica en base a ese anteproxecto que se presentou empezou a estudar todas as posibilidades de relación cidade Porto. Hai un documento de setembro do ano 2005 que coido que todos vostedes coñecen, onde se reflecten as conclusións desa comisión. Documento que se traslada á Xunta de Voceiros para o seu coñecemento, mesmo se produce un debate nesa Xunta e dise que se continue traballando. Ese documento reflecte unha serie de cuestións, demandas que presenta a cidade, necesidade da estación depuradora, ampliacións dalgúns peiraos, intervencións na zona de Bouzas, fálase da terminal de contedores, pero non só iso, tamén fala dos túneles, de gañar paseos en Bouzas, de que o tráfico rodado deixe de pasar polo centro de Bouzas, continuación do paseo de Bouzas, tamén a posible creación dunha nova praia, ampliación do peirao de pasaxeiros, ampliación do porto deportivo, creación dun novo paseo marítimo en todo o entorno central da nosa cidade, supresión dalgunha zona do porto do Berbés, a creación dunha área intermodal vencellada ó túnel de Beiramar, a reorganización da área ferroviaria, a creación dun parque liñal frontal en todo o Areal suprimindo as zonas que agora ten Renfe, mesmo nalgún documento de traballo se falaba de ampliación de beirarrúas e proxecto de mellora de toda a zona do Areal, dende a "paellera" ata o seu remate... Todas esas cuestións que todos coñecemos pero que se analizo unha por unha estaríamos toda a mañá.

Parece que todo se inventa agora pero está todo reflectido nese documento de setembro de 2005 que todos os grupos políticos coñecen, cada un ten o seu posicionamento pero en liñas xerais, con matices, estabamos traballando nel.

Agora, logo de moitas reivindicacións e demandas por parte do Concello, xurde a presentación dese plan de usos que cando todos falamos de colaboración nesta cidade, de tentar buscar consensos, o presidente da Autoridade Portuaria supoño que antes de facer esta presentación debería ter unha xuntanza coa Alcaldesa para explicarlle en qué consiste, cal é a súa proposta e tentar buscar posibilidades de acordos con esta Corporación. Iso non se fai, pois nós entendemos que a única crítica que imos facer é que dende a presidencia da Autoridade Portuaria non se tivo a habilidade política de presentar este proxecto á Alcaldía e á Corporación doutro xeito

porque pensamos que sería moi positivo e beneficioso para que todos poidesemos opinar sobre el. Pero non, remítese ó Concello vía Rexistro cun tempo dun mes para que a Corporación opine sobre el.

Esta é a situación real que temos, a día de hoxe hai un plan de usos co que nós estamos de acordo nunha parte importante pero noutra non, con moitas matizacións, pero que nos debería servir para que esta Corporación puidese abrir un debate e ter un posicionamento claro. Agora mesmo hai un informe técnico que coído que non se contradí, o único que fai este informe é poñer enriba da mesa unha serie de antecedentes, fundamentos xurídicos e paréceme que non hai opinións claras.

Se entendemos que unha opinión clara é: "Como contrapeso a eses efectos da proposta, o PUEP, e sen prexuízo de que debería concretarse e xustificarse no Plan Director de Infraestructuras do Porto, sen embargo, omítese unha mínima valoración dos efectos sobre o medio natural das ampliacións previstas así como doutras alternativas, como un maior traslado de actividades loxísticas á Plataforma de Salvaterra, que poderían facer innecesaria a ampliación sobre o mar", non está dicindo que non se teña que facer a ampliación. Di que se non se xustifica podería ser innecesaria.

Creo que este informe é imprescindible dentro deste documento e nós imos apoiálo porque nos parece que o único que fai unha relación, advírtenos de certos aspectos legais que non cumpre este plan de usos e coído que non hai opinións claras dos técnicos. O que non fomos quen de facer os grupos políticos ou que alguén tentou abortar para que non se fixera estratexicamente, fagámolo. Como todos o coñecemos perfectamente, se alguén considera que hai algunha frase ou apartado deste documento que non hai que remitir, que se diga publicamente neste Pleno.

Se alguén non quixo que fixeramos o traballo que estaba previsto e que o Goberno puxo enriba da mesa nesas comisións que ó final nos veñen dar a razón ó goberno de que serven para pouco nestes tempos en que estmos preto xa dos acontecementos finais, so serven para enredar para que algúns utilicen o que se di nesas reunións no sentido que máis lles conveña. Por iso o Goberno cada día ten máis claro que reunións as necesarias e imprescindibles e correspondan legalmente, pero as demais para o único que serven é para enredar porque hai algúns membros da Corporación que o único que pretenden é a confrontación.

Tamén teño que deixar claro que non todos os grupos, nin todos os voceiros, nin todos os membros da Corporación teñen a mesma actitude. Algúns

colaboran, outro que non queren e outros que o único que fan é obstaculizar.

Coido que o tema está claro. Se alguén considera que hai algunha contradicción dentro deste documento, dicímolo claramente, se queremos facemos unha redacción conxunta, pero coido que non podemos obviar baixo ningún concepto uns informes duns técnicos que nos advirten de certas situacións de legalidade, que fan unha relación dos antecedentes o que é bo, que tanto o Porto de Vigo como quen teña que informar este documento coñeza eses antecedentes que houbo na relación cidade-Porto porque sería imprescindible para a toma de decisións.

A partir daí penso que remitindo este documento a ninguén se nos pode tentar calar na opinión política que ten cada grupo. Coido que é bo que nun tema destas características, xa que o presidente da Autoridade Portuaria non tivo a habilidade de nos convocar á Alcaldesa e grupos políticos para comentar e tentar debater dentro do posible este documento, escoitar as opinións dos grupos políticos antes da redacción definitiva deste plan de usos.

Aquí houbo unha estratexia, fixo a posta en escena, fixo a foto inicial pero cando concretou esas propostas que nos mandou en borradores non tivo a habilidade de convocar a través da Alcaldesa ós voceiros para que se puidera producir un debate ou ter un tempo suficiente para que cada quen puidese expresar a súa opinión política nun tema de gran calado para o futuro da nosa cidade.

Nós pensamos que se non o fixo el, nós temos a oportunidade do facer e que saiba o que pensa cada un dos grupos políticos. Non ten por qué ser o mesmo, eu non estou de acordo con algúns membros da Corporación de que ten que haber unha postura consensuada. Non ten por qué. Ten que haber uns informes técnicos onde nos digan de qué adolece este plan de usos, de qué carece, qué ilegalidades pode ter ou qué sería bo mellorar dentro dos seus aspectos técnicos. Sobre todo porque temos unha Corporación onde non hai maiorías é lóxico que cada quen exprese a súa opinión.

Coido que debería ir reflectida na acta dese acordo a opinión clara de cada un dos grupos políticos. Pode ser contradictoria e non ten por qué asustar a ninguén que no Porto perciban que o Partido Popular pensa unha cousa, o Partido Galeguista pensa outras distintas, que o PSOE vai apoiar ou que o BNG non está de acordo cos recheos. Poden sabelo o Porto de Vigo, o seu presidente e todas aquelas persoas que logo teñan que informar e tomar a

decisión definitiva. Coido que é moi positiva este xeito de entender os acordos, alomenos nós así o analizamos.

Nós queremos colaborar co Porto, queremos que o Porto leve a cabo os seus proxectos. Saben que politicamente nos últimos meses nós sempre mantivemos unha mesma liña de mensaxes á cidadanía e ó Porto de Vigo, que traballe con tranquilidade, sen presións de ningún tipo e que faga a proposta que considere máis oportuna para a cidade e a cidade responderá na medida do que considere cada un dos grupos políticos.

O Porto é quen ten as competencias porque así nolo di e nolo lembra constantemente: "Advirte que o proxecto non é competencia nin do Concello nin da Xunta", o que quere dicir é que fará o que considere oportuno pero van escoitar á nosa voz, ó noso posicionamento, o de cada un dos grupos políticos da Corporación e logo, quen teñan competencias para quitar adiante os proxectos tomarán as decisións que consideren oportunas. Así é o estado no que vivimos, cada quen opina, se posiciona pero quen ten as competencias actúa e toma decisións.

Coido que nós tomamos a mellor decisión para que a relación cidade-Porto poida ter un clima favorable. Iso é o que pretende a alcaldesa, o que nos marca as directrices ós membros do Goberno, queremos que o porto poida seguir medrando e poida levar a cabo os seus proxectos. Que teña en conta a opinión dos técnicos porque cada quen terá a súa opinión, haberá técnicos que ó mellor terían outra opinión diferente ou matizada, pero coido que non se nos pode privar a ningún dos grupos políticos de que fagamos o noso posicionamento para que o Porto saiba que posición ten que ter, saiba o que pensa cada un dos grupos da Corporación e que por último poida actuar e tomar unha decisión libre, que sirva para defender os intereses da cidade, do porto e de todos os vigueses.

Isa é a postura que vai manter o grupo do Goberno e o Partido Popular.

Se alguén ten que facer algunha corrección a este documento, analizámola e temos tempo suficiente. Coido que este punto merece discusión e que se poida enriquecer por parte dos grupos políticos pero o que si está claro é que neste caso non lle culpen ó Goberno porque coido que actuamos con auténtica transparencia, tentando buscar acordos e non foi posible porque alguén rachou.

Polo tanto, se alguén quere facer algunha aportación ó documento, nós estamos dispostos a escoitar e valorar se é viable ou non co asesoramento do secretario xeral e algunha matización ás cuestións que se poidan precisar.

SR. SOTO FERREIRO: Alégame ver que non son eu só quen fala cun ton deprimido. Noteilles a todos vostedes un ton deprimido, acomplexado, un ton que temos algo no estómago todos que non nos ten a gusto. Se estamos todos así é que alguén nos puxo un desgusto enriba da mesa e deberíamos de ser quen de transformar ese desgusto colectivo, de facermos capaces de nos unir nalgún tema.

Sr. Figueroa, o problema non é que cada quen de nós teña as súas propostas, que as temos, están moi claras e moi delimitadas. O problema non é que esas propostas se lle comuniquen á Autoridade Portuaria cando lle pete a cada quen, por suposto. O que vostede propón de que se manden dende o propio Concello as posturas de todos non está mal, non prexudica nada a un proceso.

O problema de fondo é que o Concello coma tal non teña unha postura política, poderá ser boa ou mala pero clara. Eu aplaudo a súa búsqueda de tentar por onde ir, eu tamén o fixen e o primeiro que me preguntei foi en qué teño eu culpa para que isto estea tan mal porque todos miramos as culpas dos demais co erro tremendo de non mirar as propias. Eu dinme de conta de que teño algunha da que me decato, seguramente terei outras que non.

Non se nos ocorreu que había que facer unha fórmula de estación intermodal como a que fan na comisión técnica que é unha proposición magnífica, recoñezo que nós que somos os grandes promotores de ideas no bordo do litoral vigués ó longo e ó ancho non se nos ocorreu o que quere dicir que algo mellor fixeron outros, cousa que eu saúdo alborzado.

Por outra banda non somos os promotores, entre outras cousas, da idea da praia de Bouzas. Claro que é verdade que iso ven de atrás, fun eu mesmo que fixen esa proposta no seu día pero a fixen cando non existía o Museo do Mar nin o peirao e polo tanto cando había a posibilidade de concepción dunha praia, alí hai calado entre 14 e 16 metros. E onde hai ese calado saquen vostedes a hipotenusa e van ver a onde vai unha praia artificial que se queira meter alí porque practicamente vai pouco menos que estoupar contra o peirao do museo do Mar.

Se se queren acrecentar as praias de Bouzas e Alcabre podéase facer a proposta que fixo Xulio Alonso, complementar o espigon que xa hai estudos para iso e as praias vaise rexer soas. Polo tanto aínda se pode facer aquela outra praia alí pero entón hai que dicir honestamente que non é unha praia ó uso, nin siquera artificialmente, hai que dicir á cidadanía que

será unha plataforma sobre pilotes e polo tanto aí arriba vai haber unha especie de contedor de area que pode ser tan grande como se queira. Pero dicir á xente praia sen máis, neste caso é mentira.

Estou disposto a corrixir a praia que preconicei no seu día porque a realidade que hai hoxe alí é esa ou aprender de ideas doutros que son mellores que as miñas e que as nosas nos temas de estación intermodal. Se vostedes me din dalgunha máis que é perfectamente complementaria, por suposto. Hai unha proposta do Bloque que non atinxe ó tratamento litoral nun aspecto pero si no industrial, no tema das reparacións; parécenos unha proposta moi positiva que non se nos ocorríu.

A miña conclusión é que eu estaba un pouco ensimesmado nas propias propostas sen ser quen de ver serenamente as dos demais e invítoos que fagan o mesmo, ser quen de pensar qué é o que están a propoñer de bo os demais e non que saia aquí o absurdo de todos contra todos e que non se faga nada porque iso sería o peor que podería pasar de calquera sentido.

Hai erros nas propostas que nos fan de tal gravidade que non resisto dicir algunhas cousas, Sr. Ruiz. Vostede fala do ferrocarril; onde está pintado o ferrocarril no plan de usos do porto? Eu non vin que diga esta zona é a zona para ferrocarril e as directivas europeas e de todo o mundo falan de que nas autoestradas do mar a conexión barco-ferrocarril será capital. Co tema da PLISAN de Salvaterra aínda máis capital para nós.

É algo tan esencial para o funcionamento portuario coa PLISAN e para as autoestradas do mar que eu e o meu partido queremos auspiciar, non se di onde e iso é un valor estratéxico tremendo dentro do porto porque é unha aposta de con qué sentido se fan os atraques, se trasladan e con qué sentido vai o tratamento ferroviario, etc. Que nun plan de usos en que hai que dicir os usos da superficie non se diga o uso da superficie ferroviaria é unha eiva tremenda na miña opinión, Sr. Ruiz, estáselle escapando, non se quere facer, non é que non se decataran que había que o facer algo tan capital.

Iso forma parte da ambigüidade calculada que comparto tamén como criterio exposto polo Sr. Vieitez. Hai ambigüidades calculadas e algunhas en temas tan gravísimos coma este.

Estou disposto a consensuar moitísimo, pero a algo que afecte á esencia do futuro do porto de Vigo, a ese prezo non. Se aquí cada quen ten ideas tan radicais en certos sentidos, así non imos a ningunha parte.

Por seguir a falar de servizos, realmente o porto de Vigo coida que non necesita un tratamento específico, concreto, técnico de extinción de lumes? Porque ese tema non se trata de ningún xeito, nin bo nin malo.

Vostede sinala a responsabilidade do Goberno de tentar de traballar acordos, etc. O Goberno di outra cousa, di que non lle deixaron. Non sei se con inxenuidade pero eu sigo apostando por algún tipo de acordo básico que sirva para algo positivo neste Concello. Voulles dicir e os que me coñecen ben saben que falo moi en serio que nós non formaremos parte, non auspiciaremos, non apoiaremos nin directa nin indirectamente a ningún Goberno municipal que non conteña as propostas que necesita o porto de Vigo para se desenvolver como porto e ó mesmo tempo axude a resolver parte dos graves problemas cidadáns que hai en Vigo. Se quere póñolle nome a cada un porque non son todos e non vou pretender o maximalismo, sería prepotencia e déixolla a Abel Caballero, de que acepten todas as miñas propostas, que xa anticipo que van ir nun programa de Goberno e polo tanto non son foguetes para amolar, é algo no que nós cremos e cremos que é importante para esta cidade. Un programa de goberno negociable que ten máximos e mínimos, pero hai mínimos que para nós non son negociables: que medre o porto de Vigo. Podemos discutir se son cen millóns de metros cadrados ou sete millóns, pero que medre o porto ata conformar unha plataforma suficiente, en función de estudos técnicos amparados no que quere e auspicia a Unión Europea como as autoestradas do mar, para nós é un tema innegociable porque Vigo non se xoga ir para adiante, xoga se vai para atrás.

Falaba do tema da seguridade no mar e na seguridade central da cidade; hai que resolver este tema e debера facerse entre un pacto entre o Porto co Concello ou o Porto coa Consellería ou todos xuntos, pero temos que dar unha solución de extinción de lumes, de seguridade na zona portuaria e é moi lamentable pero volvo lembrar que non hai tanto tempo que houbo unha morte por un incendio no porto, porque os servizos do porto son moi malos e iso hai que o corrixir e necesita algunha instalación en un plan de usos hai que dicir onde. O lóxico sería consensual e facelo entre todos e refírome a que o Concello tamén pague unha instalación dese tipo que sirva para porto, para Concello e que pague tamén a Xunta de Galicia o que lle poida corresponder no que se faga e mesmo tamén a Deputación Provincial porque nos afecta a todos.

Falo tamén de que é esencial resolver o problema da depuración e este problema resólvese no litoral, non na montaña, non hai tecnoloxías coñecidas para resolver os temas así. Estamos abertos para resolver pero

non a todo; se a proposta de que sexa supramunicipal e se faga en Baiona tecnicamente se nos demostra viable e a solución non é ningún tipo de agresión ó medio ambiente, apoiámola. Se non é así e ten que ser no bordo litoral de Vigo haberá que o facer así e nós non imos admitir lérias en temas que nos parecen esenciais.

Coido que se me entendeu perfectamente o que quero dicir, déixoo en todos en para todos e como é así os demais tamén terán as súas opinións que lle parezan esenciais. A ampliación de transatlánticos é un tema esencial para a cidade, non vou entrar no tema da reparación naval que xa expuxeron, hai outros temas pero non vou entrar agora a facer unha exposición do que nos gustaría a todos pero hai moitas cousas que poden ser conciliables, o malo é que isto está a utilizarse como arma arroxadiza.

Como mínimo convirán todos vostedes que se tiñamos un acordo que nos producía malestar a todos porque non nos satisfacía totalmente hai menos dun ano, non sei por qué ese acordo non nos pode valer agora.

O Sr. Figueroa di que fagamos o que había hai menos dun ano pero metido no informe dos técnicos municipais...

SR. FIGUEROA VILA: Nos informes dos técnicos hai uns antecedentes e logo unha serie de advertencias. Eu o que propoño é que ese informe se vote, se unha vez analizado alguén mira que hai unha contradicción, pois miremos se é posible cambialo ou non, porque o mellor non o é, e logo que se recollan as opinións de todos os grupos políticos, non coma votación, senón que se recollan na acta e que se remitan ó Porto.

SR. SOTO FERREIRO: Eu non son quen para lle cambiar un informe a un técnico, non estaba a propoñer iso. O que propoño é unha decisión política en base a informes técnicos e a Corporación pode facer súas politicamente todas as propostas dos técnicos ou ningunha e hai unha que eu non asumo e só por iso non lle voto porque afecta a un dos temas que dixen que para min é esencial. Son conscente de que se apunta non como certidume senón que como posibilidade e non é que ma pareza unha trampa, paréceme un informe honesto. "Podería non ser necesario", os condicionais duns poden utilizalos outros noutro sitio polo tanto eu ese "podería" non o voto.

Estou dando pasos e dicíndolle ós demais que se poden dar porque aí hai un consenso moi fundamental. Ese mesmo tema é o único moi contradictorio co que acordaron todos os técnicos das demais Corporacións, polo tanto digo que no informe político se asuma o que din os técnicos agás ese parágrafo e



que ese parágrafo non se mencione no acordo político porque no informe técnico xa está. No conxunto do informe naturalmente teñen que ir eses antecedentes.

Ou aínda máis fácil, eu xa presentei como segunda emenda que aprobemos o daquela comisión de técnicos, do Concello, de Portos de Galicia, antes leu vostede os representantes da Autoridade Portuaria con nomes e apelidos, os mesmos que hai agora. O tema é de cambio de intencionalidade política, non é un problema técnico.

O que digo é que nós tamén temos que xogar con intencionalidade política e non votar liñalmente o que din os técnicos porque unha cousa é un informe técnico que como informe de asesoramento xeral digan que poderían, etc., vale, a min como asesoramento non teño nada que dicir. Outra cousa é que se convirta nun acordo.

Penso que ten razón o presidente da Autoridade Portuaria nalgunhas das cousas importantes que propón, incluída a zona lúdica pero por favor sen hotel, outro edificio na beira do mar, nin de broma votariamos nós iso; se a Lei o permite, ben pero terá que ser a Lei porque como vaia nese plan portuario non só tomaremos medidas no goberno senón que iremos ós Tribunais de Xustiza. Na nosa opinión nos parece tan grave que non queremos consentir agresións a Vigo de tal calibre.

Que sexa posible chegar a un acordo o teñen nas súas mans. Se queren en función de reflexións de cada un de vostedes podemos chegar a un receso para seren quen de puntualizar algo. Se están máis a gusto e ben instalados na confrontación porque pensan que iso é o que lles da votos, tiren para diante. Nós non estaremos por esas, nin agora nin nunca.

SR. TOBA GIRÓN: Estamos debatendo un plan de usos portuarios e vou empezar dicindo algo que é unha obviedade: un plan de utilización de espazos portuarios é un debate profundamente discrecional, non hai máis que ler o propio plan e decatarse que estamos perante un debate profundamente discrecional, un debate puramente político no que os posicionamentos así o deben ser. Quero empezar por aí antes de nada.

Ó noso grupo e a min persoalmente, vostedes sábeno, non nos gusta nada nin lanzar informes técnicos enriba de ninguén nin escudarse neles, preferimos falar de política e formular aquelas definicións políticas que en si mesmas conciben as posicións de cada grupo, podendo haber ou non posteriormente un maior ou menor grao de acordo.

De todos os xeitos permítanlles que lles diga que o noso grupo non vai entrar a modificar por respecto, que temos moi profundo, ós técnicos que informan este expediente como calquera outro, nin se nos vai pasar pola cabeza modificar informes de técnicos que están asinados porque por riba do que digan os informes está a propia dignidade das persoas que desenvolven o seu traballo e o seu oficio co seu parecer, con lealdade á Corporación e realizando esa parte de exercizo de autoridade que é o propio exercizo que mana da función pública.

En segundo lugar e como estamos perante un debate político e falouse de antecedentes, eu si quero falar de antecedentes políticos a respecto da relación entre o Porto e a cidade porque tamén haberá que dicir algunha palabra clara que hoxe queda escura.

A actuación da Autoridade Portuaria de Vigo foi unha barbaridade ata o ano 1991 que case nos deixa sen Bouzas, dígoo con claridade. Iso que agora vemos diante do adro da igrexa de Bouzas e que constitúe un paseo precioso, estivo a punto de quedar completamente soterrado nos tempos da presidencia da Autoridade Portuaria da Sra. Espinosa, cando as pretensións eran absolutamente tolas e o modelo de crecemento era un puro desbordo de terras sobre a ría de Vigo. Iso rematou no ano 1991. Toda actuación anterior foi sen principios legais e baixo unha única directriz política: o que faga falla. Así non.

Esa actuación empezouse arranxar co plan especial do ano 98 porque nalquel intre a Autoridade Portuaria que dirixía o Sr. Corral, non me importa citar persoas de distintas cores políticas porque é a verdade, tomou a decisión de quitar adiante un plan especial do Porto que foi alegado polo BNG e moitas desas alegacións recolléronse e conformaron un acordo político arredor dese plan especial. Acordos políticos que están fundamentalmente baseados nos artigos 8 e 13 do dito plan. Foi a primeira vez que houbo un acordo de mínimos, de regras para a relación entre o Porto e a cidade.

Non era un bo acordo, díxeno naquel Pleno pero era mellor iso que a lei da nada, a sinxela non obediencia a ningunha norma, que a actuación sen modelo urbanístico. Era unha boa norma pero, Sr. Figueroa, o anterior presidente da Autoridade Portuaria traicionouna de xeito absolutamente desleal.

Tan desleal que por exemplo o porto deportivo da Lagoa que estaba contemplado, tiña que agardar á redacción dun plan especial e el non o fixo. O intento de concesión que fixo en Ríos tiña que agardar pola redacción do plan especial de reforma interior da zona de Ríos e non agardou, mellor dito, quixo facelo pero iso se parou.

Chegou ata tal extremos que o anterior presidente da Autoridade Portuaria quixo facer un recheo ilegal no Areal, Sr. Figueroa, e perdeu nos Tribunais. Non pasemos páxina porque se presentou un recurso e o presidente da Autoridade Portuaria perdeu nos Tribunais que lle deron a razón a aquel Alcalde que presentou o recurso. Miren se tiña razón que posteriormente pasaron pola Alcaldía o Sr. Pérez Mariño e a Sra. Porro e non retiraron aquel recurso e agora está pendente do Tribunal Supremo. Pero a responsabilidade foi da Autoridade de Vigo, non foi do Concello de Vigo nin da Alcaldía naquel momento, tampouco da Corporación. Foi dun presidente da Autoridade Portuaria que traicionou con deslealdade os acordos do 98 e vostedes sábeno porque mesmo no ano 2000 tivo que haber unha xuntanza nesta cidade, logo de presentar un documento polas costas da Corporación, para pechar un acordo, acordo referenciado na documentación que teñen no expediente.

É importante deixar claro isto porque eses son os antecedentes políticos, non cuestións técnicas. Aquel presidente da Autoridade Portuaria chegou ó ano 2003 absolutamente desprestixiado, non tiña capacidade de se entender con ninguén porque el mesmo foi o elemento de traición dos únicos acordos que houbera nunca entre a Corporación e a Autoridade Portuaria.

A Sra. Presidenta naquel momento tomou a decisión de convocar unha comisión técnica. Pero a Sra. Presidenta sabe, e non vou dicir máis, que aquel presidente da Autoridade Portuaria mesmo nos enganou enviándonos un documento que chamou "Plan de utilización de espazos portuarios" e que viña ata sen asinar.

Dito isto que para min é clave, tamén teño que dicir que este intre podería ser o momento dun novo acordo, unha nova convención que regulara as relacións entre a cidade e o Porto e un dos elementos podería ser o plan de utilización dos espazos portuarios e digo un dos elementos porque falla o plan director de infraestructuras que é clave e que ademais había o compromiso do actual presidente da Autoridade Portuaria de redactalo tamén. A pesar diso o noso grupo insiste en que podería ser un elemento pero a propia tramitación vai sucedida de elos nesta cadea que provocan alomenos en nós unha preocupación, porque xurde un plan de utilización de espazos portuarios pero no Boletín Oficial do Estado núm. 185, do 04.08.06, convócase un concurso de ideas que non se pode nin siquera levar a cabo, xa non sen o plan de usos, senón sen o novo plan especial do porto, por iso un entende que está a haber unha actuación pouco clara, pouco leal, pouco explícita coa Corporación e dende logo co grupo municipal do BNG que falou

en sucesivas ocasións co presidente da Autoridade Portuaria e fíxoo lealmente.

Cómo se pode iniciar a redacción dun plan de usos portuarios? Buscando unha nova regulación entre o Porto e a cidade. Claro que se o presidente da Autoridade Portuaria declara que sobre isto non hai competencia municipal, que opinemos o que nos dea a gana porque a competencia é súa, mal imos porque o plan de utilización de espazos portuarios requirirá posteriormente un plan especial do Porto. Dígoo con moita claridade: se non hai acordo político no plan de utilización de espazos portuarios tampouco o vai haber no plan especial do porto e ese si o aproba esta Corporación.

Se a actitude é tan retadora, tan falla de diálogo, tan pretendidamente "postestativa de todas as potestades" temos un problema agora e terémolo dentro dun par de anos porque case todo o que se propón no plan de utilización de espazos portuarios, sobre todo na zona central e noutras zonas, precisa de novo plan especial do porto.

Polo tanto sendo bo ou malo se cadra xa está condeado porque entón o plan de utilización de espazos portuarios só ten unha oportunidade política e técnica: o recheo de Bouzas porque para ese recheo si que chega e sobre co plan de utilización de espazos portuarios e non se necesita o plan especial. Verdade que teño razón, secretario?

Esta última reflexión produce no noso grupo unha profunda preocupación porque ó mellor resulta que sinxelamente se están abrigando ou desabrigando proxectos ou macroproxectos absolutamente irrealizables porque o que se quere é meter unha cortina de fume diante da cidadanía sabendo que o único que se pode facer con este plan é o recheo de Bouzas e esa é a conclusión á que chega o noso grupo logo dun estudo demorado do plan de utilización de espazos portuarios e da lexislación correspondente.

Con trampas non, así non imos poder avanzar. Coa confianza que pola nosa banda sempre lle dimos a este presidente da Autoridade Portuaria, pero tamén ós anteriores, Sr. Corral e Sr. Pedrosa, e vostedes sábeno, pero coa confianza traicionada non hai acordo político. Se o que se nos quere é facer unha xogada de tafur, non, nós tamén coñecemos a Lei, sabemos o alcance de cada plan e cando solicitamos os posicionamentos fixémolo cun marcado criterio de prudenza.

Teño que insistir en que estamos ante un debate de oportunidade, propiamente político e esta Corporación chega mal a ese debate, sinceiramente non chegamos nas condicións que o fixemos nos anos 97-98. O noso grupo observa, ve o que acontece logo das reunións e ve que o

escenario non é o da confianza, o de acordo, de falar con sinceridade e de asumir e adquirir compromisos.

Fago aquí unha paréntese: compromisos que o noso grupo sempre estivo disposto a asumir porque o plan especial do porto aprobouse neste Pleno cos votos do Partido Popular e do Bloque; o Partido Socialista non votou a favor. Nós asumimos aquel compromiso e sempre asumimos os nosos compromisos cando son bos para a cidade e cando hai un escenario de concordia política. Pero este escenario non é de concordia, é de oposición completa por unha e pola outra banda, non é un escenario de acordo. Ademais para ter un escenario de acordo hai que construílo, hai que buscalo e hai que facelo politicamente. Un escenario de acordo constrúese sobre un mínimo común múltiplo de posicións políticas, non só sobre os informes dos técnicos e non sobre memorias de informes técnicos. Coñecemos os traballos da comisión técnica que no seu día se constituíu en razón dun decreto da Sra. Alcaldesa, pero nós limos eses informes e obviamente discrepamos como poden maxinar.

Pero non é que discrepemos nós, é que nos propios informes consta a discrepancia dos técnicos da Autoridade Portuaria polo tanto falar de consenso sobre ese documento, cando entre o propio estamento técnico había claras diferencias, por non expresar a posición do Sr. Talín que dicía que a terminal de contedores en Bouzas nin de broma se non se fai un espigón. Isto é o que dicía o informe do Sr. Talín.

Así non se poden conformar acordos, nin siquera sobre unha memoria técnica da que discrepa parte do estamento técnico. Chamar a atención ou facer refrendo desa posición é unha equivocación política maiúscula porque non estaremos de acordo na Corporación nin estará de acordo a Autoridade Portuaria. Así non imos avanzar.

Tampouco resulta suxestivo a adopción por parte do Pleno da Corporación dunha especie de medida de "totum revolutum" na que todas as propostas se vaian a un contedor e remitir o contedor á Autoridade Portuaria, porque hoxe do que se trata é do posicionamento político da Corporación, non o do BNG. O noso posicionamento que vostedes teñen ímolo someter a votación. Non sei se gañaremos ou non pero teñan vostedes a seguridade de que o posicionamento político do BNG estará no Rexistro da Autoridade Portuaria, se podo hoxe mesmo e todo o máis tardar o luns.

Non falo do posicionamento do BNG, que ise vai chegar neto ó expediente por calquera lado, como calquera cidadán normal ou como membro corporativo. O

problema é que a Corporación non vai ter posición política común e iso é moi grave e expresa a incapacidade da Corporación para chegar a ese acordo. Non porque non sexamos quen os que estamos aquí, temos chegado a moitos acordos en condicións mesmo máis difíciles, senón porque o territorio, o escenario que está construído hoxe na nosa cidade non o permite. O grao de enfrontamento está sendo de tal magnitude que será imposible calquera acordo constructivo para Vigo nos próximos meses e pagará factura o pobo de Vigo, díxeno xa hai unhas semanas e hoxe repíto porque é a miña responsabilidade como voceiro do Grupo municipal do BNG.

O territorio que están creando, cunha responsabilidade explícita entre as dúas forzas maioritarias, o Partido Popular e o Partido Socialista, é un territorio que eu non sei se lles é rendible electoralmente ou partidariamente, pero sei quen vai pagar a factura.

Permítanme refrendar algunhas ideas necesarias de puntos que poderían ser obxecto de acordo e que non pasan de ningunha maneira polos posicionamentos leixítimos e respectables dos técnicos da administración municipal a quen lles quero agradecer o seu traballo porque tiveron a valentía de escribir cando o Goberno municipal era incapaz de facer unha proposta concreta ou cando o conxunto da Corporación era incapaz de discutir e debater politicamente. Tiveron esa valentía e evidentemente saíron trasquilados porque que a un técnico municipal lle quiten os informes resulta feo pero iso non vai ser cuestión pola nosa banda.

Cómo se pode xustificar actuar sobre a ría cando nestes momentos a Autoridade Portuaria ten 2.400.000 metros na PLISAN para actividades loxísticas? Onte mesmo no comité executivo de Zona Franca o Sr. Figueroa e máis eu visamos os convenios co Instituto Galego da Vivenda e Solo e coa Autoridade Portuaria para que a porcentaxe da Autoridade Portuaria chegara a ese sesenta e pico por cento. Eu estou encantado de telo feito porque eu e máis o meu grupo sempre apostamos pola PLISAN como alternativa, como plataforma loxística de futuro ó porto de Vigo, conectada por autovía e por ferrocarril, conexións que non son posible aquí.

A miña compañeira Olaia Fernández Davila presentou unha emenda no debate orzamentario do ano pasado para que se redactara o proxecto desa conexión e non sabemos nada. Falemos claro: o futuro do porto de Vigo non está aí, está na plataforma loxística de Salvaterra-As Neves e sabémolo dende o primeiro convenio da PLISAN no ano 98.

Cómo é posible que no novo plan de usos portuarios non se contemple o centro de reparación naval que está propugnando a Consellería de Industria

e que é a seguridade, a acción segura para o futuro do noso sector naval? Mesmo que se diga que o futuro dese centro de reparación é algo tan reducido coma un par de diques, que indubidablemente pode ser unha solución temporal pero que obviamente non é unha solución expansiva. Ogallá non veñan, pero se veñen os malos tempos e non temos a nosa industria especializada no mercado da reparación, quen asumirá esa responsabilidade nese momento?

Esta moi ben vender Coca-Colas pero para unha cidade coma Vigo e para Galicia non chega iso e necesitamos moito buzo azul, moita produción de tecnoloxía e a nosa tecnoloxía naval é das mellores. Poñámola en valor, como é posible que non estea aí? Non está e aínda máis, redúcese ese uso de cento e pico mil metros cadrados a escasamento 14.000. Imos deixar un sector clave para Vigo completamente espido ante a coxuntura económica futura? É unha aposta enrevesadamente miope.

Cómo é posible que se pinte un documento no que imos seguir pagando cánones polos túneles, túneles que son de servizo para a Autoridade Portuaria. Por favor. Por certo, unha Autoridade Portuaria que nos debe case dez millóns de euros en concepto de IBIs e que nos obriga a pagar cánones por un instituto ou por un pavillón polideportivo. Non podemos estar en silencio, non podemos permitírmonos o silencio como corporativos.

A nosa responsabilidade aquí é discutir o plan de utilización de espazos portuarios dende a perspectiva da cidade, do cidadán e dos servizos municipais porque para iso estamos aquí, non para ser cómplices de posicionamentos que non serven á cidade.

Cómo é posible non dicir nada da Lagoa? O anterior presidente da Autoridade Portuaria burlouse de nós, alí manteñen un uso industrial que debemos desplazar e que ademais está Corporación aprobou unha moción presentada polo BNG que pretendía un acordo para trasladar dalí aquelas industrias. Agora aceptamos no plan de utilización de espazos portuarios que segan os usos industriais a pé de praia?

Cómo non imos dicir nada cando logo de se realizar a famosa obra do porto deportivo preténdese seguir utilizando o mal chamado cortalumes da Guía para seguir transitando por el porque a propia Autoridade Portuaria nin siquiera contempla accesos e servizos a ese porto deportivo?

Teremos que dicir algo. Cómo non imos dicir nada de que non se contemplan os novos túneles para completar a ronda beiramar? Cómo non imos dicir que a zona de Montero Ríos xa debía estar desafectada e pertencer ó propio acervo directo da cidade? Cómo non imos dicir nada, alomenos nós, cando se

pretende desenvolver un proxecto que multiplica por catro o impacto daquel famoso "Abrir Vigo ó mar" e dos seus edificios? Imos repetir un modelo que é fracasado, que tivo virtudes magníficas e aí está Montero Ríos e agora como continuación a Praza de Compostela, pero que tivo un par de defectos. Agora non van ser un par, remítome ás infografías que se están a publicar en páxinas de publicidade e non no plan de utilización de espazos portuarios que obviamente non designa volumes constructivos porque non entra no plan urbanístico.

En suma, claro que coido que poderíamos ter avanzado en acordos pero lamentablemente xa non é tempo, non hai escenario para os acordos, percibo que non hai vontade para discutir de política e polo tanto a posición do noso grupo é que non vai entrar nese escenario, vai actuar igual que no ano 98, igual que con aquel presidente da Autoridade Portuaria con este tamén, nunha situación máis difícil politicamente pero tamén imos actuar.

Imos presentar as nosas alegacións, aquí farémolo coma emenda de engádega como xa dixo o meu compañeiro e presentáremolo como alegación no Rexistro da Autoridade Portuaria en canto rematemos aquí e o máis tardar o luns. Tamén digo que cun obxectivo: Non creo nos tons en exceso belixerantes que coido que están derivados da proximidade das eleccións municipais e da seguridade, alomenos aparente, de que o presidente da Autoridade Portuaria vai ser candidato. Tampouco é a primeira vez porque xa aconteceu co Sr. Corral.

Por favor, desapaixoemos un pouco o discurso, acontecerá cando teña que acontecer se así acontece polo tanto non pode subscribir discursos belixerantes que ademais me parecen impropios.

O que vai facer o noso grupo é presentar as súas alegacións aquí, coma emenda de engádega, ó obxecto de que o presidente da Autoridade Portuaria, baixando desa torre de marfil naa que quere instalarse, se quere acordo político, como xa fixo outro presidente do Porto, teña sobre qué referenciar ese acordo. Iso si nos preocupe, que o posicionamento do BNG para un posible acordo político quede perfectamente referenciado e ante a Autoridade Portuaria porque ante esta Corporación, sinceira e lamentablemente, coido que non vai ser posible aínda que por suposto aceptaría calquera "convivium" para o falar pero sinceiramente coido que non hai tempo.

Enténdanme ben, non hai tempo non no desenvolvemento da propia sesión Plenaria, senón que non hai tempo político.



SRA .PORTEIRO GARCÍA: Teño previamente que dicir que a miña intervención será inevitablemente breve porque dentro dun carto de hora teño que estar collendo un avión para unha viaxe inaplazable, pero agradezo a oportunidade de poder falar neste punto, insisto que moi brevemente, para lembrar algunhas cuestións e insistir noutras que xa dixo o meu compañeiro, o voceiro anterior, Sr. Ruíz Ceniceros, e anunciar a posición do meu grupo en relación con este punto da orde do día.

O consenso a estas alturas e tal e como se presenta polo voceiro do goberno non semella posible, non estamos -coincido co voceiro do BNG- no momento en que esa cuestión se tería que formular e lamento que o que vai chegar á Autoridade Portuaria é algo sen proposta do goberno.

O goberno non explicou, nin tomou a palabra no primeiro momento (que sería o normal) para explicar a súa proposta, nin en realidade se vai facer nada para que deste Pleno non saia outra cousa máis que efectivamente un puzzle de opinións diversas que non poden, polo tanto, ter un peso específico nunha tramitación na que realmente nós somos unha voz importante de escoitar, pero todos sabemos que non é este o momento crucial no que a Corporación terá que facer o seu dictame, terá que facer un voto definitivo e iso será cando teñamos que votar o plan especial como tamén se dixo, previamente terá o Porto que facer o seu plan director de infraestructuras, terá que facer o seu plano estratéxico, terá que haber un acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria do Ministerio de Fomento e cando cheguemos ó Plan Especial teremos que falar xa en termos de efectivamente condicionar o que vai ser o futuro do Porto de Vigo.

Quero tamén dicir que lamento moito as alusións persoais a determinadas persoas que non están neste Pleno e polo tanto non se poden defender. Evidentemente estoume referindo á persoa do presidente da Autoridade Portuaria, Abel Caballero, que dá a impresión de que está sobrevoando durante todo este debate xa máis como un candidato ó que bater que realmente como presidente da Autoridade Portuaria que é na función e na medida na que hoxe temos que ter en conta neste Pleno.

Só por clarexar unha referencia que se fixo á actual ministra, Elena Espinosa, e presidenta da Autoridade Portuaria ata o ano 96, eu coido que sobre o labor de Elena Espinosa quen mellor pode opinar en Vigo é Citroën e que se non fixera o que fixo daquela nin se consolidaría a factoría de Citroën-PSA como a segunda máis importante do mundo, nin tería o desenvolvemento económico o Porto, Vigo, Citroën, postos de traballo, etc., que para qué imos lembrar. Pero en todo caso as opinións son libres.

Do que se trata agora é de que imos facer con esta proposta que se nos trae, ou esta falla de proposta que se nos trae porque realmetne se votamos estes informes favorablemente estamos dicíndolle á Autoridade Portuaria que esa é a opinión oficial do Concello de Vigo e xa dixemos que estes informes son máis propios dun plan urbanístico que dun de utilización de espazos portuarios. Se este informe leva o voto maioritario dos grupos que estamos aquí presentes o que lle estamos dicindo á Autoridade Portuaria é, primeiro, que a ampliación de Bouzas nin está xustificada, nin é necesaria, que todas as ampliacións previstas nin están xustificadas nin son necesarias, que as previsións de crecemento da actividade portuaria para os próximos tres anos non xustifican a ampliación prevista.

É dicir, con estes informes que vostedes nos someten a aprobación e que entendo que é a proposta do goberno, o goberno municipal o que pretende é remitir como opinión municipal de toda a Corporación é que se incorpore nas previsións do Plan de Utilización dos Espazos Portuarios un novo recheo de 60.000 m<sup>2</sup> en Bouzas para unha actividade que nada ten que ver co portuario, nada din tampouco da proposta da alcaldesa da instalación dunha depuradora de Vigo en Baiona tamén baseada noutros informes municipais e, en definitiva, son os informes que rexeitan ou critican a ampliación portuaria en Bouzas porque din que non é necesaria por carecer do estudo de impacto ambiental pero esixen, como xa se dixo, que inclua outro recheo para a nova depuradora que non necesariamente, como vostedes tamén saben moi ben, ten por qué localizarse en zona portuaria, a propia alcaldesa así o demostrou coa súa proposta de Baiona, e que carece do máis mínimo estudo de impacto ambiental nin siquiera no Plan Xeral.

Son demasiadas contradicións e incongruencias na forma e no fondo e para o noso grupo político estes informes son polo tanto inaceptables en tanto non se corrixiran ou se lles dera coherencia -insisto- na forma e no fondo e en tanto non se centrasen en asuntos que efectivamente competan a un plan de usos e que formulen observacións minimamente coherentes e que o goberno municipal e a alcaldesa se aclaren finalmente no que queren e no que propoñen.

Pero como os informes técnicos non se poden modificar a verdade é que estamos diante de propostas que nos parecen inaceptables. Nós non estamos de acordo coa proposta neste caso do Partido Popular dun recheo de 60.000 m<sup>2</sup> en Bouzas para a localización dunha nova estación depuradora porque entendemos que é incompatible co uso portuario no peirao de Bouzas que se pretende potenciar, polos efectos medioambientais que aínda non están

estudados e polo evidente conflito social no que non imos facer tampouco máis fincapé.

Nós estaríamos de acordo, polo tanto, con que ese Plan de Utilización de Espazos Portuarios non prevea esta instalación en Bouzas porque xa no Plan Xeral se conta con 25 millóns de m<sup>2</sup> de novo desenvolvemento dos que 5 millóns de m<sup>2</sup> o son para uso terciario e industrial para situar esta instalación que ocuparía como moito 60.000 m<sup>2</sup> que podería, ou debera ser tecnicamente viable, medioambientalmente axeitada e a ser posible non conflictiva.

Polo tanto o noso grupo estivo dubidando entre absterse ou votar en contra dos informes técnicos e por iso non fixemos ningunha emenda propia, pero logo do debate aquí xurdido e logo de todas as explicacións, ou dos comentarios escoitados anuncio o voto desfavorable do noso grupo a este punto da orde do día.

SR. FIGUEROA VILA: Como penso que todos coñecen o que é a parte técnica do documento e levamos xa 15 ou 20 días debatendo sobre el, eu coido que procede falar do que ó final todos representamos que é o posicionamento político de cada grupo político e da propia Corporación.

É certo que este é un debate político de calado que non rematará hoxe, por suposto, pero se empezan xa a descubrir certas estratexias. Evidentemente en política cando alguén quere presentar un obxectivo marca unhas estratexias, pon ós actores a funcionar e ós poucos se vai confirmando cada un dos posicionamentos. Ó final acábase sempre descubriendo cal foi esa estratexia e que papel desenvolveu cada un dos actores. Aquí hai estratexia, actores e un resultado final que acaba de poñer enriba da mesa a voceiro do grupo socialista.

Todo resúmese neste comentario de prensa no que alguén di que lle dá igual o que diga o Concello e o que diga a Xunta porque el ten competencias e tomará a decisión que lle dea a gaña. Esa é a conclusión definitiva e política. O presidente da Autoridade Portuaria di que lle dá igual o que diga o Concello, o que diga a Xunta e todos os demais porque el ó final fará o que coide axeitado.

Así é como se rachan os consensos, é como cada quen se posiciona estratexicamente segundo lle interesa e logo algúns van de tentar buscar ese enfrontamento e ese victimismo que lle achacan a outros. Ó final demóstranse, como dicía, as actuacións de cada parte.

O presidente da Autoridade Portuaria tentou diante da cidadanía dicir que viña co bo talante e con diálogo e tentou escenificar iso, escenificouno nunha primeira reunión con todos os voceiros dos grupos municipais, fixo a escenificación perfecta, politicamente é correcto e ademais mediaticamente rendabilizou esa idea de que quería un acordo. Pero comeza a transcorrer a súa actuación e, primeiro, todas as reunións que tivo cos grupos políticos non serviron absolutamente para nada porque non se recolleron as iniciativas e as propostas que os grupos políticos, como aquí se dixo, lle transmitiron, é dicir, el ó final tomou a súa decisión e presentou un plan de usos como documento, ou así el o concibe pero os informes dos técnicos din que ten moitas carencias e adolece de documentación importante para o levar a cabo. Se entramos nalgún tema concreto, por exemplo, ese Plan de Usos non reflicte absolutamente nada sobre o saneamento, nin sobre o abastecemento, nin sobre a política de bombeiros que poida ter este porto da cidade de Vigo, evidentemente xa comprenderán vostedes que lle están achacando á cidade que a ría de Vigo é unha cloaca por culpa da cidade e resulta que o Porto de Vigo non fai nin unha soa mención, nin unha soa liña a un plan de saneamento e de abastecemento. Eu preguntaría: ónde depura as súas augas o Porto de Vigo? Van directamente á ría? A min gustaríame que nos dixera onde as depura porque aquí se critica única e exclusivamente á cidade de Vigo pero ó final neste Plan de Usos non se fai nin unha soa mención, non se dedica nin unha soa liña a ningún plan nin de saneamento, nin de abastecemento do Porto da cidade de Vigo.

Pero como dicía, isto que formula o Porto é premeditado, é estratéxico e pon esa posta en escea de diálogo, de talante nunha primeira fase, logo nunha segunda presenta un plan de usos e cando presenta ese plan de usos, cando de verdade debería contar coa Corporación para escoitar a súa opinión, non remíteo, evíao por Rexistro e que opine a Corporación como coide oportuno.

Sr. Soto, así é imposible ter un acordo porque eu supoño que vostede tivo conversas co presidente da Autoridade Portuaria cando fixo aquela presentación mediática, porque agora xa nos empezamos a dar conta de que foi unha posta en escea e que o único que lle importaba era dicirlle á cidade que contaba cos grupos da Corporación. Contou con algunha das propostas que vostede lle presentou? Pregúntolle o mesmo ó voceiro do BNG porque dende logo coas que lle presentou a alcaldesa, con moi poucas. Seguramente si contaría con todas as propostas do Partido Socialista pero coas propostas do goberno que lle transmitíu a alcaldesa en conversas que foron públicas, non se contou con ningún dos seus posicionamentos.

Polo tanto tráese este Plan de Usos única e exclusivamente para un trámite administrativo pertinente, pero eu coido que non podemos ser inxenuos.

Sabemos que a opinión da Corporación e da cidade de Vigo á Autoridade Portuaria non lle preocupa, dalle exactamente igual o que digamos porque estou convencido que calquera proposta que saia hoxe aquí irá á papeleira. Digo isto cun posicionamento de frustración pero real, ó igual que moitas veces somos sinceiros en certas cuestións eu tamén o fago aquí: sei que calquera documento que saia aquí irá á papeleira porque non lle interesa nin o estudar, nin o analizar, nin contar coa opinión do Concello e iso acábase de reflectir nas conclusións que a señora voceira do grupo socialista acaba de manifestar.

Polo tanto nós entendemos que aquí se racha a posibilidade dun acordo político que seguramente terá que se producir noutro escaenario, pero todos sabemos que este non é o momento axeitado para o levar a cabo porque aquí se acaba de dicir claramente e se tivesemos vontade de colaborar, participar e ter en conta a opinión da Corporación e da cidade no Plan de Usos, non se presentaría ese concurso de ideas que agora mesmo ten en marcha a Autoridade Portuaria no que vai gastar 400.000 euros. Ou ese concurso de ideas é única e exclusivamente un posta en escea, unha idea para vender imaxe política, unha mentira irrealizable que lle queremos trasladar ós cidadáns e que quedará nun caixón cando pasen as próximas eleccións municipais? Porque se non é así o lóxico sería o razoamento que se acaba de dar nesta Corporación: presentar o Plan de Usos e a partir daí ir definindo cada unha das actuacións que se van contemplar no Porto da cidade de Vigo.

Iso é evidente, calquera persoa que faga un razoamento lóxico entenderá que sería a postura correcta. Pero non, ábrese un concurso de ideas e, qué coincidencia, ese concurso remata en febreiro para presentar os megaproxectos, pagarlle 400.000 euros a un arquitecto ou a un estudo de arquitectura e logo mandalo ó caixón; levar ese proxecto en campaña electoral e cando pasen as eleccións gardaremos o proxecto porque será irrealizable, primeiro tecnicamente, segundo economicamente e terceiro, xa non interesará porque o obxectivo estará cumprido. Fraco favor se lle está facendo á cidade.

Esta é a realidade: estratexia, actores, conclusións. As conclusións xa as temos enriba da mesa. Aquí o único que se nos trae é un plan de usos para que a Corporación se poida pronunciar, pero evidentemente non o pode facer porque, cómo se vai pronunciar a Corporación cando non temos posibilidade de diálogo? Esa posibilidade de diálogo rachouse automaticamente presentando este Plan de Usos por Rexistro sen buscar puntos de encontro.

Pero esa estratexia continua porque dende o grupo municipal socialista da cidade de Vigo continuan apoiánda en perfecta conexión co que marca o presidente da Autoridade Portuaria. Por iso eu agora entendo que o voceiro do grupo socialista rachara esa posibilidade de acordo que se presentaba na Corporación filtrando os informes sabendo perfectamente que esa filtración ía significar a imposibilidade dun acordo. É tan evidente e tan claro como a auga.

Agora o que temos enriba da mesa é unha proposta dos técnicos para votar e xa que estamos cada quen poñendo os seus posicionamentos enriba da mesa, o grupo do partido popular vai poñer esa proposta a votación e será única e exclusivamente o que vote, así de claro, dicímoslles ós membros da Corporación que non queremos entrar en posicionamentos de enfrontamento coa Corporación. Coido que sería moi lamentable que agora mesmo dende unha institución coma é a Autoridade Portuaria provocase un enfrontamento nesta Corporación.

Nós queremos que o Porto medre e coido que demos mostras de vontade dese posicionamento político. Dicíao o Sr. Toba: a señora alcaldesa cando chegou á Alcaldía tiña a posibilidade de retirar o recurso do recheo do Areal e non o fixo porque quixo buscar puntos de acordo coa Corporación e o motivo de presentar este proxecto de bordo litoral era única e exclusivamente para buscar acordos, para que os distintos grupos políticos poideramos posicionármonos con respecto a algo que sempre xerara enfrontamento na cidade de Vigo e acadouse ata setembro de 2005 cando se realiza esa Xunta de Voceiros na que se dá conta das conclusións da comisión técnica creada por todas as institucións.

A partir daí a responsabilidadee será de cada quen, logo que non se nos diga que a cidade non axuda ó Porto, que non quere colaborar co Porto cando eu coido que aquí se manifesta claramente que hai unha maioría, alomenos unha maioría de grupos políticos que estamos dispostos a traballar, a falar do Porto, a consensuar proxectos e diría algo máis; evidentemente se o presidente da Autoridade Portuaria quere buscar un acordo nós pediríamoslle que retirase este Plan de Usos, que convocase á alcaldesa de Vigo, que a alcaldesa inmediatamente convocase a todos os voceiros dos grupos políticos e que se crease unha comisión de seguimento cun tempo marcado de dous ou tres meses para que todos poidesemos opinar e tentar buscar un acordo, un consenso que beneficiaría á cidade de Vigo. Se isto non o quere facer evidentemente é porque el ten outra idea, outra estratexia e o único que quere é buscar o enfrontamento coa cidade de Vigo.

Coido que hoxe os grupos políticos desta Corporación cun tema tan polémico demos mostras dunha madurez seguramente inusual na Corporación da cidade de Vigo e vou reivindicar o que hoxe pasou neste Pleno. Coido que todos demos mostras de vontade de tentar axudar, buscar puntos de encontro, coido que ata fomos suaves, matizamos moito as palabras que cada un de nós dixo porque queremos o mellor, porque sabemos que é un erro ter un enfrontamento coa Autoridade Portuaria pero evidentemente, se a Autoridade Portuaria nestes momentos quere un enfrontamento coa cidade, dende a Corporación é totalmente imposible buscar solucións ou puntos de acordo.

Polo tanto nós imos poñer a votación ese informe pero pediríamos que nesa proposta se vote unha decisión de pedirlle á Autoridade Portuaria que retire esta proposta de Plan de Usos, que convoque á alcaldesa e que a alcaldesa automaticamente convoque ós voceiros de todos os grupos políticos para tentar que cada quen lle poida manifestar ó presidente da Autoridade Portuaria cal é o seu posicionamento e abrir unha posibilidade a través do diálogo, de consenso e de acordo para algo que é fundamental para a cidade de Vigo para os próximos anos. Non estamos falando de calquera documento, de calquera decisión puntual, estamos falando unha vez máis do crecemento do Porto de Vigo, da relación do Porto coa cidade de Vigo e das necesidades que presentan os cidadáns, a cidade e a propia Corporación á Autoridade Portuaria.

Iso é o que imos poñer a votación: o informe dos técnicos tal e como está se vemos que non hai matizacións. O segundo punto sería solicitarlle ó presidente da Autoridade Portuaria que retire este punto e que convoque á alcaldesa para que esta á súa vez convoque ós voceiros para tratar en profundidade este Plan de Usos.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa e Sr. Figueroa, eu vou comezar polo final. Se hai unha posibilidade de acordo outra vez o Partido Galeguista sempre estará niso, pero entón nos deberamos circunscribir ó tema da convocatoria real e deixar isto pendente porque non vai morrer ninguén xa que hai prazo. Digo máis, para facilitar ese acordo non tomar ningunha resolución e non incluír o punto tal e como vostede di: "que retire" porque iso lle pode ata parecer ofensivo, non ten por qué retirar nada porque nun consenso sobre unha mesa se pode acordar se se retira todo, parte ou se se modifica, a min iso dame igual. Para min o importante é o acordo final e non ningún tipo de humillación política a ninguén polo camiño. Se vostede circunscribete a súa proposición a iso eu acéptolla; se mete vostede por

diante poñer a votación non sei que informes entón eu fago valer o meu dereito das dúas miñas emendas que son previas en votación, porque vostede fai unha proposta política sobre contidos e entón teño dereitos que me abeiran e non quero renunciar a eles.

Iso quere dicir naturalmente que eu non comparto a súa primeira proposición porque coido que non leva a ningún acordo e se é así, é a súa, eu respéctoa moito pero como non é a miña eu teño dúas emendas e pido que se voten en cascada, se se aproba a primeira fago decair a segunda axiña. Se non se aproba a primeira que se poña a segunda e se non se aproba esa tampouco porque todos votamos contra todo, o problema será do Concello de Vigo coa Autoridade de Portuaria, pero deixémonos de bromas, o problema tamén estará no Concello de Vigo porque aquí, non digo xa por unanimidade que ó mellor non é posible que ogallá fora, pero alomenos tería que haber algunha maioría, a de quen sexa que ós demais nos pode gustar ou non pero que sustente un acordo nun momento determinado.

Eu dende logo expúxenlle algunhas ideas moi claras para hoxe e cara o futuro e polo tanto arredor diso estamos dispostos estamos dispostos a votar cos demais pero se non é así non estamos dispostos a votar e dígo con serenidade, sen ánimo agresivo porque nos parece un tema esencial para esta cidade.

Querería rematar acolléndome a parte da súa proposición. Estamos en exposición pública, hai tempo, podemos parar este Pleno, que realmente haxa esa reunión inmediata coa Autoridade Portuaria, que se monte unha delegación do Porto e unha do Concello e tentemos con todos os medios chegar a un acordo. Se os demais opinan igual estaría estupendo, se non é así, a votar as nosas emendas por diante e as dos demais naturalmente cando queiran.

SR. TOBA GIRÓN: Así non. Ese non é o camiño. En primeiro lugar teño para min que sinto algo retortas as miñas palabras e iso non me gusta nada porque eu me expresei con absoluta claridade, fun meridiano, o BNG neste asunto foi tan absolutamente claro como que entregou un posicionamento que sinceramente se restrinxe mesmo ó contido do Plan de Utilización de Espazos Portuarios. Nós poderíamos ir máis aló pero aposta presentamos unha emenda que realmente son auténticas alegacións ó que presenta a Autoridade Portuaria.

Segundo, eu xa dixen o que tiña que dicir a respecto do que coido que son erros políticos por parte dos estamentos da cidade e non vou insistir sobre



iso, pero non vou permitir, alomenos nós non imos subscribir unha especie de declaración de guerra da Corporación municipal unívoca sobre a Autoridade Portuaria porque non é esa a posición do noso grupo.

Terceiro, non corresponsabilicemos do que é responsabilidade da Corporación. Se aquí hai posicións distintas a respecto do Plan de Utilización de espazos portuarios que se reflectan nas votacións; se hai unha posición maioritaria, que pase; se non a hai, é que non fomos quen. Recoñezamos a incapacidade propia pero eu non vou aceptar de ningún xeito un convivium que me sona a presentar un bando de batalla fronte á Autoridade Portuaria que só pretende englobar como un asunto de cidade un posicionamento do Partido Popular. Iso non.

Como tampouco vou aceptar que dende a banda do Partido Socialista se pretenda globalizar na mesma batalla, non. O BNG ten a súa posición e está enriba das súas mesas e nós queremos que se vote como emenda de engádega. Entendo que a posición do goberno municipal é que van votar os informes dos técnicos renunciando a unha expresión dun programa político, enténdanme que o digo con todo respecto, están renunciando, é razoable. O Partido Socialista está renunciando a emitir unha opinión porque sinxelamente subscribe palabra por palabra o posicionamento da Autoridade Portuaria. Non pasa nada, xa dixen que para min é relativamente normal iso no escenario no que estamos. Pois poñan vostedes a votación os informes. Entendo que é o sinxelo envío dos informes á Autoridade Portuaria. Nós queremos poñer a votación a nosa propia proposta que xa anuncio que irá como alegación.

Unha matización máis: cando citei á Sra. Espinosa, unha persoa á que respecto moito e que ademais é ministra e polo tanto máis respecto, citábaa en exclusividade en relación con aquela barbaridade do recheo de Bouzas en que camións de terra, volquete a volquete soterraban a bahía de Bouzas xa non con estudo de impacto ambiental que daquela iso case non se levaba, pero cun total desprezo polo que é Vigo e pola súa ría. Nada máis que nese obxecto e non quería discutir para nada a xestión da Sra. Espinosa, que sinceiramente coñezo razoablemente mal. Nada máis.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, por favor, distorsionouse a miña intervención.

A PRESIDENCIA: É por alusións? Porque non lle toca a quenda.

SR. TOBA GIRÓN: Non, Sra. Presidenta, reclámolle que aplique vostede o regulamento de Pleno. Hai unha orde de intervencións, eu non quero evidentemente, Sr. Soto, cortarlle para nada a palabra e entendo que pode haber unha terceira, cuarta ou quinta ronda que vostede encabece, non hai inconveniente. Pero hai un regulamento e un xeito de levar os plenos que é a súa responsabilidade, Sra. Presidenta.

A PRESIDENCIA: Sr. Toba, interrompiume vostede cando lle preguntaba se era por alusións, porque non coido que as houbese.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, hai unha cuestión de orde e hai alusións.

Cando se di que o que se quere é montar un fronte contra a Autoridade Portuaria, unha operación belixerante e iso derivase da miña proposta na que se di exactamente que se pare o Pleno para facer un diálogo, non é así, é falsa esa premisa sobre a que se monta o Sr. Toba. Esa é unha alusión que realmente non ten nada que ver co que eu dixen, ningunha alusión belixerante de ren de ren. Parar o Pleno e montar unha comisión de debate. Outra cousa é que a vostede non lle interesa nin que diga isto porque vostede quere que se vote hoxe aquí porque non quere chegar a ningún acordo. Pero esa é outra deducción tamén de meu.

SR. RUIZ CENICEROS: Non coidamos que ninguén teña a intención de chegar a un estado de guerra na Corporación e niso coincidimos co Sr. Figueroa. Aínda que todos os grupos temos unha opinión distinta o debate foi bastante moderado e claro, tampouco coidamos que nese sentido se lle poida atribuir nin á Corporación, nin á Alcaldesa, nin á Autoridade Portuaria unha intención de enfrontamento nin moitísimo menos polas formas, é dicir, que o Plan de Usos sexa presentado cun mes de anticipación no período de exposición pública formalmente ó Concello, que todos os grupos tiveramos a documentación, que tiveramos tempo para a estudar, debater, ter informes técnicos e no seu caso consensuar unha decisión ou traela a Pleno con opinións distintas. Coidamos que iso formalmente é impecable. Non o poderíamos interpretar doutro xeito se por exemplo comparáramos a presentación doutro proxecto hai poucas semanas sobre localización de nova depuradora en Baiona do que, que eu saiba, nós non tiñamos ningún coñecemento, non sabemos que se falara, se debatera ou negociara con ningún grupo político e o resultado foi que nin siquera era coñecido, nin debatido

coa Corporación e co alcalde de Baiona. Non imos deducir que con ese xeito de operar en realidade o que se estaba buscando era un enfrontamento. Como non o deducimos desa actuación do goberno municipal, tampouco coidamos que sexa xusto deducilo dos pasos que seguiu a Autoridade Portuaria respecto do Plan de Usos que dende o punto vista formal e a efectos de chegar a un acordo, a unha negociación, houbo tempo suficiente.

En canto a se se recollen ou non no Plan de Usos as propostas de cada grupo, efectivamente non se recolle todo o que propoñían todos os grupos nesas rondas de negociación. Agora ben, a proposta fundamental que se recolle no Plan de Usos e é a máis importante respecto do Porto que formulou o Partido Popular neste mandato, non é un programa electoral que propoñía a ampliación no Areal, non; neste mandato é a proposta da Alcaldesa de trasladar a terminal de colectores a Bouzas por medio dunha ampliación que serviría para habilitar a actual escolleira na zona norte.

Esa proposta que recolle é a principal do Partido Popular, é a máis importante que formulou a Alcaldesa neste mandato e dunha transcendencia importantísima no que afecta á operatividade e ó futuro crecemento e funcionamento do Porto de Vigo. Co que alomenos maxinemos que o Plan de Usos non recollese esa proposta, que recollese outra ampliación ou que non trasladase a terminal de colectores a Bouzas, entón si que poderían dicir que non se recolleu ren. Pero o que si teñen que recoñecer, alomenos neste Pleno, é que a súa proposta fundamental está recollida nos mesmos termos, ata o punto de que na súa primeira intervención aludía a que en realidade era un conxunto de ideas precedentes e entre elas a súa, co que tampouco aí coidamos que vostedes poidan tildar ó Plan de Usos de buscar un enfrontamento ou de non buscar un consenso cando o fundamental que vostedes solicitaron o teñen debuxado e presentado no Plan de Usos.

Obviamente o grupo municipal socialista, como xa comentamos, hai aspectos que coidariamos convenientes incluír ou suxeirirlle á Autoridade Portuaria, mesmo baseándonos nos informes técnicos, é dicir, todo o que xa comentamos: estudo de concesións, revisión das tres afeccións propostas, medidas medio ambientais e demais, non é que non teñamos suxestións ó Plan de Usos, o que pasa é que a proposta que agora o goberno fai de seu é unha parte importante dos informes pero non é completa porque hai moitísimas máis cuestións que se presentan nesas alegacións que se van remitir que exceden mesmo do que é un plan de usos e outras de tal relevancia que sexan vostedes conscientes que é nin máis nin menos que se cuestione esa actuación emblemática, importante e que ten coma orixe a proposta da

Alcaldesa que é a ampliación nin máis nin menos que na zona portuaria de Bouzas e a ampliación en xeral, incluída a do peirao de transatlánticos coa significación que iso ten. Se nós asumísemos eses informes estaríamos en contradicción cunha proposta que a día de hoxe aceptamos. O goberno municipal ten tamén que ser consciente do que fai se se remite esa opinión á Autoridade Portuaria.

Tampouco é de todo exacto porque hai por unha banda os informes da comisión. Sexan vostedes conscientes de ata qué punto chegamos e ademais cometeu vostede o erro de citar os nomes das persoas que integraron esa comisión técnica da Xerencia de Urbanismo que son os mesmos que emitiron estes informes. Nesa comisión fálase e proponse expresamente na zona portuaria de Bouzas a ampliación do peirao para rematar o principal de colectores. Iso é o que se propón nesa comisión técnica que en principio foi integrada por técnicos da Xerencia que nos remitiron un informe que di que esa ampliación non está xustificada, medioambientalmente non está medida e que ademais non é necesaria porque se podería trasladar á PLISAN. Esa é a evidencia.

Fíxense que é certo que isto ó mellor dende o punto de vista político non interesa pero dende o punto de vista técnico é impresentable que se mande nestas condicións semellante conxunto de opinións tan dispares redactadas polos mesmos técnicos e votadas, polo que anuncian, por grupos políticos que non están de acordo con iso. O máis simpático de todo é que non hai necesidade e tampouco fai falla pedirlle ós técnicos municipais que non asinen os informes, nin que fagan informes á carta, non se está pedindo iso, dá igual cando presenten os técnicos os informes, dá igual cando se dean a coñecer ó público. Serven sinxelamente para que nós nos asesoremos e fagamos, no seu caso, uso do que coidemos razoable, ou está de acordo co que nós formulamos e non do que coidemos que está errado.

Iso é o que non se vai facer aquí e o que non fai o goberno que é en realidade quen ten a iniciativa porque vostedes como goberno en moitos expedientes, en temas de informes souberon perfectamente como ir unificando informes asinados contradictorios e basear a súa resolución naqueles informes que coidaban axustados ás súas intencións e non asumir os informes que coidaban desacertados, cousa que non sucede neste caso, nunha cuestión tan importante e na que van caer nunha contradicción.

A opinión do Concello de Vigo é que a ampliación para usos portuarios e para o peirao de transatlánticos en Bouzas e na zona central é inaxeitada e improcedente, pedindo ó mesmo tempo un recheo de 60.000 m<sup>2</sup> para localizar

unha actividade non portuaria coma a depuradora sen o máis mínimo estudo de impacto ambiental. Esa é a realidade e conforme a ela témonos que ater a que algo hai que votar e no noso caso obviamente ten que ser un voto desfavorable trasladar eses informes.

SR. FIGUEROA VILA: Do informe nós entendemos todo o contrario e así nos gustaría que constase en acta. O informe di que "omítese unha mínima valoración dos efectos sobre o medio natural das ampliacións previstas, así como doutras alternativas, como un maior traslado de actividades loxísticas á plataforma de Salvaterra que poderían facer innecesaria a ampliación". É dicir, está dicindo que se xustifique por se fose ou non necesaria a ampliación. Aquí non se di para nada en ningunha parte do informe que se está en contra das ampliacións.

Sr. Secretario, a min gustaríame que nos diga claramente, xa que vostede é o máximo responsable técnico e xurídico deste Pleno, se nalgunha parte dos informes se di claramente non ás ampliacións. Pero se o xustifica poderían ser necesarias. Nós claramente entendemos iso. Penso que se está trasladando á opinión pública algo que non é certo, Sr. Ruíz, vostede pódeo entender como queira ou como lle interese entendelo pero nós entendemos claramente que o único que din os informes é que se houbera que facer algunha ampliación haberíaa que xustificar. Sr. Secretario, gustaríanos de verdade porque senón a ver se estamos nun erro nós.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Sr. Figueroa, vostede leu literalmente o informe.

SR. RUÍZ CENICEROS: Voulle ler a valoración final que fan neste caso non só sobre a de Bouzas, senón sobre todas as ampliacións en xeral: "Sobre as necesidades de ampliación pódese informar que falla cantificación obxectiva de necesidades de superficie, a información sobre o estado das concesións actuais e posible optimización das súas superficies, unha valoración de alternativas de localización e un estudo do control de crecemento sostible e os posibles efectos ambientais e medidas correctoras". Este é un informe tan desfavorable que resulta chamativo, Sr. Figueroa, que os mesmos técnicos na comisión esa....

SR. FIGUEROA VILA: Non me vou á comisión, eu pídolle que me responda á pregunta...

SR. RUIZ CENICEROS: Sra. Alcaldesa, solicito que se o voceiro do grupo popular me traslada que faga un claraxamento...

A PRESIDENCIA: Son quen dirixe o Pleno e polo tanto, se e así, vostede terá outra quenda. Leu o que tiña que ler e ten a voz o responsable do grupo popular.

SR. FIGUEROA VILA: Eu lin este informe non sei se 5 ou 6 veces, hoxe pola mañá dende que están vostedes falando lino dúas veces e non son quen de atopar onde se di que non ás ampliacións. Dise que se xustifiquen as necesidades e é lóxico e razoable que nos digan se son necesarias as ampliacións ou non e en base a que, pero coido que ese é o argumento básico onde esta Corporación sempre tivo o enfrontamento, que nos digan os señores do Porto qué necesidades teñen con este Plan de Usos, qué demandas presentan os responsables do Porto para que a cidade poida tomar decisións. Iso é o que di este informe e se lle queren trasladar á opinión pública que di o contrario é mentira e teño que o dicir claramente.

Por iso nós imos xustificar o noso voto a favor deste informe dicindo claramente que nós entendemos que o que di é que se fagan os estudos necesarios e se xustifiquen as ampliacións sobre o mar. Eu falei cos redactores deste informe e dixéronme que en ningún caso din que non ás ampliacións dun xeito claro, din que se xustifique. Sería un erro que dixeran outra cousa.

Polo tanto nós poideramos ter algunha dúbida e tivémola nalgunha fase estes días, pero logo de ler e reler o informe, falar co secretario e con todos os que leron o informe nós non chegamos a esa conclusión. Polo tanto creo que a nosa postura está moi clara e que nela se reflicte perfectamente a comisión técnica, díceselle ó Porto que eses son os antecedentes porque o Porto os ten que ter e a postura da cidade é a de dicir que se corrixa todo iso, que se xustifiquen as necesidades, que se corrixa todos os temas medio ambientais, que se axusten á legalidade en todos os termos, etc. Este informe dos técnicos non di nada máis e pola nosa parte se pode asumir na súa totalidade.

Por iso eu hoxe lle preguntaba ó secretario se hai nalgures ou nalgunha folia que eu non teña que diga que non haxa ampliacións dun xeito claro.

É certo que eles din que se fagan os estudos e se teñan en conta as necesidades que ten o Porto, como non pode ser doutro xeito, e o Partido

Popular e o goberno da cidade de Vigo lle din ó Porto de Vigo que queren colaborar, que lle queren axudar a que se desenvolva pero tamén que nos diga cales son as necesidades que ten e os estudos que ten enriba da mesa para saber se a demanda que presentan as persoas que utilizan o Porto de Vigo son ou non necesarias.

Evidentemente que este informe ten que facer referencia á PLISAN. É unha parte máis do Porto pero aquí hai interpretacións, o Sr. Toba acaba de dicir que coida que coa PLISAN xa se xustifican todas as necesidades que ten o Porto en temas de desenvolvemento. É unha opinión. Nós dicimos que nos digan as necesidades que teñen e cando saibamos as necesidades reais e os estudos que teñen enriba da mesa poderíamos dar unha opinión.

Polo tanto non é só que o asumamos, senón que este informe o asumimos na súa totalidade porque ademais é magnífico, eu podo dicir que é dos mellores informes que se fixeron neste casa con respecto a algún documento porque reflicte perfectamente e dun xeito obxectivo a situación. Eles non din PLISAN si, ampliación de Bouzas non, en ningún lado o di e quen queira interpretar iso está confundindo á opinión pública, dígoo claramente e senón voltamos lelo cos que queiran, cos que teñan esa interpretación léolles parágrafo a parágrafo e sento con eles para que se lea este informe.

SR. SOTO FERREIRO: Vostede non me deixaba antes intervir para unha aclaración pero deixa intervir aquí para facer os discursos a quen quere. Tamén é un xeito de facer xustiza.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, deixólle a intervención.

SR. SOTO FERREIRO: Si, Sra. Alcaldesa, estou empezando intervir e non sei por qué me interrompe, se lle molesta o que digo síntoo moito pero digo o que opino e vostede apanda coa miña opinión coma eu apando coa súa. Dígolle que non preside con xustiza e nada máis e vólvollo dicir; se lle molestou antes que lle moleste dúas veces. Pero dito isto imos ó fondo do tema.

En canto ó fondo do tema eu quero reivindicar o traballo da Sra. Espinosa porque ¡pobre Vigo! se non fixera o traballo que fixo. Isto é para confrontar co Sr. Toba porque dixo unhas opinións moi duras sobre a Sra. Espinosa e dígollo eu que, independentemente da consideración persoal e política que me merece, fun un alcalde que lle parei unha obra ó Porto, pareille o ferrocarril por Beiramar, lémbrese, Sr. Toba? Cántos alcaldes

fixeron iso de parar ó Porto? Daquela había un alcalde en Vigo, non había un do Porto e outro doutro lado. A Sra. Espinosa, a Presidenta era estupenda e por outra banda era funcionaria do Porto de Vigo aínda que iso non quere dicir que non errara nun ou en tres temas, como eu erreí ó mellor en doce. Daí a coller un tema e descalificar a unha persoa con frases tranquilas e amables, comigo diante non.

Xa para opinar de todo, o que eu non sabía daquela e aprendín polo camiño: tecnicamente mal feito. Eu defendendo ó 100% o que fixo a Sra. Espinosa e non defendo de ningún xeito cómo o fixo a Sra. Espinosa, para o dicir clariño e con opinións concretas.

Vostede empezou a soltar isopos e descalificacións a diestro e sinistro e aquí toca para todos. Cando vostede fala das legalidades ou das ilegalidades, para ilegalidade ese Plan do que vostede fala, ese Plan Especial do Porto anterior non tiña plan de usos e entón se fai un pacto para que se faga logo. En qué lei de Portos do Estado se dicía que se fixera un plan especial e logo un plan de usos? Na miña opinión iso era flagrantemente ilegal. Pois xa ve, fíxose e vostedes apoiáranlo.

Quérolle dicir que o tema do Porto está cheo de aristas para todos os lados e seguramente cometemos erros todos en máis dunha ocasión, pero iso realmente non é o que importa ou si importa pero para aprender deles e se é posible non volver repetilos.

A min o que me interesa é o de hoxe. O Sr. Figueroa no seu discurso, eu non vou recoller o que dixo pero si unha idea que me parece positiva. Hai vontade de tentar ata as últimas consecuencias un consenso coa Autoridade Portuaria neste tema? A min non me rebaixa politicamente en absoluto parar este Pleno, pedir que a alcaldesa de Vigo se entreviste co señor presidente da Autoridade Portuaria e que monte unha delegación na que interveñamos ou non os grupos, fíxenlle o que lles digo, pero iso si, se é a alcaldesa soa que reflecta as opinións de todos previamente consensuadas; tamén me vale así. Se imos todos tampouco me importa.

Agora ben, se temos vocación vaíamos discutir sobre o Plan de Usos pero na miña opinión non se pode dicir que se retire todo o Plan de Usos porque non todo é malo, ten cosas normais e correctas e tampouco hai que facer unha descalificación global. Se hai posibilidades de acordo e facéndoo con prudenza o peor que nos pode ocorrer é que a outra parte sega a ser imprudente e que non queira o diálogo nin o acordo. Pois que sexa a outra parte, que se lle demostre á cidadanía quen tiña toda a vontade de chegar a



un acordo e quen non. Se non temos vocación de chegar a un acordo, iso de que vai facer o que lle pete verémolo nos tribunais, vólvoos dicir.

Voltemos dous pasos atrás: recollo a idea que me parece estupenda do Sr. Figueroa pero con matizacións e a única matización é: paremos este Pleno no punto en que está cun remate que é pedirlle un diálogo para un posible acordo sobre o Plan de Usos do Porto ó Presidente da Autoridade Portuaria porque iso, como moi ben dicía o Sr. Toba por outra parte, ten que preconfigurar de bo xeito o que será o Plan Especial do Porto logo. Por tanto hai unha base clarísima para ese acordo se é que se quere facer. Que todos vostedes queren mellor enfrontamento? Queren aproveitar as circunstancias deste Pleno porque lles pode crear incomodidade estar nesa mesa? Pois vou ver a votación final tamén porque un entende ás veces demasiadas cousas. Nós si estamos por ese acordo polo tanto poñemos todas as condicións posibles. Que non hai unha recepción positiva a esa petición en poucos días? Voltamos facer un Pleno extraordinario e votaremos non sei o que, pero eu si votarei dende logo as emendas que presenteí e nese caso si votaría. Se segue no Pleno de hoxe ímolos votar hoxe naturalmente.

Por certo, Sr. Figueroa, ten vostede razón, non din os técnicos taxativamente en ningures "non se debe facer isto" pero si sexamos tamén rigorosos na interpretación porque se insinúa claramente o que se debera facer. Mesmo lle vou dar unha interpretración persoal: eu comprendo esa actitude porque algúns eses técnicos veñen de estar sentados cos outros técnicos, chegan a acordos aínda que un dos temas quede aberto e haberá que seguir traballando, dicían os técnicos da Autoridade Portuaria, pero chegan a un acordo global e agora parte deses técnicos atópanse con que os técnicos que asinaron lles din outras cousas e entón agora eles tamén din outras. Sería normal humanamente, ata para salvar os mobles porque senón se sentirían collidos como nunha trampa.

É perfectamente entendible pero o problema é se hai vontade política de chegar a acordos, non nos escudemos nos técnicos nin para o si, nin para o non. Os técnicos fan uns informes que están aí pero son informes. Agora ben, cal é a proposta política que hai enriba da mesa? Nós témolo moi claro, se a proposta política é o acordo coa Autoridade Portuaria, encantados, se non é así, Sr. secretario, as nosas emendas están presentadas primeiro e a votalas.

SR. RUIZ CENICEROS: É a oportunidade de rematar o que quería explicar anteriormente.

Sr. Figueroa, a cousa é tan chamativa e tan esquizofrénica que asumindo a interpretación que vostede lle quere dar, que non din un non absoluto, din que se xustifique, que non está demostrada a necesidade, pois se chegamos a ese extremo iso significa que nas conclusións desa comisión á que vostede alude e pon como bandeira, cando expresamente se propón a ampliación do peirao de Bouzas como terminal principal de colectores, cando isto se propuxo por eses técnicos e polo Concello non estaba xustificada, non estaba acreditada a necesidade desa ampliación e nesta comisión non se menciona para nada que se xustifique ou que sexa necesario, dase por feito, é unha proposta firme de que esa é a solución conveniente.

Non se pon nin a máis mínima dúbida, é máis, se chegamos a ese extremo significaría que a proposta que presentou a alcaldesa na Comisión do Bordo Litoral de trasladar a terminal de colectores do Areal a Bouzas e ampliar en aínda máis metros cadrados, non estaba xustificada e ó mellor non é necesaria e habería que trasladar á PLISAN. Nese sentido está dicindo que cando se fixo esa proposta non estaba xustificada nin estudada medioambientalmente e o máis importante, non necesaria porque se podería remitir toda esa actividade á PLISAN.

Non podo falar por outro grupo pero coido que isto coincide máis coa alegación presentada polo BNG que precisamente a presenta neses termos, di que hai dous millóns e medio de metros cadrados en Salvaterra, que a actividade que agora mesmo se propón na Autoridade Portuaria se podería trasladar á PLISAN, o informe está moito máis perto do que propón o BNG do que propuxo a Alcaldesa nesa Comisión e xa lle comentei que era a principal proposta do Partido Popular neste mandato.

É posible que vostedes teñan esa capacidade de asumir opinións contrarias pero comprenderán que non pode pasar desapercibido que lles sirva tanto o positivo como o negativo, o polo norte como o polo sur cando son totalmente contrarios. Mesmo en aspectos tan importantes poñen en cuestión o que foi a súa principal proposta pero son libres de defender e votar o que estimen conveniente. Coido que non dan máis de si e é sinxelamente para puntualizar o que en realidade coidamos que está acaecendo neste Pleno.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Ruíz, vostede que sempre é rigoroso no xurídico teño que lle dicir que penso que hai unha diferenza fundamental entre o que é unha comisión e un plan de usos. Unha comisión é un grupo de persoas que se reunen para elaborar e marcar unhas directrices para que se trasladen e darlle oficialidade nos documentos previstos na lei. Coido que é o que esa

comisión quixo dicir. Esa comisión dixo que eran necesarios uns temas en base a informacións que reciben de todas as institucións e a partir daí se trasladaría, pero aquí estamos falando dun plan de usos.

O que di o informe é que ese plan de usos debería recoller as necesidades e os estudos que se demandan para xustificar as ampliacións; iso é o que nós entendemos porque as comisións estudar as necesidades que se van recollendo e se van plasmando en acordos que logo se trasladan ás persoas que redactan os documentos finais. Isto é como a confección dun plan xeral, vostede escoita as necesidades dos veciños, das parroquias, as necesidades que ten a cidade, vains anotando e recollendo esas necesidades, trasládanas ó equipo de traballo, ese equipo vains documentando, cando teñen a documentación necesaria piden os estudos ós expertos, eses estudos se volven analizar; iso é o que se está dicindo. Nós seguimos dicindo e defendendo a mesma postura, o único que dicimos é que sobre este plan de usos os técnicos nos din que para xustificar as ampliacións son necesarios uns estudos e unhas valoracións das demandas que presenta a cidadanía e o sector do Porto, iso é o único que nós entendemos.

Sr. secretario, gustaríanos que isto quede en acta reflectido dun xeito claro porque, cómo se vai poñer en contrapeso unha comisión cun plan de usos? Falamos dun documento oficial que remite un consello da Autoridade Portuaria, que terá os informes correspondentes dos seus técnicos. Se falamos dunha comisión falamos de dous técnicos que se reunen de cada institución para iren elaborando un documento e darlle forma para que o final se traslade ós órganos correspondentes e competentes para que tomen as decisións. Coido que está perfectamente claro e ademais nós defendemos que os técnicos digan iso como vostedes esixen outros temas.

Polo tanto nós imos poñer esta proposta a votación e logo que cada quen presente as emendas que coide oportunos.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e as Sras. Méndez Piñeiro e Porteiro García).

**VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, SR. SOTO FERREIRO, POR ESCRITO DE DATA 28.09.06, TRANSCRITA ANTERIORMENTE:** Con vintedous votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns

Vilanova, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e o voto a favor dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Rexeitar a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro por escrito de data 28 de setembro de 2006, transcrita nos antecedentes deste acordo.

**VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, SR. SOTO FERREIRO, POR ESCRITO DE DATA 29.09.06, TRANSCRITA ANTERIORMENTE:**

Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, nove abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dous votos a favor dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Rexeitar a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro por escrito de data 29 de setembro de 2006, transcrita nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Abstémonos porque esa emenda que presentou o Sr. Soto está recollida no documento do informe dos técnicos.

SR. TOBA GIRÓN: Correcto, entón me quedo con que esa emenda que se refire ás conclusións da comisión técnica, está recollida na proposta que vostedes queren someter a votación.

SR. FIGUEROA VILA: Non.

SR. TOBA GIRÓN: A min non me faga trampa, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Pois o teño claro, votamos en contra, para que non haxa ningunha dúbida, non queremos que haxa ningunha mala interpretación. Votamos en contra.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, aclare a interpretación do voto porque está votado.

SR. TOBA GIRÓN: Eu entendo que o Sr. Soto presentou unha emenda que eu teño aquí diante que é a última que recibín ó inicio deste Pleno que é a que se refire ás conclusións da comisión técnica, conclusións que nós non compartimos.

Sr. Soto, busque un momento en que o grupo municipal do BNG apoiara ese posicionamento; nin agora, nin antes, Sr. Soto, fale vostede igual de claro que falo eu.

Segunda cousa: eu entendo que vostedes queren poñer a votación os informes dos técnicos e sinceramente eu non o entendo, cómo se poden votar os informes dos técnicos nalgo que é puramente político, é absolutamente estraño.

**VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR.**

**TOBA GIRÓN, POR ESCRITO DE DATA 28 DE SETEMBRO DE 2006:** Con seis votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Cotobad Tombo, Martíns Vilanova, Toba Girón e Vieitez Alonso, e dezaoito votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, acórdase:

Rexeitar a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, por escrito de data 28 de setembro de 2006, transcrita nos antecedentes deste acordo.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, sete votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Garrido González, Graña Barcia, Ruiz Cenicerros e Sío Lourido, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Cotobade Tombo, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Soto Ferreiro Toba Girón e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Prestar a conformidade cos informes transcritos nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Notificar este Acordo, cos informes transcritos na súa parte expositiva, á Autoridade Portuaria de Vigo, comunicándolle asimesmo o persoamento do Concello de Vigo como parte interesada no procedemento de

aprobación do Plan de Utilización dos Espazos Portuarios da Zona de Servizo do Porto de Vigo, a fin de que se lle notifiquen tódolos actos e resolucións que se dicten nél, en especial a proposta que a Autoridade Portuaria eleve ao Ministerio de Fomento dando resposta a ditos Informes municipais.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón:

Explico o voto neste caso porque ó longo do debate, como vostedes poideron comprobar, eu non fixen ningunha referencia ós informes dos técnicos desta administración municipal como, por certo, teño por costume.

É unha auténtica barbaridade que o goberno do Concello de Vigo non faga unha proposta política, a que sexa, gañando ou perdendo, explicitando cales son os posicionamentos do grupo que ostenta a maioría e a Alcaldía deste momento. Con este posicionamento non teremos interlocución ante a Autoridade Portuaria.

Explicación de voto do voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila:

O Partido Popular e o goberno entenden que están reflectidas todas as proposicións políticas do goberno, que se recollen perfectamente nos antecedentes e nas conclusións da comisión de setembro de 2005 e ó mesmo tempo este informe o que fai é unha serie de advertencias legais que nós asumimos como non pode ser doutro xeito. Di o que lle falla a ese plan de usos, onde non se aplica a legalidade e polo tanto nós defendemos dun xeito claro as conclusións desa comisión de setembro de 2005 que están recollidas neste informe.

Eu coido que está perfectamente claro que aquí hai un posicionamento político que está recollido e un técnico que advirte das ilegalidades ou anomalías que ten este plan de usos.

Explicación de voto do voceiro do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro:

Abstémonos porque se ben este documento, ademais do que di o Sr. Figueroa, recolle as propostas da comisión técnica feitas no seu día, polas ambigüidades sobre as ampliacións porque non é que digan nin si ni non, di que o hai que estudar e nós non temos claro como van acabar os estudos, por iso nos abstivemos.

3.- (171).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA "GUÍA DE ACTUACIÓN PARA RECOLLIDA, TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO DAS QUEIXAS E SUXESTIÓNS". EXPT. 1062/321.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de agosto de 2006, o xefe de Participación e Atención Cidadá, coa conformidade da delegada do Goberno nesa área, emite o seguinte informe-proposta:

"O artigo 132 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, incorporado pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización da Administración do Goberno Local, contempla a obriga de crear unha Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións para a defensa dos veciños e veciñas e dispón que o seu funcionamento regularase en normas de carácter orgánico.

O Concello en cumprimento desta norma aprobou no Pleno de data 25 de outubro de 2004 o Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán.

Con posterioridade, o Pleno do 21 de febreiro de 2005, acordou designar os seus membros.

Conforme establece no seu artigo 7.4 "A coordinación levarase a cabo a través do coñecemento expreso do escrito presentado mediante copia que do mesmo lle sexa remitida polo Rexistro Xeral", é preciso adecuar a situación actual xa que na actualidade a maioría das queixas e suxestións recíbense no servizo de Atención Cidadá por medios distintos ós establecidos no regulamento como son:

- a) Cumprimentando o formulario da paxina web municipal.
- b) Por correo electrónico ou telefax.
- c) No teléfono de información 010.
- d) Das caixas de correos das oficinas de atención municipal dos centros cívicos e da lonxa.
- e) Verbalmente na oficina de Atención Cidadá do Concello.

Coa finalidade de levar a efecto e conseguir os obxectivos da comisión considérase de interese a elaboración dunha guía de actuacións na que se determinen os criterios nos que a administración municipal e os seus organismos públicos, empresas e demais entidades dela dependentes ou nas que teña participación deben actuar."

Polo anteriormente exposto o xefe de Participación e Atención Cidadá emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 18 de setembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: En primeiro lugar felicitar o traballo dos técnicos que realizaron esta guía de procedemento, dende o noso grupo

-----  
S.Ordinaria 29.09.06

estimamos que foi un bo traballo. Lamentablemente non podemos dicir o mesmo do traballo que realizou o Goberno.

En primeiro lugar debemos lembrar que o regulamento da Comisión de Suxestións en reclamacións aprobouse por este Pleno o 25 de outubro de 2004 e a primeira reunión de traballo realizouse o 20 de xullo de 2006, é dicir, dous anos máis aló da aprobación do Regulamento e pódolles asegurar que non por falla de queixas e reclamacións cidadás porque os promedios son de 500 queixas/reclamacións ó mes e por tanto aproximadamente unhas 6.000 ó ano.

A Alcaldesa amosou a súa preocupación perante os datos que presentou o Valedor do Cidadán no seu último informe anual, preocupación ó noso entender ficticia porque descoñeza ou ignore o volume significativo de queixas cidadás e á súa vez non pon en marcha os mecanismos plenarios creados para a súa resolución, ata o extremo de ter olvidado que conforme a ese Regulamento aprobado en outubro de 2004 debería ter sido a Comisión de Suxestións quen presentara o informe do Valedor perante este Pleno.

Sra. Alcaldesa non son cribles as demostracións de preocupación cando o único que agachan é ineficacia e incapacidade para solucionar os problemas. Por tanto atopámonos ante unha máis das probas de paralización municipal por inactividade do Goberno, igual que ocorre coa oferta pública de emprego e lamento a ausencia do Sr. Guerra neste Pleno para llo lembrar.

Non só se aproban regulamentos e comisións que logo non se convocan, senón que tampouco se elaboran coma é preceptivo os diferentes regulamentos municipais. Este debe ser o único goberno do mundo, xunto con algúns que ninguén nomea coma exemplo de democracia, que quere gobernar sen normas. Só cabe deducir que será porque canto menos control, canta máis escuridade moito mellor.

Débolle lembrar e xa non sei cantas veces o fixen, que a Lei de modernización entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2004, estableceu un período de seis meses para a elaboración dos regulamentos municipais e novamente lémbrolle cal é a situación na que nos atopamos: Creouse unha comisión que non se reúne dende hai meses, demostración por tanto do interese deste Goberno pola eficacia e polo consenso.

Por sinalar os máis importantes, os regulamentos de Pleno, de Distritos, o da Xerencia de Urbanismo deben estar nun caixón porque este Pleno aínda non os mirou e non será porque o Grupo Socialista non o solicitara nunha demostración, non só de preocupación por este asunto, senón tamén de colaboración. Lémbrolle a moción de outubro de 2005 esixindo a presentación do Regulamento de Distritos, aprobada por unanimidade; moción de setembro



de 2005, onde se solicitaba a presentación de todos os regulamentos perante o Pleno, tamén aprobada por unanimidade; moción de xuño de 2006 relativa á comisión de Suxestións, tamén aprobada por unanimidade; preguntas neste Pleno en xaneiro de 2004 e xaneiro de 2006 e sen embargo continuamos na mesma situación.

Se alguén sabe moito de paralizacións é este Goberno municipal. É case que unha broma de mal gusto presentar unha guía de procedementos á aprobación cando cada mes preséntanse cincocentas queixas cidadás ás que non se da resposta.

A guía é boa pero nas súas mans, Sra. Alcaldesa, tememos que xamáis será utilizada. Esperamos máis política de feitos e menos de papel.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Tamén quero felicitar ós técnicos municipais que elaboraron este documento que ten por obxectivo esa función de transparencia da actividade municipal, desenvolvemento do Regulamento orgánico da Comisión especial de Suxestións e reclamacións e demostra a vontade do Goberno Municipal de maior participación da cidadanía na xestión dos asuntos públicos, así coma tamén a posibilidade de coñecer a través deste procedemento que esperemos que agora se aprobe no Pleno, de determinar cal vai ser a reacción das distintas concellerías e organismos do Concello de Vigo co obxectivo de dar resposta ás reclamacións e suxestións que presenten os cidadáns.

Por iso, mesmo se propón o incremento da dotación da Concellería de Participación Cidadá para cumprir o obxectivo que ten o Goberno Municipal de continuar con esa política de fomento da participación cidadá na nosa cidade.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Figueroa Vila, Guerra Fernández e Toba Girón e as Sras. Garrido González, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima e Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezasete membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a "Guía de actuación para a recollida, tramitación e seguimento das queixas e suxestións no Concello de Vigo" co texto que se transcribe ó final deste acordo..

Segundo.- Facultar á Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán a realizar as modificacións que poidan xurdir nesta guía de actuación, cara a mellora da xestión das queixas e suxestións.

## **GUÍA DE ACTUACIÓN PARA A RECOLLIDA, TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO DAS QUEIXAS E SUXESTIÓNS NO CONCELLO DE VIGO.**

### 1.- Principios básicos.

a) É competencia desta comisión a defensa dos intereses de veciños e veciñas nas relacións con autonomía orgánica e funcional e independencia de criterio respecto dos demais órganos de Goberno municipal, supervisando e inspeccionando o funcionamento da Administración municipal, así como propoñer accións de mellora no funcionamento dos servizos e da actividade municipal.

b) Para facilitar esta competencia todos os órganos de Goberno e do Concello están obrigados a colaborar con esta Comisión. En consecuencia, establécense unhas normas de colaboración de obrigado cumprimento.

c) O dereito a presentar queixas e suxestións corresponde a todos os cidadáns, podendo ser exercitado por toda persoa física ou xurídica sen limitación ningunha.

d) As queixas e suxestións deberán conter como mínimo o nome e apelidos, o enderezo, o Documento Nacional de Identidade ou o seu equivalente e a exposición do seu obxecto.

e) Non se admitiran as queixas que estean pendentes de resolución xudicial, as anónimas e aquelas nas que se advirta abuso de dereito, carencia de fundamento, inexistenza de pretensión, así como aquelas cuxa tramitación irroque prexuízo ó lexítimo dereito de terceira persoa.

### 2.- Xestión das queixas e suxestións.

a) O modelo de folla de queixa ou suxestión é a que se une como anexo I a esta guía. Será facilitado na oficina de Información presencial da lonxa do concello, na páxina web municipal, nos centros de atención municipal e en todos os rexistros internos habilitados, sen prexuízo de admitir as presentadas sen acollerse a este modelo, de conformidade co establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As queixas e suxestións serán rexistradas na aplicación de seguimento de expedientes municipal.

b) Impulsarase a colocación de caixas de correos para a recollida das queixas e suxestións en todas as unidades municipais e organismos autónomos que carezan del e teñan o seu enderezo fora da Casa do Concello. Remitindo as presentadas por valixa á Unidade de suxerencias e reclamacións (USR) para a súa tramitación ordinaria.

### 3.- Forma de presentación.

a) As queixas e suxestións poderán presentarse:

- i) Por escrito no Rexistro Xeral ou nos rexistros internos habilitados, do mesmo xeito cursaranse aquelas que, sen utilizar os modelos oficiais, sexan presentadas nas oficinas e rexistros aos que se fai referencia no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e serán remitidas a USR para a súa tramitación.
- ii) Cumprimentando o formulario da paxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Neste caso, as queixas e suxestións sempre a USR, no que figurarán os datos identificativos establecidos no 1.d), indicando que a recepción foi a través de internet.
- iii) Por correo electrónico. Neste caso, as queixas e suxestións remitiranse sempre a USR, no que figurarán os datos identificativos establecidos no 1.d. As queixas e suxestións recibidas por este medio serán reproducidas no formulario establecido e anexarase a documentación recibida e indicando que a recepción foi a través de correo electrónico.
- iv) Por telefax. Neste caso, as queixas e suxestións remitiranse sempre á USR, no que figurarán os datos identificativos establecidos no 1.d) e asinada ao final da correspondente folla. As queixas e suxestións recibidas por este medio serán reproducidas no formulario establecido e anexarase a documentación recibida e indicando que a recepción foi a través de telefax.
- v) No teléfono de información 010. As queixas e suxestións recibidas por este medio serán reproducidas no formulario establecido indicando que a recepción foi a través de teléfono.
- vi) Nas caixas de correos existentes nas oficinas de atención municipal dos centros cívicos, na lonxa e nas que se habiliten en calquera outra unidade administrativa ou organismo autónomo. Neste caso, as queixas e suxestións remitiranse sempre a USR, no que figurarán os datos identificativos establecidos no 1.d. As queixas e suxestións recibidas por este medio serán reproducidas no formulario establecido e anexarase a documentación recibida e indicando que a recepción foi a través de caixa de correo.
- vii) Verbalmente na oficina de Atención Cidadá do Concello ou nas oficinas dos centros de Atención Cidadá. Neste caso, as queixas e suxestións recibidas por este medio serán reproducidas no formulario establecido, indicando que a recepción foi persoal.

#### 4.- Tramitacións das queixas e suxestións.

- a) As queixas e suxestións dos apartados 3.a.ii) e 3.a.iii) adecuaranse ao previsto na normativa reguladora da sinatura electrónica, así como aos requirimentos técnicos necesarios que se determinen aos efectos de que quede acreditada a autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- b) Todas as queixas e suxestións que se formulen en soporte papel deberán ser rexistradas no Rexistro interno que a tal efecto se creará e terá o

carácter de auxiliar do Rexistro Xeral conforme o establecido no art. 38 da Lei 30/92 do 26 de novembro do Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

c) As recibidas verbalmente no servizo de Atención Cidadá, no teléfono de Información 010 e a través do telefax, reproduciranse en modelo normalizado e seguirán o mesmo trámite de rexistro ordinario dos documentos en soporte papel.

d) As queixas e suxestións presentadas en reiteración doutras anteriores, serán igualmente obxecto de recepción e rexistro, sen prexuízo da acumulación de expedientes na forma regulada na Lei 30/92 do 26 de novembro do Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.

e) No prazo de 10 días naturais, contados dende a data de entrada no rexistro, a Unidade de suxerencias e reclamacións, examinará a suxestión ou queixa e poderá requirir ao interesado ou interesada para que no prazo de dez (10) días proceda á subsanación dos defectos ou omisións de que poida adoeecer, ou admitírala a trámite comunicando o interesado ou interesada a admisión da mesma (anexo II) polo mesmo medio no que foi recibida, agás que se solicitara expresamente que se informara doutra forma. De non proceder a súa admisión comunicarao igualmente.

f) A Unidade de suxestións e reclamacións, remitirá a queixa ou suxestión ao servizo municipal correspondente, responsabilizándose o mesmo do seu estudo, quedando obrigado a dar conta da solución adoptada á USR no prazo máximo de quince (15) días.

g) A Unidade de suxestións e reclamacións comunicará ao interesado ou interesada a solución adoptada (anexo III) polo mesmo medio no que foi recibida agás que se solicitara outro expresamente.

h) Aquelas queixas ou suxestións que polo seu contido estean relacionadas con outras tramitadas e resoltas con anterioridade, serán obxecto dun tratamento específico de tal xeito que serán respondidas directamente pola USR achegando copia da solución adoptada.

#### 5.- Seguimento.

a) Mensualmente a USR remitirá por correo electrónico ao secretario da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, con copia a cada un dos membros da comisión, un informe das queixas e suxestións no que constará:

i) As recibidas no mes inmediato anterior á emisión do informe, con indicación da data de entrada, do servizo receptor, do medio de recepción da queixa e do obxecto da mesma.

ii) As remitidas polos servizos responsables con indicación da data de recepción, da data de comunicación ao interesado ou interesada e un resumo da solución proposta.

b) Anualmente a USR remitirá no mes xaneiro informe estatístico do número de queixas e suxestións recibidas no ano anterior. Os datos segmentaranse procurando que aporten a maior información útil posible e cando menos serán os seguintes:

i) Obxectos das queixas e suxestións, e do modo de presentación.

- ii) Servizos ou organismos afectados
- iii) Estatísticas de queixas e suxestións recibidas e finalizadas.
- iv) Cumprimento dos prazos de contestación.

c) Farase un tratamento estatístico específico para as queixas e suxestións presentadas por medios telemáticos que non cumpran cos requisitos de autenticación e polo tanto non podan ser consideradas como tales por defecto de forma, xa que poden dar unha información valiosa ós servizos cara a elaborar plans de actuación e mellora.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

En tanto non se cree a a Unidade de suxestións e reclamacións, o servizo de Atención Cidadá dependente de Participación Cidadá, asumirá as competencias establecidas ao efecto no Regulamento.

- Anexo I: Modelo de folla de presentación da queixa ou suxestión  
Anexo II: Modelo de comunicación de admisión a trámite da queixa ou suxestión.  
Anexo III: Modelo de comunicación da resolución adoptada.

#### 4.- (172).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN VIAL DA PARROQUIA DE ALCABRE COMA "RÚA DOS CASDEGOS". EXPTE. 600/234.

ANTECEDENTES.- A Asociación veciñal "A Nosa Terra" de Alcabre, por escrito de data 7 de xullo de 2006, solicita se lle dea nome a o vial da súa parroquia que comeza na rúa de Xabier Sensat e remata no Camiño do Castañal.

En informe de data 30 de agosto o Servizo de Normalización Lingüística do Concello sinala que nos planos da recolleita de microtoponimia desa zona figura o lugar chamado "Os Casdegos".

Visto o anterior, a xefa de Estatística, coa conformidade da delegada do Goberno, Sra. Iglesias, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de setembro, dictamina favorablamente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill, Guerra Fernández e Toba Girón e as Sras. Garrido González, Méndez Piñeiro e Polo Lima).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, do vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ó vial comprendido entre a rúa de Xabier Sensat e o Camiño do Castañal, ambos na parroquia de Alcabre, como "Rúa dos Casdegos".

5.- (173).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN VIAL DA PARROQUIA DE NAVIA COMA "RÚA DOS CASALIÑOS". (EXPTE. 601/234).

ANTECEDENTES.- A xefa de Estatística, coa conformidade da delegada do Goberno, Sra. Iglesias, con data 30 de agosto de 2006, emite o seguinte informe-proposta:

"Dende o departamento de Estatística hai tempo que se detectaron problemas de identificación dos inmobles no vial chamado Camiño da Barroca, na parroquia de Navia, segundo plano que se incorpora ó expediente, porque entra e sae ata a avenida de Europa, facendo unha serpe bastante complicada.

Tendo en conta o informe do Servizo de Normalización Lingüística que dí que nos planos da recolleita de microtoponimia desta zona figura o lugar chamado "Os Casaliños", que coincide coa proposta da Asociación Veciñal "Emilio Crespo" de Navia, ..."

A seguir a xefa de Estatística formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de setembro, dictamina favorablamente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill, Guerra Fernández e Toba Girón e as Sras. Garrido González, Méndez Piñeiro e Polo Lima).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, do vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ó vial comprendido entre o Camiño da Barroca e a Avenida de Europa, ambos na parroquia de Navia, como "Rúa dos Casaliños".

6.- (174).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN ESPAZO PÚBLICO NA SALGUEIRA CO NOME DE "RICARDO ALDAO ROMÁN". EXPTE. 276/234.

ANTECEDENTES.- A Asociación veciñal "Rosalía de Castro" de A Salgueira, por escrito de data 19 de outubro de 2005, solicita se nomee ó espazo público da súa parroquia, entre a rúa Finca de Dona Concha e a Baixada á Salgueira, co nome de Ricardo Aldao Román.

A xefa de Estatística, coa conformidade da delegada do Goberno, Sra. Iglesias, con data 20 de marzo de 2006 informa o que segue:

"...Aínda que o Pleno do Concello acordou o día 25 de outubro de 2004 que para as denominacións das diferentes realidades xeográficas (entidades, urbanizacións) se preferiría un topónimo antes que fórmulas de nova invención, é verdade que exceptuando as rúas a maioría dos espazos de uso público da nosa cidade non ten nome."

Dado que a proposta está baseada nunha glosa de quen fora presidente da Asociación da Salgueira, a xefa de Estatística emite a proposta que se contén na parte dispotiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de setembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill, Guerra Fernández e Toba Girón e as Sras. Garrido González, Méndez Piñeiro e Polo Lima).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, do vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ó espazo público comprendido entre a rúa Finca de Dona Concha e a Baixada á Salgueira, como "Ricardo Aldao Román".

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres mortas vítimas da violencia doméstica.*

7.- (175).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA ÁS MÁMOAS EXISTENTES NOS CONCELLOS DE REDONDELA, MOS E VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de setembro de 2006, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Diante dunha información que no seu día nos proporcionaron directivos da Asociación de Montes en Mancomún de Candeán, o 9 de Marzo do ano pasado presentamos unha moción diante do Pleno da nosa Corporación, que se aprobou por unanimidade, sobre a necesidade de conservación dos dolmens existentes no monte da Madroa.

En base a aquela moción estanse a realizar unha serie de traballos na Madroa que posibilitaron a limpeza de varias mámoas e o comezo da recuperación dun dos dolmens alí existentes. Na nosa opinión na zona da Madroa estase a facer un coidado traballo profesional. Un traballo magnífico.

Por certo, que tamén compre salientar a excelente e importante colaboración dos directivos da Asociación de Montes de Mancomún de Candeán ó longo de todo o proceso deste asunto.

Ó mesmo tempo, e sempre en relación con este proxecto ben transcendental na nosa opinión, lamentamos ter que poñer en evidencia a moi cativa aportación da Xunta de Galicia e a nula colaboración por parte da Deputación Provincial de Pontevedra.

Aínda queda moito por facer a prol da recuperación de capitais sinais de identidade do noso pobo como das que estamos a falar. E non só na zona da Madroa senón que, segundo os arqueólogos que están a realizar os traballos antes citados, hai unha especie de importante traza de mámoas nos Concellos de Redondela, Vigo e Mos.

Xa que logo, unha decidida e importante participación da Xunta de Galiza coa colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos aludidos, deberían posibilitar a realización dun proxecto conxunto pra descubriremos e pór en valor unha especie de ruta das mámoas, cousa que tería un inestimábel valor arqueolóxico-cultural e tamén no plano turístico.

Por último dicir que, unha das mámoas da Madroa está situada nunha propiedade privada, polo que pra conseguila o noso Concello debería facer unha permuta de terreos, cousa que sería o desexábel, ou realizar a oportuna expropiación se as conversas cara a tal permuta non chegasen a bo fin.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Que o Goberno Municipal realice de inmediato as xestións oportunas pra conseguir mediante permuta, e de non ser posíbel así, mediante expropiación, os terreos da Madroa onde está asentada unha estimábel mámoa.

2.- Propoñerlle á Xunta de Galicia a realización dun proxecto de excavacións arqueolóxicas pra descubrir e poñer en uso cultural e turístico as mámoas existentes nos montes da Madroa, Vixiador e na contorna da Cidade Universitaria viguesa.



3.- Dirixirnos ós Concellos de Redondela e Mos pra que, se o estiman oportuno, se poidan realizar traballos e convenios semellantes cara a establecermos unha ruta conxunta de mámoas dos tres Concellos.

4.- Pedirlle á Deputación Provincial de Pontevedra a súa decidida implicación e colaboración pra realización deste magno proxecto.”

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 18 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

(Están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez, Guerra Fernández e López-Chaves Castro, e as Sras. Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima e Porteiro García).

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Todos somos conscientes, porque estivemos facendo visitas, do éxito dos traballos das excavacións que se están a facer na Madroa pero tamén do descubrimento científico, alomenos para min, ó escoitaren ós arqueólogos que están alí a traballar que hai unha especie de rota de mámoas que ven dende Redondela, pasa pola Madroa, tamén polo Vixiador, chega á zona univertaria na outra parte de Vigo e mesmo ata o Concello de Mos.

Unha rota de mámoas coido que sería dun nivel altísimo no plano cultural e arqueolóxico, no plano de busca e de respecto do noso pasado, dos nosos alicerces coma individuos pero tamén, porque non o dicir, como un obxecto de promoción turística importante. Polo tanto pedimos na moción fundamentalmente que o Concello de Vigo se poña en contacto coa Xunta de Galicia para a realización dun proxecto conxunto dada a dimensión que este proxecto podería ter e tamén comunicarlles ós concellos de Redondela e Mos por se lles interesara engadirse a este proxecto, paréceme que ese proxecto supramunicipal, apoiado pola Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, faría saír á luz un proxecto arqueolóxico e etnolóxico de grande valor como se empezou a amosar xa no traballo feito na Madroa.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa ás mámoas existentes nos Concellos de Redondela, Mos e Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (176).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A INCORPORACIÓN DO PATRIMONIO DE EMAVISA Ó REXISTRO MUNICIPAL DE BENS PATRIMONIAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de setembro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“Logo da disolución e posterior sentenza favorable ó Concello de Vigo sobre os bens do patrimonio municipal da empresa Emavisa, aínda non se incorporaron os citados bens ó inventario municipal.

Consonte co antedito propoñemos:

Que todos os bens antes aludidos sexan incorporados ó rexistro do Patrimonio Municipal.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VÁZQUEZ: Logo da disolución e a posterior sentenza favorable ó Concello de Vigo sobre os bens patrimoniais municipais da empresa EMAVISA aínda non se achegaron os devanditos bens ó inventario municipal.

Trátase sobre todo dos depósitos do Casal na rúa Cantabria que había aquel parque de EMAVISA e onde hoxe hai unhas instalacións deportivas duns 5.900 m<sup>2</sup>. Os veciños acadaron que alí se fixeran uns parques e unhas pistas para o uso. Estanas usando a cotío pero o problema que teñen co tema de subvencións para facer melloras é que precisan que iso sexa municipal.

Propoñemos aquí que todos os bens anteditos sexan incorporados no Rexistro do Patrimonio Municipal.

(Están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez, Guerra Fernández e López-Chaves Castro, e as Sras. Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, instando a incorporación do patrimonio de Emavisa ó Rexistro Municipal de bens patrimoniais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (177).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Ó PROCESO DE ADXUDICACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de setembro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

"No mes de agosto deste ano desatouse por parte do goberno municipal a febre das convocatorias dunha chea de concursos para a xestión de múltiples servizos públicos cunha serie de irregularidades que ate o de agora non fora coñecida por estes lares.

O Grupo Municipal Socialista quere exemplificalo cos tres casos máis relacionados coa mobilidade e o tráfico:

- Servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos, coñecido popularmente como servizo de GRÚA ou guindastre.
- Servizo de xestión de estacionamento regulado (XER), antes denominado ORA.
- Servizo de aparcadoiros soterrados de uso mixto.

As irregularidades cometidas durante esta "febre concesionaria de verán", poden ter graves consecuencias para a posta en marcha e bo funcionamento destes servizos se non se pon un pouco de rigor e responsabilidade política nos procesos en marcha.

Comezando polo servizo de guindastre (que ten rematada a concesión dende agosto de 2004), despois de que fora convocado con moito retraso e sen que os grupos políticos da oposición foran consultados sobre o prego de condicións, con data 10 de agosto de 2005 recíbese na Mesa de Contratación o informe do Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade sobre as ofertas achegadas polas empresas. Neste informe rexéitase por múltiples razóns a oferta de SETEX-SUFI por non se axustar ao prego de condicións, e infórmase e valórase positivamente (despois dun informe previo favorable da Xerencia de Urbanismo sobre os terreos ofertados) concluindo coa proposta da adxudicación do servizo á empresa Estacionamentos e Servizos, S.A.

A pesar da proposta do Xefe da Área e despois de solicitar novos informes, acábase declarando deserto o concurso. A partir daí, ábrese un procedemento negociado coas mesmas empresas, procedemento que ao fracasar por se reiterar segundo os informes os incumprimentos do prego, motiva un novo informe xurídico para "proceder neste insólito caso" (termos textuais do informe). Se a máis elemental prudencia aconsella neste "insólito caso"

dirixir consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, acórdase a peor das solucións: dirixirse de novo ás empresas para que "corrixan" as súas ofertas, ben ofertando novos terreos para o depósito definitivo e, no caso de SETEX APARKI S.A., para o depósito provisional.

Estacionamentos e Servizos S.A. presenta os novos terreos sen o facer en sobre pechado e a Mesa de Contratación rexeita a oferta sen entrar valorala, mentres SETEX APARKI S.A non presenta terreos para o depósito provisional, senón que propón compartir para ese uso o terreo ofertado para o depósito definitivo mentres se realizan as obras da nave proxectada que acollerá nos seus sotos o depósito definitivo de vehículos e se faga un vial previsto atravesando a mesma parcela. Quen coñeza os terreos do actual depósito ao aire libre, que son os propostos por SETEX APARKI S.A, darase perfecta conta da falla total de garantías que supón a oferta para os intereses municipais, a maiores de non cumprir o solicitado pola Mesa de Contratación. É igual, para o goberno municipal o traxe a medida para o que estivo traballando puntada tras puntada durante máis dun ano (abríronse as primeiras plicas o 20 de maio de 2005) está a punto de rematar se este Pleno non lle pon remedio.

Continuando co servizo de ORA (que ten finalizado o seu contrato dende dedembro de 2004) despois de múltiples reunións da comisión de seguimento deste prego de condicións, chegárase a un acordo maioritario arredor dun aceptable prego que propoñía 5.321 prazas entre zoa azul (2 horas máximo) e zoa verde (3 horas máximo) e residentes, no que estaba pendente consensuar o tema das tarifas.

Ante a filtración á prensa dos informes técnicos presentados polo goberno municipal que incluían unha suba de tarifas, é a Alcaldesa quen, desautorizando aos seus concelleiros na comisión, sen ningunha explicación e rompendo unilateralmente os acordos acadados, presenta a posible supresión do servizo. Quizás a data sirva para buscar unha explicación: era maio de 2005, en precampaña electoral.

A continuación viviuse o esperpéntico ORA si, ORA non, por parte dos voceiros do goberno... para acabar cun prego de condicións no que o propio obxecto do concurso é incerto: fálase das actuais 2.850 prazas azuis exclusivamente... ampliables en número e coa creación de prazas verdes por futuros gobernos... que resultarían gravemente hipotecados por unha adxudicación que, ao dicir do voceiro do goberno, faise non pola necesidade do servizo senón por manter os 44 postos de traballo dos actuais vixiantes. Obxectivo por outra banda moi dubidoso se se ten en conta que o número de prazas previsto (2.850) é pouco máis da metade das prazas que estiveron atendendo os mesmos traballadores antes de que se foran retirando prazas de estacionamento vixiadas, e máis se se ten en conta que segundo o novo prego de condicións cada controlador vixiará 150 prazas en zoa azul, ¿e 200 en zoa verde?, mentres no contrato actual vixiaban xusto a metade. Vixiando o dobre número de prazas por controlador e coa metade de prazas totais, cantos vixiantes sobrarían no futuro?, onde está a viabilidade económica do servizo entre outras barbaridades dun prego que empeora rotundamente o prego de condicións de abril de 2005 sobre o que había un acordo maioritario roto pola Alcaldesa unilateralmente?.

E xa na concesión do servizo de aparcadoiros soterrados de uso mixto, ¿pode acaso o goberno municipal negar a contribución do Grupo Municipal Socialista á mellora substancial do prego de condicións, sobre todo nos

aspectos que puideran contribuír ao necesario control municipal para a mellora do tráfico e, máis en xeral, da mobilidade futura na cidade?. Porque... ¿cando se rompe o consenso nos traballos da Comisión dos aparcadoiros? ¿acaso non é cando o goberno presenta a información pública unha análise económico-financeira que pon en dúbida a viabilidade económica dun dos lotes de tres aparcadoiros? ¿non foi cando, estudando as alegacións presentadas vemos a importancia dalgún dos argumentos que podían poñer en perigo a propia seguridade xurídica do expediente e a consecuente hipoteca futura de todo o proceso? ¿ou cando de resultados dunha "nova análise" económico-financeira se toman unilateralmente, entre outras, as decisións de aumentar o prezo das prazas de cesión de uso ata un 75% en algúns casos, ou a redución de prazas de aparcamento en superficie o máis ampla posible, ou a suba considerable do prezo da zoa ORA (nova contradición pois o prego non o fai), etc, etc,?.

Pero todo isto para o goberno municipal é secundario. As hipotecas para os próximos gobernos e, o que é máis grave, para a cidadanía están moi lonxe da súa preocupación, o que lle importa é adxudicar xa e coa menor transparencia posible a importante inversión de 70 millóns de euros e que os que veñan despois toreen os múltiples problemas que xa están á vista.

É por todo isto polo que o Grupo Municipal Socialista, cumprindo co seu deber de controlar a actividade do goberno, máximo cando entende obvio que está a forzar irresponsablemente adxudicacións prexudiciais para a cidade, propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Proceder á urxente consulta á "Xunta Consultiva de Contratación Administrativa" dos expedientes referentes aos concursos: Servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos, Servizo de xestión de estacionamento regulado e Servizo de aparcadoiro soterrado de uso mixto, sen continuar mentres tanto en procesos de adxudicación dos que se poidan derivar graves consecuencias para o futuro da cidade."

A comisión informativa de Xestión municipal, en sesión do 18 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que logo do punto que nos levou a tanto debate sobre o Plan de utilización non estou moi convencido de que teña excesivo interese, en principio mediático, a moción que presento que é de temas exclusivamente municipais onde se valora ou se debe valorar a xestión dun goberno municipal sobre servizos públicos fundamentais para o bo funcionamento da cidade, aínda que eu penso que serían estes temas e moitos outros os que nos levarán máis tempo. Por iso aínda que a miña idea era resumilo o máis brevemente posible, pola trascendencia das decisións que se poden tomar no futuro ó redor dunha serie de servizos públicos, eu puxen nesta moción tres relacionados coa mobilidade e o tráfico que é un dos puntos considerados como vitais nunha xestión municipal pola maioría

dos cidadáns, para salientar os graves perigos que na opinión do grupo municipal socialista se poden derivar para o futuro da cidade.

Xa é curioso que sexa precisamente o mes de agosto no que se pulen con toda rapidez todos estes procesos de adxudicación de servizos públicos logo de que estiveran a maioría deles parados durante bastante tempo como se salientará ó miralos un por un.

O primeiro ó que quero facer referencia é o que popularmente se coñece como servizo de "grúa" que ten rematada a súa concesión dende agosto de 2004. Convocouse con moito retraso sen que neste caso os grupos da oposición fosen consultados sobre o prego de condicións e analízanse as primeiras propostas na Mesa de Contratación cun informe do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade ante as tres ofertas presentadas, faise unha valoración do xefe do servizo que ten que levar este tema e que é ademais o autor fundamental do prego de condicións. Un informe no que se fai unha valoración tremendamente negativa dunha das ofertas, por moitos aspectos unha se rexeitou inmediatamente e por iso non farei referencia a ela, unha oferta da unión de empresas naquel intre STECK&SUFI que entroutras cousas incumpría xa nesa unión de empresas que SUFI non tiña a solvencia técnica necesaria como esixía o prego de condicións, pero iso se arranxara porque era interesante facelo pero en principio o informe foi tremendamente negativo respecto a esta proposta e sen embargo valórase positivamente e propónse de feito nese informe a adxudicación do servizo á empresa "Estacionamentos e Servizos".

A verdade é que non se entende moi ben, debe ser unha desas situacións nas que os malabarismos dos gobernos á hora de pedir informes a técnicos municipais, convén ou non; coido que o Sr. Figueroa nos deu unha lección no punto do Plan de usos de cómo o tema dos informes técnicos é moi dúctil, serve para que o Goberno faga marabillas nestes temas. O certo é que non se considerou esa proposta do xefe de área e acórdase pedir novos informes, informes que chegan á conclusión de que ningunha empresa cumpre estrictamente, porque está aí o PXOM, coas condicións requiridas respecto ós terreos.

A partir daí ábrese un procedemento negociado coas mesmas empresas que volve fallar por incumprimentos tamén manifestos, segundo os informes, dos pregos de condicións.

Ó fallaren ese procedemento negociado (estabamos en agosto de 2004 cando se empezou máis ou menos o tema) hai un novo informe xurídico que el mesmo explica para proceder neste "insólito" caso e presenta unha serie de

alternativas onde dende logo o máis elemental debido ó "insólito" precisamente do caso que fora dirixir consultas á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, acórdase a peor das soluzóns que é pedirllas ás mesmas empresas que corrixan as súas ofertas, presentando novos terreos dúas delas e un depósito provisional a empresa STECK estando xa retirada a outra empresa, SUFI, que no seu momento participara na primeira licitación. No caso de STECK se piden terreos para o depósito provisorio porque o que presentara no seu momento eran eses terreos de RENFE que obviamente non cumprían as condicións para ese fin de depósito de vehículos.

A verdade é que esa corrección das ofertas do procedemento negociado atopouse cunha circunstancia que é que se quedou bastante limitada porque unha das empresas presenta en sobre aberto a súa proposta o que incumpre obviamente porque tiña que ser en sobre pechado, do que se interpreta que queda fóra radicalmente e a outra empresa non presenta realmente terreos para o depósito provisional que era o que se pedía pola Mesa de Contratación, senón que o que propón é compartir o uso do terreo que ía ser definitivo, é dicir, debeuse estar perdendo moito tempo porque estaba a variña máxica co terreo definitivo para poder utilizar para todas as cousas porque a realidade é que nese depósito definitivo, que se terá que construír porque ocuparía os sotos dunha nave proxectada nesa parcela, segundo esa proposta vai ter que compartir, primeiro o depósito provisorio, a construción desa nave industrial en cuxos sotos estarían os depósitos definitivos, á marxe da barbaridade que na miña opinión presenta que se faga un depósito de vehículos retirados polo guindastre, nos sotos dun edificio, pero a realidade é que non só vai compartir iso senón que ademais vai compartir a construción dun vial.

Quen coñeza eses terreos, que son os do actual depósito ó ar libre e case todos tivemos que pasar por retirar un vehículo do guindastre, verá que iso é absolutamente unha ilusión, prever que se poda compartir, que se faga unha nave industrial, que se manteña o depósito provisorio, que se faga un vial, etc., na mesma parcela. É absolutamente de tolos pero semella factible, polos informes que andan por aí. Coido que facendo unha lectura do prego de condicións e dos propios plans urbanísticos, tanto do actual como do futuro, absolutamente amosa unha desigualdade de trato total.

Eu vexo aí unha falla total de transparencia, unha discriminación, non vou defender que se teñan en conta as ofertas que viñan en sobre aberto porque estrictamente están en sobre aberto, non o entendo moi ben porque de prexudicar a alguén prexudica á propia empresa que presenta as ofertas pero

o Concello, xa que está nun procedemento negociado, que fixo tal cantidade de marabillas neste insólito caso, a verdade é que coido que está indo contra dos seus propios intereses, limita a concorrência e, non defendo que se faga esa anomalía de considerar as propostas en sobre aberto, pero o do procedemento negociado, facilitar a concorrência, non o entendo por ningures.

Pola contra si entendo que se están dando unha serie de privilexios inconcebibles a unha oferta na que estou convencido que teríamos enormísimos problemas, e concelleiro de Mobilidade aí non poderá estar por menos que de acordo comigo, que cómo vai ser factible que se comparta ese terreo para as obras, que se utilice como depósito, se faga un vial, etc. O que moito me temo é que se as cousas van por aí, é que en calquera momento nos atoparíamos con que se oferta un terreo distinto logo da adxudicación, etc. En realidade, e podería estenderme moito máis nas anomalías de todo este proceso do tema do guindastre, semella que o que veño falando eu de traxes a medida, neste caso puntada tras puntada, se está conquerindo que este concurso se resolva nunha determinada dirección se este Pleno non lle pon remedio.

No tema da xestión do estacionamento regulado, coñecido popularmente como ORA, aí si que houbo múltiples reunións nunha comisión de seguimento. É un servizo importantísimo, na nosa opinión, que tamén finalizou o seu contrato dende decembro de 2004 e chegárase a un determinado acordo maioritario porque hai unha determinada forza política que ten unha posición contraria respecto a este servizo, pero si que había un acordo maioritario coido que do resto das forzas políticas no que se propoñía ó redor dun aceptable prego de condicións con 5.321 prazas que eran as que existiron nos seus mellores momentos en zona azul, que supón a restricción do aparcadoiro durante dous horas, en zona verde durante tres horas e residentes, no que estaba pendente de consensuar o tema das tarifas e case que era o único que fallaba.

Xurdíu que houbo filtracións á prensa deses informes técnicos co que nos atopamos todos os que estabamos traballando, incluíndo os concelleiros do Goberno representantes nesta comisión, que foi a Alcaldesa sen previo aviso, mesmo fixeramos unha análise na comisión de que a Alcaldesa tiña que pedir desculpas ó respecto, quen desautorizou totalmente a eses concelleiros, insultou á comisión e rachou totalmente eses acordos. A data quizas explica o por qué: estabamos en precampaña electoral, era maio de 2005, se tiña coñecido que as tarifas ían subir un pouco e iso non conviña.



Logo disto durante meses viviuse un esperpento de agora si, agora non, quitáronse da manga marabillas técnicas que ían permitir que non houbera nin recibo, ían haber wiffi, pdi, para que se asegurara o que realmente se ten que asegurar que é que as prazas se utilicen durante o tempo máximo permitido que é o que xustifica esta restricción suave do aparcadoiro que entre outras cousas facilita enormemente a actividade comercial nestes centros que cada vez terán máis problemas para a súa actividade e dende logo para as pequenas xestións administrativas, etc. Ó final acostumarémonos todos a ir ós grandes supermercados que teñen os aparcadoiros gratis e dos demais esquecermos.

A conclusión final é que se presenta un prego de condicións no que na miña opinión o propio obxecto do concurso é absolutamente incerto porque se fala de 2.850 prazas exclusivamente azuis pero no prego de condicións fálase tamén de máis prazas azuis que se poñan no futuro, das prazas verdes, etc., que en todo caso poderían ser ampliadas polos próximos gobernos, que sexan eles os que unha vez adxudicas pelexen, obviamente en inferioridade de condicións, respecto á empresa adxudicataria, pero non se ten o custo de dicir que é un servizo absolutamente imprescindible, que ten que atender ós outros centros da cidade, Travesas e Calvario, nalgún caso solicitado polos propios centros, tanto asociacións de veciños coma comerciantes, etc., co que ó final e cando as cousas estaban absolutamente nunha posición incomprendible por parte do Goberno, acabamos xustificando o mantemento da ORA, que é un servizo que está en todas as cidades e moitas vilas e pobos de España, coa excepción de Pontevedra e Ferrol en Galicia, polo tema dos 44 postos de traballo.

A verdade é que me parece moi boa esa vontade de manter os postos de traballo pero á vista do prego de condicións, mesmo me permito dubidar que sexa posible, posto que esas 2.850 prazas que temos na actualidade e que son as que se propoñen no prego, son pouco máis da metade que estiveron atendendo estes mesmos 44 traballadores o que se agrava máis porque agora van ter a obriga de vixilar non 75 prazas, senón que 150 en zona azul ou 200 na zona verde que non existe porque logo non aparece no prego de condicións.

É obvio que vixilando o dobre de prazas coa metade do número de prazas, coido que a viabilidade económica de tal servizo é absolutamente incerta, hipotecando o futuro deste servizo e a futura xestión dos Gobernos municipais.

O máis grave é que coas presas mesmo no prego de condicións non se indica cales son esas prazas, remítese a un anexo I onde deberían ir as rúas que terían ese servizo e non hai tal anexo nos pregos de condicións. Hai outras barbaridades: póñense doce cámaras para vixiar as prazas que ninguén explicou para qué serven, foi consecuencia daquela tolería técnica de que non ían ser necesarios os tiques, etc., o do novo "visión car" que é moi discutible porque a min me gustaría que empezaran por homologar o actual, pero o certo é que neste prego de condicións había un acordo maioritario das forzas nese servizo público que foi rachado unilateralmente pola Alcaldesa no seu momento co que determinadas manifestacións que se fan en ocasións respecto a forzas que están dispostas a rachar consensos, etc., neste caso concreto se amosa que é unha auténtica falsedade.

É o Partido Popular, a Alcaldesa, quen rachou a posibilidade de consenso neste servizo para a cidadanía.

O terceiro tema é o servizo de aparcadoiros soterrados de uso mixto. Aquí tamén quixera empezar por deixar perfectamente claro que o grupo municipal Socialista entende que é un servizo absolutamente imprescindible e así o fixo dende o primeiro momento, participando na mesa na que se debatiron todos estes temas coas súas aportacións que supoño que non negarán os responsables de Goberno ou dos outros grupos municipais porque os aparcadoiros que se propoñían en moitos aspectos eran do século pasado, aspectos como poder asegurar que o Concello poida intervir seriamente cara xestionar a mobilidade e o tráfico no seu momento no futuro.

A realidade é que se rachou o consenso; lémbrome como o voceiro do Goberno estoupou cando se rachou o consenso nesta comisión pero se rachou cando o propio Goberno presenta no período de exposición pública un estudo de viabilidade económica que non era tal, senón que só un estudo económico, no que o propio Goberno nesa análise está a recoñecer que non hai viabilidade económica deses aparcadoiros, alomenos nun dos tres lotes.

Ráchase cando logo do período de exposición pública se analizan as alegacións presentadas, hainas de moito peso que poden poñer en perigo a propia seguridade xurídica do expediente e iso recomendaría como mínimo a máis elemental prudencia de facer a consulta á Xunta Consultiva de Cotratación administrativa.

Ráchase cando ó modificar esa análise económica financeira que era enviable segundo o resultado da exposición pública, se toman decisións unilaterais como aumentar o prezo das prazas de uso ata un 75% nalgúns casos, ou se asegura nesa nova análise económica financeira que terán que se retirar o

maior número de prazas de aparcadoiro de superficie, mesmo se atreve dicir a suba considerable do prezo da zona ORA cando non se fai no prego de condicións desa zona ORA.

É dicir, faise unha nova "análise" que o que lle está dicindo ós vigueses é que imos retirar prazas de aparcadoiro, como vemos no prego da ORA tamén imos retirar prazas de aparcadoiro restrictivo, que pode asegurar a mobilidade durante dúas horas, etc. e estámoslle dicindo que precisamente para que sexan viables os aparcadoiros subterráneos imos retirar prazas dun xeito puro e duro sen ningunha explicacións.

Logo de todas estas formulacións, onde se mira unha grave inseguridade xurídica, dificultades para a rendabilidade económica, hai temas moi discutibles mesmo no aspecto dos terreos porque segundo a Lei do Solo galego, artigo 54.g, por estar algúns deles en solo consolidado e ser aproveitamento subterráneo baixo vial debería estar contemplado no Plan Xeral que non leva en absoluto o tema dos aparcadoiros, onde atopámonos coa barbaridade de que, como xa está publicado, as empresas están dispostas a participar neste concurso e debido ás presas porque se tiña que facer en agosto e coa maior rapidez posible, esas empresas non poden nin elaborar o seu proxecto constructivo porque esas presas fixeron que non houbera nin estudo xeotécnico dos terreos onde van ir os aparcadoiros. Todos sabemos que ese estudo é absoluta vital porque marca as características fundamentais do proxecto e por suposto o custo, etc.

Por iso atopámonos perante unha serie de irregularidades que non teñen nome e que entendo que poden causar enormes problemas no futuro.

Se falamos de modificados de obras en obras normais, tal como vai isto maxinemos, eu penso mesmo en futuros gobernos que ó mellor se poidan atopar con aparcadoiros abertos e que a propia empresa abandone a obra, por exemplo, ademais amparándose en cousas como que o propio Goberno facilitou que a viabilidade económica non estivera clara nos seus expedientes, etc.

É obvio que se se sigue adiante cos tres concursos van crear actuacións enormemente prexudiciais para a cidade. Non sei se o dicir pero dende logo que o Grupo municipal Socialista aspira a gobernar logo de maio esta cidade; pero mesmo se non o fixera non ve arranxo ós enormes problemas que vai ter o futuro Goberno municipal se se segue adiante con estes procesos de adxudicación.

Por iso a proposta que se fai a este Pleno da Corporación é que se proceda á urxente consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dos expedientes referentes ós tres concursos. Ademais o fago porque nos tres

expedientes hai informes técnicos que repetidamente falan de que en todo caso aconsellarían que se fixera a oportuna consulta á esta Xunta Consultiva, cousa que non se fixo en ningún momento.

Precisamente se se fai esta proposta é para que sexa posible que realmente haxa acordos con seguridade futura e non con estes concursos que na miña opinión amosan unha moi mala xestión do Goberno, porque leva anos tratando un proceso que pretende acelerar nos últimos meses sen lle preocupar en absoluto as graves consecuencias que pode ter para o futuro da cidade.

Precisamente por iso e conscentes de que habería que preguntar á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre aspectos concretos, se se toma o acordo eu teño moitas preguntas que lle facer á esta Xunta, a maiores de que a Xunta puidera consultar os propios expedientes para ver a serie de irregularidades que conteñen na miña opinión.

SR. TOBA GIRÓN: A respecto da moción presentada polo Grupo municipal Socialista hai aspectos nos que obviamente non coindidimos, coido que a nosa posición a respecto da ORA é perfectamente coñecida. No seu día presentamos unha moción neste Pleno para que non se convocara ese concurso porque entendemos que non aporta ningún servizo e polo tanto estamos radicalmente en contra.

Pero si temos que concidir nalgún aspecto co Sr. Calviño e xa fixemos pública a nosa posición na comisión, no sentido de que o contrato que está posto en marcha é radicalmente arriscado porque dende o noso punto de vista e logo de facer unha análise da situación que vai derivar, resulta claramente deficitario. Faise un prego de condicións cunha aposta tecnolóxica fortísima, cun incremento de gastos mesmo sobre a primeira previsión do primeiro contrato ó que fai referencia o Sr. Calviño de abril de 2005 no que curiosamente aumenta o custo do contrato reducíndose o número de prazas.

Á parte do problema de que baixo o noso punto de vista agora non serve para nada e coincidimos coa maioría dos cidadáns, coido que ese contrato está realmente mal estudado. Efectivamente o sinuoso camiño que seguíu o proceso do concurso dos guindastres cando menos é de salientar porque teño para min que levan vostedes como dous anos e pico para adxudicar o servizo dos guindastres. Na Mesa de Contratación o meu compañeiro, Amador Fernández, coido que a primeira vez que o concurso quedou deserto xa manifestou que o mellor era voltar convocar un novo concurso elaborando un novo prego de condicións.

Digo máis, a convocatoria dese concurso foi o que precisamente desatou unha moción presentada por min mesmo neste Pleno, que solicitaba a reunión da comisión de Control da Contratación porque xa estaban vostedes desatando o concurso con aquel prego de condicións. Ademais, e aí corrixo ó Sr. Calviño, si fomos consultados respecto dese prego pero non fomos atendidos porque eu mesmo remitín unha serie de ideas para ese prego que non se tiveron en conta e realmente o percorrido é estraño.

O único que nos preocupa da moción do Partido Socialista que en principio imos votar favorablemente, é o alcance que poida ter a decisión; sinceramente non coñecemos o alcance dunha conxunta á Xunta Consultiva, non houbo tempo de falar co Secretario máis que con brevidade e moito máis en procesos que están sometidos ó trámite de adxudicación e mesmo de concurso.

Nin siquera presento unha emenda pero si quero que conste en acta que, coas reservas legais que fagan no seu caso os asesores xurídicos desta Corporación, particularmente o secretario do Pleno que o noso asesor xurídico, vemos procedente se é posible a consulta á Xunta Consultiva da Contratación Administrativa coas precisións dos asesores legais da Corporación.

SR. FIGUEROA VILA: Non nos estraña en absoluto que o Partido Socialista presente esta moción porque nesta cidade nos últimos anos hai que ver a actitude dese partido en certos temas; o pazo de congresos boicoteárono todo o que puideron, pideron plataformas alternativas para boicotear os pregos de condicións, dixeron que non a eses pregos, tentaron confundir á opinión pública para que non se levara a cabo esa adxudicación, dixeron que ía ser a ruina deste Concello, que era inviable, que sería imposible, que non se presentaría ningún. Se por vostedes fose o pazo de congresos estaría sen adxudicar e estaríamos outros catorce ou quince anos sen que se producira esa adxudicación. Gracias á iniciativa do Goberno e tamén ó apoio do Partido Galeguista e do BNG, que entenderon que era un proxecto de cidade á marxe das diferencias e de cuestións puntuais que se reflectiron na Mesa de Contratación, hoxe está derrubado o edificio de Casa Mar, vai cun adianto de dous meses, está a piques de empezar a obra constructiva e nunha obra de tres anos e medio xa nos din que en dous anos teremos un pazo de congresos. Gracias ó BNG, ó Partido Galeguista e ós que apoiaron dende o Goberno porque o Partido Socialista estaba en contra e hoxe teríamos o pazo de congresos cheo de ratos.

Digo isto porque o Partido Socialista está nesa liña de obstaculizar todos aqueles proxectos que son importantes para a cidade. Aquí hai tres proxectos importantes diferenciados e vou falar disto pero antes quero dicir unha cousa porque senón non marcho ben do Pleno connigo mesmo.

Cando hai cambios nas estruturas administrativas porque o Goberno entende que hai que mellorar a xestión, a eficacia, a eficiencia, hai responsables que en momentos determinados levan moitos anos e seguramente fan un bo traballo pero hai que se adaptar ós novos tempos, neste Concello a Alcaldesa tivo a valentía de facer o que nunca se fixo. Houbo un cambio en Intervención que recorreron e gañamos; houbo un cambio en Patrimonio Histórico que mesmo algún concelleiro foi declarar a favor o que non ten precedentes nesta Corporación, declarar un concelleiro a favor dun funcionario e contra o Goberno e tamén se gañou.

Isto quere dicir que a Alcaldesa fai ben os cambios. Séguen a producirse cambios noutros departamentos de persoas que están traballando mellor ou peor pero dende hai moitos anos e é lexítimo que un Goberno, nun momento determinado poida tomar a decisión de cambiar estruturas técnicas. Aquí ninguén ten posesión sobre os cargos nin os cargos están asignados ás persoas; hai postos de traballo que se van cambiando, van modificándose e van rotando.

Cando se producen eses cambios nalgúns departamentos de persoas que teñen absolutamente todo controlado, entón se producen informacións e filtracións tendenciosas que son perigosas porque ós concelleiros nos chegan ese tipo de informacións e se non nos lemos expedientes ou non recabamos outras informacións podemos ter a posibilidade de caer no ridículo ou que esas informacións ás persoas que temos que tomar decisións fagan que tomemos outras, que esas decisións poidan ser mal entendidas ou confundir á opinión pública que é do que se trata moitas veces.

È curioso que iso é o que sucede neste intre, cando no departamento de Tráfico e Mobilidade se produxo un cambio importante. Cando menos é curioso, prodúcense filtracións da Policía Local onde se fan fotocopias e logo se levan á Fiscalía. Esas cuestións son recorrentes, acontecen con eses cambios pero coido que eran necesarios, imprescindibles e seguramente se van producir máis. Se seguimos gobernando e coido que estamos nunha boa liña para seguir, posiblemente se produzan máis cambios porque coido que nas estruturas administrativas teñen que se producir situacións de relevo xeracional e de eficacia e de eficiencia en canto mellorar a xestión dos servizos.

Igual que algún día un funcionario chega a un posto, ten que entender que mañá se lle pode cambiar a outro. Pois o Goberno entende que estas acusacións sobre todo veñen destes movementos pero iso tiña que o dicir porque senón non marcharía de aquí satisfeito. Eu podereime trabucar pero procuro ser valente á hora de dicir o que penso.

Evidentemente isto ten unha mensaxe para que entendan que o Goberno non é parvo e que as persoas que están ó fronte de certos departamentos do Goberno sabemos o que está a pasar, que non é casualidade. Dito isto vou entrar no tema porque coido que é importante.

No tema do guindastre prodúcese unha situación tan difícil porque non temos Plan Xeral e non temos 10.000 metros cadrados dispoñibles en todo o termo municipal de Vigo para poder facer un servizo. Esa é a única explicación. Resulta que as tres empresas que se presentan, os terreos que poñen á disposición do Concello non se poden legalizar e non se lles pode dar a licenza de actividade, polo tanto queda deserto ese concurso.

Estráñame que vostedes fagan esa afirmación cando na Mesa de Contratación teñen un representante que votou a favor de todas as propostas desa Mesa.

Déixase deserto ese concurso pero o curioso é que hai algún técnico que informa que todas as propostas cumpren co prego de condicións e cando hai un informe técnico de Urbanismo se di claramente que as propostas non se axustan á legalidade, entón é cando se deixa deserto o concurso e ábrese un novo co mesmo prego de condicións. É certo que ó mellor se podería cambiar o prego de condicións pero, iamos pasar de 10.000 metros cadrados a 5.000? Non porque iso non o quere o Goberno, non quere que un servizo que se vai adxudicar para moitos anos se lle impoñan unhas condicións que cando pasen catro ou seis ano xa non se poida cumprir con elas.

Polo tanto é imprescindible que se soliciten 10.000 metros cadrados e esa cantidade de metros hoxe, na cidade de Vigo para lle dar licenza de actividade para usos de aparcadoiros, mentres non se aprobe o Plan Xeral é difícil atopalos e nesa situación se atopan as empresas.

A maiores hai outra cousa, posiblemente podería haber terreos provisionais ou en aluguer pero tampouco queremos iso porque a diferenza é que nós imos adxudicar un concurso onde con 10.000 metros cadrados se produce unha reversión e unha construción dunha nave; iso no concurso significa pagalo. Cando rematemos este concurso revirtirase ó Concello e teremos un valor de 1.000/2.000 millóns de pesetas; algún técnico fixo os números e mesmo durante todo o concurso non se chega pagar o valor que terían eses terreos e esas naves cando revirtan ó Concello.

Por iso non temos presa en adxudicalo e queremos facelo ben porque como hai un concurso que está prestando un servizo tampouco temos ningún problema. Dende logo que non facemos coma fixo o Partido Socialista no anterior mandato que nun concurso de contedores ó que se presentan dúas empresas e como parte do Goberno defendía unha e outra parte á outra se fixo un novo concurso e logo resultou que as dúas empresas viñeron en UTE e agora temos problemas porque hai unha empresa que non aparece porque non xestiona. Tampouco adxudicamos un concurso de limpeza onde un dos criterios que primou e polo que se decidiu ese concurso foron uns terreos en Zamáns que a día de hoxe aínda non se poden utilizar porque tiñan unha clasificación que non se correspondía e xa se dixo que era unha trampa legal. Iso fíxoo o Partido Socialista e non o Partido Popular e se quere lle dou máis exemplos.

Coido que no que se refire ó guindastre se está facendo con absoluta transparencia e legalidade e repito que non temos absolutamente ningunha presa, como se chegado o momento temos que deixar deserto ese concurso non nos preocupa en absoluto; imos adxudicalo con tempo, con tranquilidade e con as garantías máis importantes: que ese servizo se poida prestar nas debidas condicións e que o Concello de Vigo, cando remate ese contrato, poidamos ter un patrimonio cun valor importante de 10.000 metros cadrados e unhas naves na Avenida de Madrid. Todos os que se adican a temas de promoción saberán o valor que ten iso, seguramente máis que o custo total de todo o concurso. Esa é a diferenza entre uns e outros.

En canto ó segundo tema que vostede pon enriba da mesa, Sr. Calviño, estamos tremendamente orgullosos e apoiamos a decisión da Alcaldesa, non queremos que os cidadáns de Vigo paguen máis impostos dos que están a pagar. Agora hai un sistema que imprantaron vostedes, que llo deron a unha empresa, á empresa que lle deron todo cando o Partido Socialista gobernou nesta cidade e o que é certo é que coincidimos co Sr. Toba en que agora fracasou nesta cidade estrepitosamente, non cumpríu o servizo, non cumpríu o obxectivo que se formulaba e hai que reconducir ese concurso dun xeito claro.

Pero hai un inconveniente grave porque seguramente se poderían tomar decisións libremente pero os políticos ás veces non o podemos facer porque temos condicionamentos sociais e de todo tipo para defender os intereses da cidade. Aquí hai un condicionamento fundamental que vostedes, que sempre se lles enche a boca a dicir que son un partido progresista, ó mellor somos nós máis progresistas que vostedes cando actuamos e chegamos á hora da



verdade porque vostedes cando teñen que tomar dicisións esquécense dese progresismo que defenden e a persoas que hai que apoiar, machúcanas, como cando algún concelleiro leva á Fiscalía algúns temas para machucar algúns empresarios que malviven. Esa é outra cuestión da que xa falarei cando chege o momento.

Teñen 44 familias que non lles preocupan pero a nós si. Evidentemente non pode ser única e exclusivamente esa preocupación porque hai que defender os intereses xerais e do conxunto da colectividade da cidade, por iso hai que tentar compatibilizar que esas 44 familias poidan seguir vivindo e ó mesmo tempo dar un servizo á cidadanía.

O Goberno fixo algo razoable; por unha banda se tomou unha decisión clara de que non se ampliase o servizo da ORA a máis partes da cidade, que se manteña tal e como está e que con ese servizo a curto prazo poidamos cubrir as necesidades que ten a cidade de rotación de aparcadoiros no centro e ó mesmo tempo que esas familias poidan seguir traballando.

Vostede omite nunha parte do seu discurso algo que o prego de condicións leva: deixa aberta a posibilidade de que calquera Goberno que queira tomar a decisión de ampliar esas prazas o poida facer, polo tanto ó mellor é certo o que di o Sr. Toba de que o servizo cando se adxudique pode ser deficitario pero seguro que paulatinamente, segundo se vaia graduando e os Gobernos poidan tomar esa decisión se o consideran oportuno poidan facelo, dende logo que nós polo momento non o temos en mente porque pensamos noutras políticas de aparcadoiros para residentes na cidade de Vigo que xa anunciamos e estamos traballando nelas.

Non van a ter a sorte de gobernar pero se así fose teñen a posibilidade e a opción política de facer esa ampliación a 5.000, a 6.000 ou as prazas que vostedes consideren oportunas. Iso non o di vostede, utiliza a parte do discurso que lle convence.

Coido que neste concurso se vai a un sistema tecnolóxico novo porque se sabe que agora non cumpre o seu obxectivo e niso coincido totalmente co Sr. Toba, demostrouse no servizo, nos resultados que deu ó longo dos anos e o que hai que tentar é que o obxectivo primordial que é a rotación, que se cumpra. Por iso nós imos a sistemas de tecnoloxía punta para que se poida concretar esa cuestión.

A partir daí, outro tema elemental é que non queriamos baixo ningún concepto que se subiran as tarifas da ORA como se fixo e se contempla no prego de condicións. Pois o mellor entendemos que se á hora de facer os orzamentos temos que apostar porque os cidadáns de Vigo poidan aparcarse e

rotar no centro da cidade cun prezo razoable, que o fagan. Outros fixeron outras políticas sociais que custaron cartos a este Concello.

Consideramos que que os cidadáns de Vigo poidan aparcarse na cidade e que se poidan facer rotacións é un servizo que temos que prestar e dentro desas valoracións, como se está facendo noutros aspectos de exención de impostos a certos colectivos ou da ampliación e potenciación do transporte público, son políticas de tráfico. Pase que evidentemente vostedes saben que estamos acertando nas políticas de tráfico dun xeito clarísimo, estase a facer todo con rigor, con responsabilidade, con criterio profesional e estase demostrando que un dos problemas graves que tiña esta cidade que era o tráfico, empeza ser menos problemático porque coido que durante estes dous anos e medio fixéronse políticas axeitadas, que necesitaba a cidade e que ó final están a dar os seus froitos.

Dentro desas políticas entra o plan de aparcadoiros porque na cidade tamén se está noutra política acertada de penalizacións en certas zonas, de imprinter a mellora na calidade de vida dos nosos cidadáns e para facer iso evidentemente hai que facer políticas de aparcadoiros.

Dende época do Sr. Soto que si se fixo política de aparcadoiros, o Partido Socialista gobernou esta cidade e non fixo un só aparcadoiro máis, esqueceuse de que existían coches na cidade e así había os atascos que había permanentemente en toda a cidade o que levaba a que ir dun extramo a outro foran moitos minutos. Nós tivemos a valentía de tencer poñer en marcha 3000 novas prazas de aparcadoiros pero cun sistema igual como fixemos no pazo de congresos: que o custo para o Concello sexa cero.

Para iso fixemos un prego de condicións no que os técnicos traballaron dun xeito importante e coido que é magnífico, tentamos pactar con vostedes en todos os pregos e houbo unha parte inicial que si estaban pactados pero ó final vostedes chegado o momento se tiraron ó monte porque o que querían era rachar toda a posibilidade de que este Goberno levase a cabo proxectos importantes.

Ten que ser moi duro para un representante do Partido Socialista, sobre todo para quen se encargou do tráfico e a mobilidade na cidade e que non foi quen de quitar unha soa praza de aparcadoiro público cando gobernou, que agora, un Goberno do Partido Popular quite 3.000 novas prazas de aparcadoiro con valentía e cunha decisión clara.

A sorte que temos é que ese prego de condicións está a ter unha receptividade importante non só pola cidadanía, senón por todas as empresas que se queren presentar e coido que non sería tan malo como vostede di se

hai cantidade de empresas que se queren presentar. Vostede tamén di que no estudo económico non son viables os aparcadoiros polo que se contradí un pouco: por un lado di que o prego non defende os intereses da cidade e polo outro di que o estudo económico non se axusta á realidade. Haberá que o explicar porque se hai tantas empresas que se queren presentar unha de dúas: ou o estudo económico está ben ou as empresas queren perder cartos. Pois se é así, é importante que se poidan presentar para a cidade.

Este prego non só contempla os aparcadoiros, senón que tamén contempla humanizacións e outra serie de cuestións importantes con custo cero para o Concello. É dicir, que o Concello cando faga a adxudicación dese concurso terá todas as humanizacións, servizos, saneamentos, etc. tal como aparecen reflectidos nos anteprojectos ou proxectos que se conformen e o custo vai ser cero, por riba cuns prezos que en primeiro lugar consideramos razoables e en segundo lugar que evidentemente imos esperar as ofertas dos empresarios porque se poden ser rendibles estou convencido que para gañar o concurso van baixar as tarifas.

Tamén é a primeira vez que se poñen nesta cidade aparcadoiros para residentes e xa estamos anunciado un novo plan única e exclusivamente para residentes. Tamén anunciamos que se nós seguimos gobernando o aparcadoiro da Praza de Portual vai ser só para residentes cando remate a actual concesión dentro de dous ou tres anos.

Entendo que todo isto politicamente ten que amolar; ata certo punto entendo que vostedes teñan que criticar temas que nós facemos con absoluta transparencia e obxectividade e que xa se verán os resultados. Ó Partido Socialista non lle pode pasar que un Goberno do Partido Popular fixo un pazo de congresos, foi quen de quitar a concurso seis aparcadoiros e levar a cabo todos os concursos durante o seu mandato.

A primeira crítica que vostedes fixeron cando o Sr. Pérez perdeu a Alcaldía foi que non fomos quen de adxudicar os concursos. Non van ter a posibilidade de gobernar pero esa crítica non van poder facela nin dende a oposición porque imos quitar concursos.

Tampouco falan doutros concursos que son importantes e que están en marcha como o das piscinas. É a primeira vez na historia desta cidade que se vai sacar un novo prego de piscinas con custo cero para as arcas municipais; vostedes nin tiveron a idea do facer ou do levar a cabo e tiveron tempo para gobernar. Pois nós temos en marcha ese novo concurso.

Explíquenlle á cidadanía cómo puxeron tantas trabas ó proxecto de reversión do mobiliario urbano. Maxine que agora mesmo puidesemos ter a reversión

dese concurso e que todo o mobiliario urbano que temos na cidade pasara a titularidade municipal; ó mellor non habería nin que facer un novo concurso, só un concurso de mantemento e o Concello podería ter unha cantidade de ingresos por publicidade nese mobiliario urbano importante.

Esa é a diferenza: vostedes defenden que non se puntue a reversión do mobiliario urbano porque hai unha empresa que non pode presentar a oferta porque resulta que ten un contrato cos arquitectos de exclusividade e non pode ceder ós seus proxectos. Cando menos ten que entender vostede que iso é moi subxectivo e que tenta inclinar a balanza a favor dalguén. Alomenos nós dámoslles a oportunidade a todos, os que presenten con reversión puntuarán e os que non, non.

Con respecto ó tema de que hai alegacións, é evidente, ten que haber alegacións cando hai intereses de empresas que ofertan. O que é estraño é que un partido político se poña do lado dos que alegan, coido que debería ser todo o contrario e defender a estrutura municipal e os seus intereses. A nós parécenos ben todo o que sexa preceptivo dos Consellos Consultivos, pero temos nesta Corporación un exemplo moi claro no caso de Emorvisa que se levou a un Consello Consultivo, deuse unha valoración dese Consello, díxose o que había que facer e agora nos condenan os Tribunais. O que dicía a Corporación e dicían algúns técnicos municipais era ó que tiñamos que facer caso. Algún de vostedes cando gobernaba o Partido Socialista quixo darlle as accións á empresa por unha situación da liberización e había uns informes técnicos que dicían que non era prudente, desaconsellábanos, dicían que fixéramos un concurso. Vostedes enviárono ó Consello Consultivo que dixo o que dixo e os tribunais condenáronnos. Agora temos unha situación que veremos se piden a execución desa sentenza ou non.

Parécenos ben o Consello Consultivo para que de cando en vez cando haxa algunha dúbida se poida actuar pero nós temos plena confianza na Secretaría deste Concello, nos servizos da Asesoría xurídica e coido que hai magníficos profesionais que defenden os intereses desta cidade como se está a demostrar continuamente.

Tamén pode haber persoas que non estean interesadas en que estes concursos se leven a cabo ou que ó mellor pretendan que exista a posibilidade dun cambio de Goberno e volver colocarse para poder tomar decisións.

SR. SOTO FERREIRO: Só quero facer unha puntualización ó Sr. Figueroa. Quero dicirlle algo que alomenos é público e notorio dentro dos funcionarios desta Casa, non sei se dos políticos que estamos agora. Vostede fixo unha

alusión á adxudicación do Partido Socialista a unha empresa, estaba a falar de Fomento e do Partido Socialista; entendo que a súa alusión era así e se non o é, dígamo concretamente.

A adxudicación que se fixo no seu día á empresa das Sras. Koplovitch FCC, fíxose contra a miña opinión política reiteradamente amosada en diálogo co grupo de técnicos municipais que asesoraban ese tema. Ó mellor tiñan razón os técnicos e non eu, pero na miña opinión había unha empresa que facía obxectivamente mellores aportacións para o Concello e que podería ter menos custos dos que tivo nalgúns aspectos.

Era a miña opinión e non prevaleceu porque os técnicos, que garanto que entón escribían en función das súas opinións, mativeron os seus informes técnicos e polo tanto en función deles non levou o concurso a empresa que o goberno de entón que eu presidía e que pensaba que debía levalo.

Sinxelamente borre esa alusión de que llo deron a unha empresa que non sei qué porque ó lado daquel concurso, que era un tema de moita enxundia, o dos aparcadoiros non deixa de ser un tema absolutamente menor.

Non vou entrar na controversia do asunto que hoxe se decide pero, Sr. Figueroa, coide as súas verbas porque ás veces, cando se xogan con estas cousas e vostede di máis ou menos unha frase como "vostedes lle deron..." calquera que o escoite e que non estea neste allo pode crer que é un ton de amiguismo e non é así, neste caso mesmo foi contrario ó que nós queríamos facer. Iso é parte dunha historia e está en actas.

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: Á parte de que non respostara a ningunha das dúbidas formuladas por min respecto ás tres adxudicacións, pasou totalmente de todos os problemas, limitouse a facer a loa do que é fácil de loar. Todos estamos de acordo en que é bo que haxa aparcadoiros na cidade, obviamente todos estamos de acordo nunha serie de cousas que vostede expuxo pero o problema é que iso se faga con seguridade e pensando nos intereses da cidade que é o que non se está a facer.

Pero o que quero salientar é que me preocupou enormemente a intervención que fixo vostede á que engadíu que senón non quedaría a gusto. Ó mellor os que a ouviron non entenderon totalmente o asunto pero eu entendín perfectamente por onde ía. Paréceme absolutamente lamentable que un voceiro do Goberno fale neses termos de funcionarios desta Casa que eu lle podo asegurar dende a oposición que mantiveron unha absoluta lealdade ó Goberno do que vostede é voceiro e precisamente por non atender a esas suxestións das que vostedes deunos unha lección na intervención do plan de utilización

respecto a cómo facer informes, está hoxe fóra da responsabilidade da xefatura da área de Mobilidade e Seguridade.

Laméntoo profundamente porque o que vostedes fai aquí é un fraco favor a todos os funcionarios desta Casa e pódolle asegurar que dese funcionario tiven problemas mesmo cando quería que me deran as alegacións presentadas ó plan de estudos e ó final tivemos que o pedir oficialmente e por escrito porque senón non se nos daba polo departamento de Mobilidade e Seguridade. Nin iso e con ningún tipo de privilexio co que vostede está facendo un tremendo dano ós funcionarios deste Concello.

Agora se explica por qué se removeu, explicouno vostede antes cando falamos do plan de usos. O grave é que o técnico desta Casa que ten máis coñecementos de seguridade, tráfico e transportes por suposto está fóra do seu posto e, o que é máis grave, non se cubriu a praza co que ese departamento fundamental está sen un técnico e xa ten poucos. Deixaremos o tema do tráfico nesta cidade para outro día, noutro Pleno falaremos dabondo.

En canto as alusións do tema das piscinas, puxo vostede moi mal exemplo porque a piscina de Valladares está en marcha porque nós o impuxemos cando negociamos o proxecto de orzamento de 2004. O tema de Barreiro ven de antes; a piscina da Florida exactamente igual, empezamos nós a modificación urbanística para que se puidera facer esa piscina. En canto á referencia ó tema do auditorio nós tiñamos outro concepto, se se tivese atendido á nosa petición no futuro teríamos un auditorio pensado en máis días para o Concello para poder facer unha actividade cultural moito mellor da que poderá facer no futuro.

En todo caso non me quero distraer con esas cousas que na miña opinión son secundarias.

En canto ó tema do guindastre pódolle asegurar que revisando o expediente do principio ó fin, non se pode ver expediente nesta Casa máis absolutamente dirixido nunha dirección e vostede sabe que cando se propón a primeira adxudicación, que por certo contaron todas esas votacións coa abstención do Grupo municipal Socialista na Mesa de Contratación, cando había unha proposta favorable a unha determinada empresa, cos problemas que obviamente ten o Plan Xeral de Ordenación Municipal, xa había un informe urbanístico favorable a esa concesión.

Por qué nese caso se pide outro informe a maiores? Por qué en determinados momentos se piden informes e noutros non? Todo claramente orientado e esa orientación é que onde está hoxe funcionando o estacionamento de vehículos

retirado polo guindastre vaise cumprir o mesmo servizo para facer o mesmo que está a facer hoxe, abrir un vial e facer unha nave industrial na que nos sotos irá ese aparcadoiro. Alguén co máis mínimo sentido común, coñecendo como está ese emprazamento, pode dicir que iso é minimamente posible? Teríamos un auténtico argallo co guindastre.

En canto ó tema da ORA ten a mala costume de non estar durante o resto das intervencións e logo pon en boca dos que interveñen cousas que son falsas. Eu non omitín en absoluto que o prego de condicións deixe aberta a posibilidade de que se poñan máis prazas no futuro, é un dos meus argumentos fundamentais. Estase a propoñer un prego de condicións no que se di é incerto, fálase de 2.850 prazas pero se deixa aberto para que haxa máis no futuro e mesmo as zonas verdes ás que se fai referencia.

A unha administración interesáralle que o servizo saia a concurso de xeito que estea na mellor posición posible perante as empresas que concursen para quitar a maior rendabilidade a ese servizo e o mellor funcionamento. Esqueceime de comentar a contradicción relativa ó mesmo número de traballadores e mesmo agora sae por un prezo máis alto cando antes había cinco mil e pico prazas e agora 2.800, cousas absolutamente asombrosas pero esas futuras ampliacións de seguro que van ter hipotecados ós gobernos municipais.

Cando vostede di "progresistas" a palabra é moi fácil, pódese dicir, sei que non lle gusta, pero poñer en dúbida que nós teñamos en conta defender a corenta e catro familias é unha barbaridade, en todo caso eu propoño un servizo que, atendendo máis prazas, mesmo poida ter máis postos de traballo no futuro porque eu si creo nese servizo de estacionamento regulado como cren os corporativos do 99,99% das grandes cidades e mesmo das pequenas vilas, neste país, en Europa e en todo o mundo.

Precisamente por iso lle digo que se vostedes fan este fraco favor de deixar hipotecados ós gobernos municipais non o saquen, non segan adiante, paren, nese caso xa nin consulten á Xunta Consultiva, déixeno para dentro seis meses que de seguro van estar outros gobernantes. Están facendo a oferta dun servizo público que, obviamente sen crer nel, dificilmente se pode defender, xa non falo de que non van nin as prazas neses famoso anexo I que iso xa son cousas de xestión que son increíbles, pero é absolutamente todo o contrario.

No tema dos aparcadoiros vostede falou das cousas boas e precisamente por iso nós quixeramos que foran adiante. Pero o que se está a facer é dunha irresponsabilidade tal, vostedes por adxudicar un contrato de 70 millóns de

euros están disposto absolutamente a calquera barbaridade que no futuro nos pode traer gravísimas consecuencias e xa falei dalgunha. Precisamente porque son perfectamente conscente diso quero a máxima seguridade porque é o futuro da cidade e con seis ocios e en zonas moi características que poden ser un auténtico argallo para futuros gobernos desta cidade.

Voulle poñer dous exemplos nos que tanto vostede coma a Alcaldesa estaban claramente involucrados. Por exemplo durante o Goberno de don Manuel Pérez na adxudicación do aparcadoiro do centro. Como se fixo e qué problemas tivo que aguantar o Goberno posterior consecuencia dunha mala adxudicación dese aparcadoiro no seu momento, cando vostede estaba tomando as decisións. Qué consecuencias tivo para a cidade que vostedes puxeran en marcha a depuradora do Lagares do xeito que o fixeron no seu momento e non quero referirme máis a ese tema pero vostedes foron os responsables, con avisos claros alomenos dalgunha forza da oposición de que podería haber eses problemas.

Precisamente por iso expoñémolo entre outras cousas porque cremos que será unha grave irresponsabilidade seguir adiante nestas condicións con estes tres pregos e, como estamos convencidos de que imos gobernar logo das próximas eleccións, vostedes teñen xa moi claro que nestes temas como oposición terán que estar moi calados.

SR. FIGUEROA VILA: Evidentemente o tema do aparcadoiro de Urzáiz e de Independencia corrixíuse pero non foron vostedes quen resolveron; resolveu o BNG porque vostedes votaron en contra e boicotearon todo o que puideron e máis. Vaian a algún expediente dalgún Pleno e vostedes sempre estaban fóra de xogo. No apoiaron nada, tivo que apoiar o Partido Popular e máis o BNG para quitar adiante as cuestións que non se fixeron ben que houbo moitas, pero tamén se demostrou que con traballo e coa colaboración dalgúns grupos políticos coido que todos temos que estar razoablemente satisfeitos co resultado.

Coido que non estendeu o que dixen das piscinas. Non dixen que vostedes tiveran ou non ideas, só dixen o modelo do prego de condicións que é do que estamos a falar e o noso modelo é que o gasto corrente sexa o menor posible naquelas instalacións e dotacións que poida construír o Concello. Iso non o puxeron vostedes en marcha, fíxoo o Partido Popular, foi unha fórmula de xestión nova: facer unha concesión administrativa para que unha empresa xestione con custo cero para o Concello.

Vostedes teñen moitos exemplos da magnífica xestión do Partido Socialista nesta cidade, por exemplo o Verbum. Coido que falar agora doutras cuestións



da cidade como a depuradora... Vostedes dende que marchou o Sr. Soto non moveron un só papel en saneamento con respecto á depuración. Deixou un proxecto de plan integral da cidade e a partir daí adicáronse a constituir fundacións a crear Verbums e demais que agora está a padecer a cidade, como Rosalía Castro, Samil, etc., todas esas ordes de execución que hai por aí tamén foron especialistas na magnífica xestión que levaron a cabo durante eses anos 91-95, lucíronse vostedes.

A partir de agora xa entraremos en campaña electoral, estes Plenos darannos xogo e vai haber moitos máis debates deste estilo. O que nós temos claro é que o Goberno ten unhas competencias que vai asumir, respectamos os acordos que se poidan tomar no Pleno pero aqueles que polas nosas competencias nos digan que non temos que asumir, non o faremos porque coido que un Goberno está para quitar adiante os proxectos.

Sr. Calviño estou convencido que detrás de todo isto só está un único obxectivo: paralización da cidade por parte do Partido Socialista. Está clarísimo, remitímonos ós datos, a todo o que vostedes levan facendo nesta cidade nas últimas semanas. Non existen orzamentos do Goberno central para a cidade, son os peores dos últimos anos, nin nas peores épocas cando nos reuniamos todos e mesmo coido que houbo algunha manifestación pequena, non voltou haber un orzamento tan desastroso do Goberno central.

Do Plan Xeral xa non falemos porque xa sabemos que non o queren aprobar pero non pasa nada, seguiremos traballando en todas esas cuestións pero é moi difícil que a Xunta de Galicia nos pida que lle remitamos un informe á Consellería de Medio Ambiente para solicitar informe e resulta que en cinco días esa Consellería xa sabe o que vai facer sen ter o expediente. É un tema deses que, cando onte mo dixeron, pregunteille a un técnico se non tiñan enviado xa un escrito pedindo que lles remitamos o Plan Xeral para informar a Lei de Evaluación ambiental. A consellería de Medio Ambiente aínda non leu o Plan Xeral, non sabe porque non o teñen os técnicos na súa consellería.

O que pasa é que tamén escoitei unhas declaracións do conselleiro dicindo "Eu que farei o informe..." En tal caso asinarao porque supoño que non o vai facer el.

Teremos tempo para discutir todos estes temas e dende o Goberno estamos convencidos que cando fagamos todas esas adjudicacións poderemos poñer como exemplo o pazo de congresos, vostedes estaban en contra a agora está en boas mans.

SR. SECRETARIO DO PLENO: Sr. Calviño, a instancias dunhas verbas do Sr. Toba, na parte dispositiva da moción dise: "Remitir os expedientes á Xunta Consultiva de Contratación", os tres expedientes que vostede indica. Lembrar, aínda que vostede o sabe igual ca min, que o órgano de fiscalización do Concello loxicamente é a Intervención Xeral e os expedientes, antes de se aprobar, no momento en que se fai a proposta de actuación van a Intervención Xeral e no intre Intervención é parte da Mesa de Contratación.

A Xunta Consultiva de Contratación non resolve expediente pero si consultas de carácter xurídico sobre aplicación de normas xurídicas determinadas en materia de contratación pero loxicamente non fiscaliza expedientes. Se se chega formular esa consulta polo órgano competente, que entendo que non é o Pleno, declarariase inadmisíbel pola Xunta Consultiva de Contratación.

Por outra banda tamén lembrarlles que na parte dispositiva se menciona que de momento se suspenda a tramitación dos expedientes. Vostede tamén saben igual cá min que o acordo de suspensión corresponde ó órgano de contratación e non ó Pleno.

En canto a outra cuestión de matiz, o expediente da ORA, agora chamado SER, neste intre nin siquera está aprobado o expediente de contratación, está a información pública o prego de condicións o que quere dicir que poden varias moitas cousas aínda.

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: Son perfectamente conscente de que ese é o procedemento por iso eu expuxen na miña primeira intervención que o obxectivo político desta moción era que se tratara de clarificar por temas de razón fundamentalmente de seguridade xurídica e posibles graves consecuencias para o futuro, que se fagan as consultas pertinentes á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que sería o proceso que habería que iniciar. Teño varias consultas a facer, sei perfectamente que son concretas que ademais ten que formular a Alcaldes.

Iso téño claro pero dada a complexidade destes expedientes coido que de seguro non habería ningún problema, mesmo sabendo quen ten que os fiscalizar e como axuda para a decisión da Xunta Consultiva de Contratación que teña toda a información porque hai determinadas decisións, tomadas en función de determinadas circunstancias, que os expedientes clarexarían.

De xeito que o único que expoñemos aquí é facer unha advertencia dos graves problemas que nós cremos que se poden presentar e se se toma esa decisión, aínda sabendo que a decisión futura é da Xunta Local de Goberno, para iso

está o Pleno, non se trata de amordazar á oposición. Os grupos da oposición temos todo o dereito ó control, é unha obriga e nesa obriga estamos tratando de que as cousas se fagan coa máxima transparencia, información e seguridade.

Se se vota maioritariamente e se chega a ese acordo estaríamos moi contentos de poder aportar as preguntas que fariamos á Xunta Consultivo e que obviamente tería que facer a Alcaldesa.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos votar en contra porque en primeiro lugar é unha competencia da Xunta de Goberno, en segundo lugar porque nestes momentos sería inviable e terceiro coido que os pregos xa pasaron pola supervisión de todos os grupos políticos, empresas, exposición ó público e que xa os coñecen en todos os lados.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Guerra Fernández e Iglesias Carrera, e as Sras. Méndez Piñeiro e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, oito votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e a abstención do Sr. Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, relativa ó proceso de adxudicación de servizos públicos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (178).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á POSTA EN VALOR, CONSOLIDACIÓN E MUSEALIZACIÓN DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Arias Moreira, formula a seguinte moción:

"O xacemento situado no parque do Castro ten un alto valor histórico e arqueolóxico que non será necesario salientar. Compre, sen embargo, lembrar que pola súa localización no centro da cidade constitúe ademais un importante fito urbano e que, de se poñer convenientemente en valor podería mesmo xogar un papel de notable atracción turística.

E por iso que no ano 2003 encargouse un pre-proxecto de consolidación e musealización do castro de Vigo. Este documento incluíuse, xunto con outros varios, nunha proposta de convenio que naquel momento se presentou á Xunta de Galicia.

Pódese constatar que durante case que tres anos o Goberno municipal non avanzou nin un paso naquela dirección, e o xacemento atópase nunha situación de abandono. Afortunadamente o valado de protección que se introduxo tamén no verán de 2003 impediu, ó menos, o seu grave deterioro.

A relevancia cultural do xacemento aconsella que non se demore proceder a unha intervención para poñelo en valor, consolidalo e mesmo introducir nel elementos de musealización, segundo os criterios expostos en 2003, ou outros que os técnicos poidan considerar mais convenientes.

A Corporación é sabedora de que a Consellería de Cultura ten asumido recentemente un compromiso cos bens arqueolóxicos da cidade de Vigo, impulsando un investimento na salina romana da rúa Marqués de Valladares. Pero tamén é certo que, durante moito tempo, a riqueza arqueolóxica da nosa cidade ten sido sistematicamente esquecida nos presupostos da Xunta, o que deba ser corrixido e reparado o antes posible.

É por todo iso que o Grupo Municipal Socialista propón a seguinte acordo:

O Concello de Vigo recoñece a urxencia de proceder á posta en valor, á consolidación e á musealización do castro de Vigo, para o cal solicita a colaboración da Xunta de Galicia; a cal se poderá levar adiante mediante un convenio específico entre as dúas administracións ou ao través de calquera outra fórmula que se acorde entre ambas partes."

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: O Grupo municipal Socialista propón esta moción para poñer en valor, consolidar e musealizar, clarexando dende o principio que aínda que falamos de musealizar é un concepto de museo aberto, non se trata de facer catro paredes, o xacemento arqueolóxico do Castro porque é un sitio arqueolóxico interesante en si mesmo, coido que ninguén o pode dudar. Ademais ten outra serie de valores e características como estar no centro da cidade e constituir dalgún xeito un fito urbán e un símbolo da propia cidade.

Coidamos que hai unha necesidade obvia de actuar neste xacemento fundamentalmente porque está en gran medida deixado da man de Deus e cremos que hai que incidir na mellora desta situación.

É verdade que a cidade ven vivindo unha explosión de arqueoloxía nos últimos anos e iso sabémolo todos, pero estamos convencidos de que lonxe de ver isto coma un problema, que coidamos que é o que pensa o Goberno municipal polas súas declaracións sobre se hai sobredose de arqueoloxía cousa que temos visto nos xornais, certamente coidamos que a aparición nos últimos anos de numerosos restos arqueolóxicos de valor introduce unha rescisión urbanística, molestias para algúns veciños sen dúbida, pero que é algo que debера de se asumir e destacar.

Dende logo nós destacamos o seu aspecto absolutamente positivo, entre outras cousas porque esta aparición de numerosos restos arqueolóxicos permitiunos facer unha relectura da historia da nosa cidade e hoxe sabemos, cousa que non sabiamos hai vinte ou vintecinco anos, que a nosa cidade en épocas do pasados foi moito máis importante do que criamos hai soamente un par de décadas.

É certo que a aparición destes restos arqueolóxicos dalgún xeito fai que sexa moito o que hai que coidar en poñer en valor e non se pode abranguer todo. A política consiste en priorizar, este á un tópico da política e xa o sabemos, pero para nós dende logo que hai que priorizar e se é así hai que ter unha prioridade. En primeiro lugar polos motivos xerais que dicía ó principio, polo propio valor que ten como sitio arqueolóxico e lugar da cidade pero ademais porque non é nova a idea da necesidade de poñer iso en valor, o que me parece percibir que está bastante estendido na opinión pública pero no propio Concello xa dende hai tempo, dende logo dende a propia Corporación anterior.

Eu fun durante uns poucos meses concelleiro de Patrimonio Histórico e cando cheguei a esta concellería o fixen coa idea de que había que facer algo con iso pero xa me atopei cun proxecto maduro de recuperar eses restos en serio. Naquel intre se tramitou, se lle deu forma, se presentou perante a Xunta de Galicia, foi ben recibido naquel intre, alomenos o parecía aínda que non houbo unha resposta formal porque non houbo tempo, tramitouse a través do procedemento formal establecido e o que é certo é que dende entón non soupemos absolutamente nada disto, alomenos eu non sei de que houbera ningunha novidade nesta materia, visito aquilo de cando en vez e vexo que sempre está igual, cun valado que se puxo no verán de 2003 pero dende entón non se fixo nada.

Coidamos que para isto é necesario pedir a colaboración doutras administracións e na moción destacamos á Xunta de Galicia. Quero recoñecer que a Consellería de Cultura da Xunta, cousa que non pasado non coñeciamos, ten asumido un compromiso de investimento cuns restos arqueolóxicos de valor como é a salina da rúa Marqués de Valladares e isto valorámolo moito. Tamén somos plenamente conscentes que nos orzamentos da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia hai unha restricción orzamentaria moi importante que é o malfadado proxecto que se ten convertido nunha especie de maldición da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, pero coidamos que hai que facer un esforzo de negociación e un esforzo por parte de distintas administracións para abordar dunha vez este tema.

*A seguir o Sr. Arias Moreira procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes.*

SR. SOTO FERREIRO: Só para aplaudir a proposición do Sr. Arias e entendo que da súa intervención se deriva, non o que máis ou menos se ten feito dende hai moitos anos que persoalmente é unha actuación moi querida para min, ir facande algunhas cousiñas ano a ano segundo se vai podendo, senón que vostede fala dunha actuación emblemática, de algo que realmente teña transcendencia.

Non propoño nada pero lle suxiro que na súa proposición ou no traslado que se lle dea, se transmita algunha idea do que significa que pode ser emblemático, por iso lle deixo unha pregunta aínda sabendo o terreo que tiña que comer pero, por qué non facer no Castro de Vigo o que hai no Tegra?

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: En canto ó tema da arqueoloxía o que quero amosar é o compromiso deste Goberno municipal co patrimonio arqueolóxico, patrimonio importante xa que son máis de 150 xacementos atopados na nosa cidade, quizas un dos concellos que máis xacementos ten en Galicia e por exemplo dentro dos castros son case trinta os que existen na nosa cidade. Quizais o do monte do Castro sexa o menos importante porque está onde se desenvolveu máis a vida na época romana, é un castro romanizado cun tipo de vida máis de cidade que de castro, segundo din os expertos pero o que é certo é que si temos un rico patrimonio arqueolóxico e que nos últimos anos apareceu máis, como o famoso unguentario que está en Santiago, e o Goberno

municipal nestes últimos anos investiu unha parte importante dos orzamentos nesa recuperación do patrimonio.

Vou citar algún caso, por exemplo no proxecto arquitectónico de musualización da vila romana de Toralla son entre os anos 2005 e 2006 case cincocentos mil euros. O convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para o desenvolvemento vinculado á musualización da vila romana de Toralla, 172.000 euros nos anos 2005-2006. Na rehabilitación do barco Bernardo Alfageme que é arqueoloxía naval ou industrial, 274.000 euros. Na recuperación do petroglifo de A Laxe en Sárdoma, 7.000 euros e está realizándose esta intervención. Un programa municipal de interpretación e divulgación do patrimonio arqueolóxico de Vigo, 21.000 e está pendente a adxudicación e vaise poñer inmediatamente en marcha. O convenio coa Mancomunidade de Montes de Candeán, do que antes falou o Partido Galeguista na súa intervención, 90.000 euros. A reforma da sala de arqueoloxía de Castrelos e nova definición do seu contido para incorporar pezas e novos achados na nosa cidade e sobre todo garantir a conservación das existentes, son preto de 110.000 euros.

A suma de todas estas cantidades en materia de patrimonio arqueolóxico é 1.164.000 euros, case que douscentos millóns de pesetas, que se por exemplo o comparamos co orzamento do ano 2003, capítulos II e VI de Patrimonio Histórico, o gasto, non digo orzamento porque houbo un orzamento maior que non se executou, foron 417.847 euros. Nel está incluído todo o que é Patrimonio Histórico, dende subministro de plantas para o xardín histórico de Castrelos, ata o alimento das aves do seu estanque. Adicados unicamente a arqueoloxía foron en torno ós 40.000 euros, polo tanto a diferenza de investimento na conservación do patrimonio arqueolóxico é evidente nestes dous anos, case 200 millóns de pesetas, 1.164.000 euros.

Tamén hai que dicir que unha parte importante dese investimento foi a vila romana de Toralla; é certo que é necesario musealizar e identificar aqueles xacementos aínda que non todos porque son 138, pero si os máis significativos. O ano que ven esperamos concluir co xacemento da vila romana de Toralla e o Castro dende logo que vai ser outro obxectivo pero dentro dunha coordinación de todas as actuacións vinculadas ó patrimonio arqueolóxico da nosa cidade.

Por iso poremos en marcha ese programa municipal de interpretación e divulgación do patrimonio arqueolóxico de Vigo que é o lugar onde hai que elaborar esa idea, mesmo dun deseño común de todo o que son as intervencións en materia arqueolóxica. O primeiro no xacemento do Castro

que é certo que mesmo xa falei co director xeral de Patrimonio Cultural e arqueólogo don Felipe Arias, que ten nisto unha especial sensibilidade, sobre unha intervención, limpeza e quizas o peche perimetral, iluminación, sistemas de interpretación, etc.

O certo é que estamos a traballar na protección do patrimonio arqueolóxico, dende petroglifos, túmulos megalíticos, á vila romana de Toralla e o seguinte paso vai ser o Castro pero como vostede dicía ben, non se pode abranguer todo ó mesmo tempo, pero o investimento e o gasto corrente deste dous últimos anos en patrimonio arqueolóxico é unha mostra dese compromiso. Mesmo no ano 2005, cando se acadaron as autorización da Consellería de Política Territorial e de Costas, que era do que estaba pendente a vila romana de Toralla, executouse o gasto. Ademais quero felicitar ós técnicos e á xefa de Patrimonio Histórico porque nun prazo de seis meses acadou desatancar un proxecto tan importante como iste, a máis do tema do buque Alfaxeme e así non perdemos os investimentos contemplados neses orzamentos e que se puidese investir en restos arqueolóxicos importantes.

O seguinte paso evidentemente o Castro pero o que hai que facer antes é rematar as que hai en execución e dotar novas partidas orzamentarias para continuar nese camiño de conservar e quizais realizar no futuro un único centro de interpretación dos nosos restos arqueolóxicos entre a nova sala de Castrelos, os xacementos de Mirambell, os que vai executar a consellería de Cultura en Marqués de Valladares dos que xa dixo o director xeral que quizais a finais de ano xa estea executado o contrato e logo tamén co monte do Castro.

Imos votar a favor deste moción pero sen orzamentos non poderemos executar e o compromiso do Goberno demostrouse nestes dous anos nesa protección do patrimonio arqueolóxico.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, Ruiz Cenicerós e Toba Giróns, e as Sras. Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezaseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Arias Moreira, relativa á posta en valor, consolidación e musealización



do xacemento arqueolóxico do monte do Castro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN QUE ESTUDE A DESCENTRALIZACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de setembro de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

“No Pleno do pasado 11 de setembro o Grupo Municipal Socialista formulou un rogo: a convocatoria polo Goberno Municipal da Comisión sobre o uso e destino de distintas instalacións municipais, creada e non constituída, antes do traslado da Alcaldía ao edificio do Reitorado, ou no seu caso, antes da realización do seguinte Pleno.

O prazo conclúe hoxe e non se produciu ningunha convocatoria.

Un dos primeiros anuncios da Sra. Porro como Alcaldesa foi o traslado da Alcaldía ao edificio Cambón. Naquel momento o Grupo Municipal Socialista manifestou o seu rexeitamento e propuxo, a través dunha moción aprobada por unanimidade na sesión plenaria do 23 de febreiro de 2004, a creación dunha Comisión para o estudo dos servizos municipais que puideran ser descentralizados. O incumprimento deste acordo produciu a presentación dunha nova moción que foi aprobada por unanimidade en sesión do 27 de setembro de 2004.

No mes de setembro de 2004 comezan a producirse noticias respecto do uso do edificio do Reitorado, dende cultural e social ata sede da Deputación, confirmándose a renuncia do traslado da Alcaldía ao edificio Cambón sendo finalmente o destino o edificio do Reitorado.

O 19 de outubro de 2005 o Grupo Municipal Socialista solicitou á Alcaldesa a convocatoria da Xunta de Voceiros para acordar a constitución da Comisión que estudara os servizos municipais que poidan ser descentralizados. Non obtivemos resposta.

Na sesión do 29 de maio de 2006 formulouse un rogo solicitando novamente a creación da Comisión relativa á descentralización de servizos ante o inminente traslado da Alcaldía ao edificio do Reitorado.

Estes antecedentes demostran non só o incumprimento reiterado dun acordo plenario por parte da Alcaldesa, senón tamén a ausencia total de criterio e planificación respecto ao uso e destino dos edificios municipais.

Polo anterior propoñemos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

-----  
S.Ordinaria 29.09.06

A creación dunha Comisión integrada por representantes de todos os grupos políticos relativa á descentralización dos servizos administrativos municipais."

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Con carácter previo á xustificación da urxencia, dado todos coñecemos cal é o contido da moción e o seu obxecto que é a posta en marcha da comisión para a valoración de servizos administrativos descentralizados noutras dependencias, quería presentar unha última posibilidade de avinza neste asunto o que obviamente levaría aparellada que se retiraría esta moción por parte do Grupo municipal Socialista.

A proposta Sra. Alcaldesa é que se neste intre se produce unha convocatoria firme, con data, hora e día para que se reuna a comisión, este grupo retiraría a moción.

SR. FIGUEROA VILA: Parécenos moi ben que o Partido Socialista presente esta moción pero o que está claro é que no último Pleno se fixo referencia a que había unha comisión creada a tal efecto e non a hai. Vostedes presentaron unha moción de descentralización de servizos ó edificio Cambón dun xeito puntual e concreto. Hai dúas mocións e un recordatorio e o equipo de Goberno cumpríu coas mocións; por acordo plenario o edificio Cambón remitiuse ó Parque das Illas Atlánticas e con respecto ó Rectorado non se falou en absoluto en ningunha moción.

En calquera caso non temos ningún problema de convocar unha Xunta de Voceiros para falar do tema pero tamén lles anunciamos que o Goberno, dentro das competencias que ten, tomou unha decisión do traslado da Alcaldía ó Rectorado hai xa tempo. Polo tanto se vostedes non a pediron dun xeito concreto para ese tema, nós temos en primeiro lugar as competencias para o facer e en segundo lugar que politicamente tampouco recibimos ningunha orde plenaria para que se fixera.

En calquera caso o próximo xoves, logo da Xerencia de Urbanismo, marcamos xa a realización dunha Xunta de Voceiros para falar deste tema concreto.

A PRESIDENCIA: Se lles parece ben, na Xunta de Voceiros falamos deste tema.

SRA. GRAÑA BARCIA: Só precisar que este grupo non entrou no fondo da cuestión; presentou unha cuestión previa e sorprendentemente atopámonos con que o voceiro do Partido Popular si que entrou en valoracións indebidas. Prégolle presidenta que manteña a orde desta sesión.

SR. SOTO FERREIRO: Estou de acordo porque son valoracións que algúns non compartimos.

A PRESIDENCIA: Teremos a xuntanza logo da Xunta de Voceiros do xoves.

*Retírase a moción sen a someter a votación.*

B.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DUN REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSORCIO DO CASCO VELLO

ANTECEDENTES.- Con data 27 de setembro de 2006, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

"Segundo o anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 111, de data 12 de xuño de 2006, pola maioría dos seus membros, e seguindo a tramitación sinalada no artigo 143 da Lei de Administración Local de Galicia, aprobouse o seguinte acordo de modificación dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo:

"a) Dase nova redacción o artigo 14.2. que queda redactado do seguinte xeito:

2.- O Consello de Administración estará composto por representantes das entidades consorciadas, consonte á seguinte distribución:

- a) Catro representantes do Consorcio da Zona Franca de Vigo elixidos polo seu Comité Executivo.
- b) Catro representantes do Instituto Galego de Vivenda e Solo designados polo seu presidente.
- c) Catro representantes do Concello de Vigo elixidos polo Pleno.

b) Dase nova redacción o parágrafo segundo do artigo 33 que queda redactado do seguinte xeito:

2.- O réxime orzamentario do Consorcio do Casco Vello de Vigo axustarase o disposto na normativa reguladora das facendas das entidades locais."

Sendo na actualidade soamente tres os representantes do Concello de Vigo nomeados como membros do Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo e en previsión da próxima realización dunha sesión do mesmo, propónse á Corporación a adopción do acordo de elixir como cuarto representante do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo a D. Manuel Soto Ferreiro."

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Iglesias Carrera e Toba Girón e as Sras. Polo Lima e Porteiro García).

SR. FIGUEROA VILA: É un acordo que tivemos hai meses de modificar os estatutos do Consorcio. Consiste en incluír ó Sr. Soto Ferreiro que non estivo ata o de agora no Consorcio porque non tiña cabida no número de representantes dos estatutos. Cumpríronse todos os trámites administrativos e o Sr. Soto incorpórase.

A PRESIDENCIA: Vótase tendo en conta que o seu suplente será don Xulio Alonso, como é natural.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear como cuarto representante do Concello no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo ó seguinte concelleiro:

- Titular: Don Manoel Soto Ferreiro
- Suplente: Don Xulio Alonso Vázquez

11.- (179).-ROGOS E PREGUNTAS.

\* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SRA. MARTINS VILANOVA, INSTANDO SE CUMPRA ACORDO PLENARIO RELATIVO A XESTIÓN DE COMEDORES ESCOLARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de setembro de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula o seguinte rogo:

"Nos últimos días, e coincidindo co principio do curso, tivemos ocasión de ver nos medios de comunicación diferentes novas a respecto dos comedores escolares, nas que se situaba a Vigo como a primeira cidade galega por contar con este servizo tan fundamental e básico en todos os centros escolares. Deste xeito a nosa cidade apareceu como exemplo a seguir por mor da decisión, tomada polo BNG no seu día, de impulsar e levar a práctica os comedores escolares en todos os centros.

O feito de que esta problemática se abordara e resolvera dende o concello, debeuse á demanda da comunidade escolar así como ao desinterese por parte da Consellería de Educación do PP por un tema que era da súa competencia e que nunca trataron de resolver, moi ao contrario, levouse dende a Consellería a política de pechar e desmantelar comedores existentes. Por este motivo, a xestión dos mesmos tivo que ser asumida polas ANPAS ás que non podemos menos que lle reconocer o esforzo e dedicación realizado dende ese momento, pero nós compartimos absolutamente as queixas que estas ANPAS expresan estes días, xa que sempre entendimos o funcionamento dos comedores coa xestión por parte das ANPAS como un primeiro paso necesario para poñer en evidencia, entre outras cousas, a grande demanda existente, que tiña que ser continuado con outro para acadar que a Administración a asumira.

Consecuentemente con isto, en maio de 2005, presentei, en nome do meu grupo, unha moción na que se aprobou por unanimidade o seguinte acordo:

"Iniciar un proceso negociador entre a Consellería de Educación e o Concello, dirixido a conseguir de cara ao próximo curso escolar, que a Consellería de Educación, a través da dirección dos centros educativos, se faga cargo da xestión dos comedores escolares."

En vista da falla de resultados e de noticias sobor de algún proceso negociador neste sentido, despois de case ano e medio é polo que:

Rogo ao Goberno Municipal, unha vez máis, que cumpra o acordo plenario e que lle dedique á negociación da xestión dos comedores escolares por parte da Administración, a atención, o interese e o esforzo que esta cuestión merece."

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Coincidindo co principio de curso puidemos observar nos medios de comunicación novas sobre o tema dos comedores escolares e de cómo a nosa cidade aparecía como exemplo a seguir por mor dunha decisión que no se día tomouse polo BNG de impulsar e levar á práctica os comedores escolares en todos os centros educativos.

Como xa expuxen noutra ocasión, o feito de que esta problemática se abordara dende o Concello cando é unha competencia da Consellería de Educación, debeuse a dous motivos. Por unha banda a grande demanda que había de que existiran comedores escolares nos centros e por outra banda o feito de que a Consellería de Educación do PP non se preocupaba por este tema, máis ben levaba a política contraria e disto temos exemplos de cómo se desmantelaron comedores escolares en centros nos que anteriormente existían e se pechaban comedores existentes.

Esta cuestión de desentendemento da Consellería de Educación provocou que para que se puideran poñer en marcha os comedores, tivera que se buscar un modelo de xestión asumido polas ANPAS. Dende aquí queremos recoñecer unha vez máis o esforzo e adicación neste tema das ANPAS, pero dende un primeiro momento e dende logo pola nosa parte iso sempre se considerou como un primeiro paso necesario para os poñer en marcha pero que tiña que ser continuado con outros pasos diferentes para acadar que a administración educativa asumira esta xestión.

Por estes motivos en maio de 2005 presentei no nome do meu grupo unha moción neste sentido que se aprobou por unanimidade. O acordo dicía exactamente: "Iniciar un proceseo negociador entre a Consellería de Educación e o Concello, dirixido a conseguir de cara ó próximo curso escolar, que a Consellería de Educación, a través da dirección dos centros educativos, se faga cargo da xestión dos comedores escolares".

Como xa pasou máis dun ano e non tivemos novas, dado ademais que se da a circunstancia que a Consellería de Educación cambiou de mans e que nos consta que agora non existe ese desinterese, de feito hai noticias que o proban como son as axudas que se convocaron para subvencionar parte dos comedores escolares, tendo en conta que a xestión por parte das direccións dos centros non é custosa, senón que é bastante máis barata que por exemplo as axudas que se convocaron, parécenos que só se pode deber á falla de negociación que sabemos que non se produciu porque o único que se nos enviou a nós foi a comunicación de que se lle enviara a acta do Pleno á Consellería e iso non é negociar.

É por iso que neste momento presento este rogo para que o Goberno municipal, unha vez máis, cumpra os acordos plenarios e que lle dedique á negociación da xestión dos comedores escolares por parte da administración, a atención, o interese e o esforzo que esta cuestión merece.

Se necesitan argumentos eu préstome para lles fornecer dos necesarios.

\* ROGO DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO Á UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de setembro de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, formula o seguinte rogo:

"No Pleno Ordinario de data 29 de xuño presentei un rogo a este Goberno sobor da utilización dos espazos públicos que dicía o seguinte:

"A utilización dos espazos públicos pola cidadanía define o tipo de cidade na que se vive, as cidades vivas e con espírito de convivencia utilizan ao máximo todos os seus espazos de encontro. Na nosa cidade non son moitos, pero os que existen deben ser rendabilizados socialmente por toda a poboación".

O rogo facía referencia a inexistencia dunha normativa neste Concello que defina a utilización destes espazos e que cremos que non debería ser de ningún modo arbitraria, ademais de recoller as inquedanzas de todos os grupos municipais que de seguro que temos algo que aportar.

O día 27 de xullo recibín da Alcaldesa a seguinte resposta: "A Concellería de tráfico e mobilidade está a traballar nunha normativa"; estamos a 29 de setembro e non temos noticias dos traballos feitos...

Por todo o anterior, rogo:

Que o Goberno informe aos Grupos Municipais dos traballos realizados ata o momento na elaboración desta normativa pola Concellería de Tráfico e Mobilidade."

SRA. SÍO LOURIDO: O meu rogo está en relación con outro que presentei no Pleno do mes de xuño que ten que ver coa utilización dos espazos públicos da cidade.

O rogo dicía que a utilización dos espazos públicos é importante e manifesta o espírito de convivencia que utilizan os seus cidadáns e cidadás xa que os espazos da cidade son espazos de encontro. Na nosa cidade non son moitos pero os que temos nestes momentos deben ser rendabilizados ó máximo. O rogo tamén facía referencia á elaboración dunha normativa por parte do Concello que non fose de ningún xeito arbitraria e que contase coas aportacións dos diferentes grupos municipais que criamos que tiñan algo que aportar no tema da utilización destes espazos.

O pasado día 27 de xullo recibín da Alcaldesa a seguinte resposta: "A Concellería de Tráfico e Mobilidade está a traballar nunha normativa". Estamos a 29 de setembro e non temos noticias dos traballos feitos.

Pido que se nos informe ós grupos municipais e reitero o que dicía no anterior rogo: pensamos que os grupos municipais temos algo que aportar na utilización dos espazos públicos desta cidade. Como espazos públicos refírome a prazas, rúas, parques, tempo de ocio e outros aspectos culturais que tamén son importantes e por suposto á normativa da seguridade e demais aspectos que poidan ter que ver con estes espazos.

O rogo di que se informe ós grupos municipais dos traballos feitos ata o de agora e se se pode que se teñan en conta as aportacións que podemos facer.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Sío, só para lle agradecer de parte do Partido Galeguista a súa intervención nun galego cada día mellor e que xa ten un moi bo nivel. Fixo vostede un cambio positivísimo nesta Corporación e queremoslle agradecer con toda a vehemencia e co todo agrado para que conste en acta.

\* ROGO DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, PARA INSTALACIÓN DE APARCADOIROS DE BICICLETAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de setembro de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, formula o seguinte rogo:

"Hai máis dun ano presentouse unha moción no Pleno sobre a creación dun carril-bici pola beira do mar e a constitución dunha Comisión da Bicicleta, ademais doutras cuestións.

A citada Comisión convocábase informalmente con representantes de todos os grupos municipais para diversas actuacións que nunca tiveron lugar.

No último mes veño de informar a todos os grupos municipais e de pedir ó concelleiro do PP que forma parte da citada comisión, e que é membro de Goberno, que faga unha convocatoria oficial polo seguinte:

- O Concello de Vigo pode dispoñer, se o solicita, de antigos fondos do Ministerio de Industria, agora fondos do IDAE (Instituto de Diversificación y Ahorro Energético), que son xestionados en Galicia a traveso do INEGA (Instituto Enerxético de Galicia), para dúas cuestións; unha solicitar os 140.000 euros que están previstos para Vigo para crear un sistema de aluguer de bicicletas e outra pedir fondos (entre 50.000 e 300.000 euros) para facer un Plan de Mobilidade Urbana Sostible ou Estudos de Viabilidade relacionados co Plan.

Estes datos están a súa disposición na Axencia da Enerxía que está no Concello, ademais e para a súa información outros concellos como A Coruña e Pontevedra xa veñen de pedir estes fondos.

Por todo o anterior, rogo:

Que o Goberno se poña ao día e se tome en serio estes temas e que sexa convocada oficialmente a Comisión da Bicicleta para unha posta en común de todos os Grupos Municipais que seguro que estamos de acordo en pedir os fondos que corresponden á nosa cidade e en non deixar pasar esta oportunidade como tantas outras."

-----  
S.Ordinaria 29.09.06



SRA. SÍO LOURIDO: Este rogo ten que ver cos traballos que facemos habitualmente na Comisión da Bicicleta e como falei co Comité de Persoal e con persoas que se transportan habitualmente en bicicleta neste Concello, fago o presente rogo.

Non se fixo o carril bici que ten que ver coa Volvo Ocean Race, tampouco se cumpriu unha moción presentada polo Grupo representa o Sr. Soto e que ten que ver con que nos novos vieiros se planificase un carril bici.

A base de ser pesados conseguimos que se constituise formalmente a Comisión da Bicicleta que ata hai pouco tempo traballaba pero informalmente, tamén conseguimos que se pedise unha subvención do INEGA que seguramente se vai acadar e ten que ver co aluguer de bicicletas. Non sei se se traballou para pedir un estudo de mobilidade que sería importante para esta cidade.

Tamén se anunciou un carril pola marxe do Lagares no que xa viñamos traballando en anos anteriores coa comisión informal que tiñamos presidida por don José Manuel Iglesias, pero hai algo moi sinxelo como é poñer un aparcadoiro na Praza do Rei do Concello que aínda non se fixo.

Esta petición fágoa eu pero tamén o pide o Comité de Persoal e parécenos importante que se faga o máis rapidamente posible. Facémolo aquí porque é unha cousa sinxela e non sabemos cando se vai convocar a próxima comisión da Bicicleta.

\* PREGUNTA DA SRA. GARRIDO GONZÁLEZ, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE CONSTRUCCIÓN DE ESCOLA INFANTIL NO PARQUE TECNOLÓXICO.

SRA. GARRIDO GONZÁLEZ: No Pleno de xullo pasado aprobouse por unanimidade a moción presentada por este Grupo municipal para a construción dunha escola infantil no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares. Dito acordo consiste en requirir á Alcaldesa para que inicie os trámites necesarios. Queremos saber qué xestións realizou a Alcaldesa en relación a este asunto.

A PRESIDENCIA: Seralle respostada.

\* PREGUNTA DA SRA. GRAÑA BARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA Á INFORMACIÓN ÓS GRUPOS POLÍTICOS DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

SRA. GRAÑA BARCIA: Aproximadamente hai dous anos aprobouse unha moción por unanimidade onde se solicitaba información para o resto dos Grupos Municipais sobre as resolucións que dictaba a Alcaldía. Efectivamente cumpriuse inicialmente a solicitude proposta nesa moción e comezouse a facilitarnos esa información de xeito periódico e puntual.

Sen embargo detectamos que dende os últimos meses deixouse de facilitar esa información e gustaríanos saber cal é a razón que motivou ese cambio de decisión.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle por escrito pero non hai ningunha.

\* PREGUNTA DO SR. VIEITEZ ALONSO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE PARCELA NA RÚA CANTABRIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de setembro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte pregunta:

“Tendo coñecemento de que recentemente o servizo de Patrimonio do Concello de Vigo emitíu unha certificación na que no seu contido indicaba que o parque da rúa Cantabria non está inventariado como propiedade municipal, cando existe un convencemento unánime de que si o debera estar, solicito:

- Se nos indique se esa Alcaldía-Presidencia é coñecedora desta certificación e se é certo o seu contido.
- De ser certo, se coñecen cal é a razón de por qué dito parque non está recollido no inventario de bens públicos do Concello.
- Cáles foron e son, en todo caso, os pasos dados por esa Alcaldía-Presidencia para normalizar a situación desa propiedade municipal.

\* PREGUNTA DO SR. VIEITEZ ALONSO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A SOLICITUDE DE INFORMACIÓN DE GASTOS DE PUBLICIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de setembro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula a seguinte pregunta:

“Vimos solicitando dende a realización da comisión informativa do mes de marzo que se nos pase a relación dos gastos de publicidade de todas as concellerías. Inicialmente se nos pasou unha relación incompleta que non respostaba á solicitude feita e na comisión informativa do mes de xuño solicitamos os apuntes contables de todo o ano en curso e de todas as concellerías relacionadas con ditos gastos.

Solicito:

- Se nos indique se esa Alcaldía-Presidencia é coñecedora desta solicitude.
- De ser certo, se coñece cal é a razón de tanta demora.
- Queremos saber se é certo que está nas mans do concelleiro de Facenda dende hai aproximadamente un mes.
- De ser certo, cal é a razón de que dita documentación non se nos teña entregado e por qué estivo ata o de agora nas mans do concelleiro de Facenda?
- Vi seguir ocultando a información solicitada como ten sido neste caso?"

A PRESIDENCIA: Cumprirase.

\* PREGUNTAS DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE DIVERSOS ASPECTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de setembro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula as seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo Municipal do BNG o concelleiro, Amador Fernández Fernández, ten asumido como propios, os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e por isto anúnciolle que en cada Pleno Ordinario fareille cando menos o recordatorio de seis, e moito me temo de non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para lle lembrar a súa ineficacia para cumprir os acordos plenarios. Por isto formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para, a ser posible, sexan respostadas no próximo Pleno Ordinario do mes de setembro do ano que andamos.

1ª.- Que medidas tomou, ou cando as pensa tomar, para o cumprimento da moción aprobada en Pleno para dar sinal de TVDT os veciños de Vigo.

2ª.- Ten vostede intención de mellorar a seguridade vial da rúa Pizarro evitando o perigo dos contedores de lixo que invaden a única calzada da rúa no sentido de Choróns praza de España?

3ª.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarruas da rúa Dr. Carlos Colmeiro así como do seu afundimento.

4ª.- Vostede coñece que no Concello existe a cesión de terreos, da parte baixa do Río Barxa (treito Serxa/Portoloureiro) o que permite xa continuar co ensanche do seu canle evitando as inundacións que posiblemente se aveciñan?

5ª.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos de inicio das obras solicitadas da Ponte Nova ata Freixeiro.

6ª.- Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación do lastro da rúa Cristo, no centro do Calvario?"

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Sigo coa relación de seis preguntas cada Pleno. Coido que poden ser positivas para os cidadáns e espero a súa resposta por escrito.

\* PREGUNTA DO SR. ALONSO VÁZQUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, RELATIVA Á RETIRADA DE MONUMENTO ÓS DESAPARECIDOS NO MAR INSTALADO NA ENTRADA DO BERBÉS.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Hai uns meses inaugurouse o monumento ós desaparecidos na mar e fíxose unha pequena remodelación na entrada do Berbés, púxose alí un mexilón o que non deixa de ser unha homenaxe ás xentes da mar e esta semana levantaron todo.

O que me preguntan os meixiloeiros e a xente da mar é por qué motivo o Concello ou quen sexa, que non sabemos quen foi, levantou todo o que alí estaba posto.

A pregunta é por qué se levantou iso e agora se puxo pedra.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Mª Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

